

Número 7 - Ano 2025

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de xuño de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementsos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, que xustifica a súa ausencia.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac1127232653729374751.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2025

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 24 de xuño de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/86 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE MAIO DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

BENESTAR SOCIAL

2/87 ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

CULTURA

3/88 MANTEMENTO DA ADHESIÓN Á SECCIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) DE ENTIDADES LOCAIS CON AUGAS MINERAIS E TERMAIS.

INTERVENCIÓN

4/89 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL NÚMERO 8-2025. REPAROS NÚMEROS 39-2025, 43-2025 E 46-2025.

5/90 SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2025

6/91 MODIFICACIÓN BASE EXECUCIÓN ORZAMENTO: MODIFICACIÓN CONTIDO BASE 24.E). SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DE BENESTAR SOCIAL.

7/92 MODIFICACIÓN BASE EXECUCIÓN ORZAMENTO: MODIFICACIÓN CONTIDO BASE 24.E). SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.

8/93 MODIFICACIÓN BASE EXECUCIÓN ORZAMENTO: MODIFICACIÓN CONTIDO BASE 24.E). SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DE DEPORTES.

PROPOSICIÓNS

9/94 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 165/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A SOLICITUDE DE RESIDENTES E

XERIATRAS NA ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS (Exp. 2025/G004/000287).

10/95 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 191/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO E EN REPULSA DA CORRUPCIÓN QUE AFECTA Á CONTORNA DO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA (Exp. 2025/G004/000355).

11/96 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 192/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE REVISIÓN E MANTEMENTO DOS PARQUES INFANTÍS (Exp. 2025/G004/000356).

12/97 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 193/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA SITUACIÓN DOS CENTROS SOCIAIS, SOCIOCULTURAIS E DE CONVIVENCIA DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2025/G004/000357).

13/98 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 194/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO EXECUTE O ACORDO PLENARIO UNÁNIME DO MES DE MARZO DE 2023 DE ESTUDAR AS DEMANDAS DOS VECIÑOS DO CASTIÑEIRO (Exp. 2025/G004/000358).

14/99 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 195/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DA XUNTA QUE PIDA DESCULPAS E DEA EXPLICACIÓNS POLO SEU COMPORTAMENTO ANTE A DENUNCIA POR AGRESIÓN SEXUAL CONTRA O CONSELLEIRO DO MAR (Exp. 2025/G004/000359).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

15/100 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 18 DE MAIO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000332).

16/101 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 5535/2025, DO 4 DE XUÑO DE 2025, RELATIVO Á ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ÁS COMISIÓNS DE PLENO (2025/G004/000322).

TESOURERÍA

17/102 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE MAIO DE 2025.

SERVIZOS XERAIS

18/103 DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 181/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á REPARACIÓN DA PISTA DA CHAIRA EN OMBREIRO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 196/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ACOMETAN ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO E SEGURIDADE VIARIA NO BARRIO DAS SAAMASAS .

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 197/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A ACTUALIZACIÓN URGENTE DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN E CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE O USO DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VPM).

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 198/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTUDEN E SE POÑAN EN MARCHA MEDIDAS ORGANIZATIVAS QUE PERMITAN MELLORAR O ACCESO VISUAL ÁS DISTINTAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS DURANTE O ARDE LUCUS.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 199/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN O PLAN DE PREVENCIÓN E CONTROL DE LEGIONELA (PPCL) DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 200/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN ÁS ACTIVIDADES E PROGRAMACIÓN DO COLIVING ARTÍSTICO MUNICIPAL NO BARRIO DO CARME.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 201/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN Á EXCLUSIÓN DOS

CENTROS DE ENSINO CONCERTADO NA PROGRAMACIÓN DOS CONCERTOS DIDÁCTICOS DA BANDA MUNICIPAL E NAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS O ALUMNADO DENTRO DO CERTAME LUGO MÁXICO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 202/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA E A MOBILIDADE NO NÚCLEO DE GALEGOS.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/86 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE MAIO DE 2025.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Secretaría, do 23 de xuño de 2025, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno o día 29 de maio de 2025 celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Da referida sesión levantouse a acta oportuna que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente da Corporación. Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos: APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de maio de 2025.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos grupos municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de maio de 2025 de 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

BENESTAR SOCIAL

2/87 ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA DE BENESTAR SOCIAL, do 13 de xuño de 2025, asinado pola Xefa do Servizo e pola tenenta de alcalde delegada da Área, do seguinte teor literal:

Antecedentes:

- Aprobación do proxecto de ordenanza municipal reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal na Xunta de Goberno Local do día 12 de febreiro de 2025.
- Aprobación inicial polo pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2025, da ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal do Concello de Lugo.
- Publicación no BOP núm 085, do día 12 de abril de 2025, do acordo plenario da aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social municipal (AESM) do Concello de Lugo, na que se somete a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de TRINTA DÍAS para a presentación de reclamacións e suxestións, e se indica que “*no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo darse conta ao Pleno desta circunstancia*”.

Visto,

- O informe de rexistro de data 05-06-2025 sobre a presentación de alegacións durante o período de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (dende o 13 de abril ata o 28 de maio, ámbolos dous días inclusive) á aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal do Concello de Lugo, que se achega ao expediente e manifesta:

EXPEDIENTE: 2025/G004/000264

Consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático de Entrada de documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, constan rexistradas as seguintes alegacións ao expediente de referencia.

NUMERO REXISTRO DATA PRESENTACIÓN INTERESADO

202599900012055 26/05/2025 09:15:47 GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR

- As únicas alegacións que figuran segundo o informe de rexistro son as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Popular con entrada no rexistro o día 26 de maio de 2025, do seguinte teor literal:

Alegaciones a la Ordenanza de Ayudas de Emergencia Social Municipal (AESM) de Lugo

1. Actualización y mejora de los límites económicos

- Solicitar que el umbral de acceso se actualice automáticamente con el IPREM cada año.
- Proponer el uso de **1,5 veces el IPREM** en lugar del 125% de la RISGA, como hacen ciudades similares (Pontevedra, Ourense, León).
- Pedir la **revisión al alza** de los topes de ingresos y de los importes máximos de las ayudas, adaptándolos al coste de vida actual.

2. Inclusión de gastos esenciales

- Incluir como subvencionables el **pago de agua** y el **internet básico educativo** en familias con menores.

3. Procedimiento de urgencia real

- Crear un **procedimiento abreviado** de resolución en 5 días hábiles para situaciones críticas (desahucios, violencia, falta de alimentos).

4. Reducción de la burocracia para casos vulnerables

- Permitir la concesión provisional de ayudas basadas en **informe social**, regularizando la documentación posteriormente.

5. Priorización de colectivos vulnerables

- Establecer como **prioridad** a la hora de conceder ayudas a:
 - o Víctimas de violencia de género.
 - o Personas sin hogar.
 - o Personas mayores en situación de soledad o dependencia leve.

6. Mejora de las notificaciones

- Refuerzo del deber de **notificación expresa** a las personas solicitantes.

Cómpre informar,

- As alegacións do Grupo Municipal Popular á Ordenanza das Axudas de emerxencia social municipal (AESM) , presentadas por rexistro telemático o día 26.05.2025 atópanse dentro do prazo legalmente establecido para a presentación de reclamacións e suxestións.
- En canto a alegación presentada de “ **actualización e mellora dos límites económicos**”, refírese :

- Tal e como establece, o artigo 3.2 da Ordenanza aprobada inicialmente polo pleno, a escasez de ingresos ven determinada pola renda familiar “ *que non sexa superior ao 125% do subsidio básico máis o complemento familiar da renda de integración social de Galicia, en adiante RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar de cada exercicio económico*”. Posto que a RISGA se actualiza automaticamente en función do IPREM, os límites para o acceso as AESM tamén se actualizarán automaticamente en función do dito indicador.
- O límite do 125% do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que correspondería á unidade de convivencia é igual ó que utiliza a Consellería de Política Social para a regulación das axudas de inclusión social, reguladas no decreto 14/2019, do 31 de xanerio, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, polo que o dito límite se enmarca e concorda co establecido pola normativa autonómica de referencia.
- Do mesmo xeito, en canto a petición da revisión a alza dos importes máximos das axudas, infórmase que na nova ordenanza xa foron revisados á alza os ditos importes, respecto ao Decreto núm 12004176 que regula na actualidade o programa municipal de emerxencia social.
- En canto a alegación presentada de “ **inclusión de gastos esenciais**”, **en canto a incluír como subvencionable o pagamento do recibo da auga**, debe dicirse que se trata dun tributo municipal, e como tal, soamente son admisibles neste as exencións e bonificacións previstas na normativa e que as que se recollan nas ordenanzas fiscais en desenvolvemento desta. No caso da auga xa figura na Ordenanza nº 109 unha bonificación do 100% da cota para os beneficiarios da RISGA. Incluír unha axuda para esta fin sería unha bonificación encuberta que chocaría coa normativa fiscal. Débese engadir que no caso de impagos desta figura tributaria pode solicitar o aboamento a través das axudas de inclusión social (AIS) da Xunta, que tal como se recolle no artigo 68.1 a) do decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, respecto a tipoloxía e características específicas das axudas, as axudas de inclusión social poden vincularse ao uso da vivenda, incluíndo “ *os gastos de comunidade, auga, luz e outros gastos necesarios para poder continuar habitando a vivenda, cando a concesión da axuda impida o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas.*”
- Por outra banda, no servizo de augas do Concello de Lugo, existen instrucións para o servizo de non cortar esta subministración de xeito inmediato, sen a comprobación previa da situación e antes de proceder ao corte do subministro, concede un trámite de audiencia previo para que, se-

gundo se establece no artigo 82 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, poida efectuar o pagamento de toda a débeda ou solicitar o fraccionamento, indicando que si a persoa estima que pola súa situación social, económica, laboral e/ou familiar, carece dos medios económicos necesarios para facer fronte a antedita débeda, poderá dirixirse aos servizos sociais municipais aos efectos de valorar a súa situación e o posible acceso ás axudas ás que podería ter dereito.

- En canto ao **pagamento do internet básico educativo**, cómpre subliñar que a Consellería de Política Social e Igualdade puxo en marcha en novembro do ano 2022 o Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables que se convoca periodicamente, ao que poden acceder a estes as familias con menores en situación de vulnerabilidade.
- Respecto ao “**procedemento de urxencia real**”, coa creación dun “**procedemento abreviado de resolución en 5 días hábiles**”, infórmase que na ordenanza se contempla un prazo máximo de resolución das solicitudes de dous meses pero nos casos de urxencia a axuda podería tramitarse no mesmo día da súa solicitude.
- En canto a “**redución da burocracia para casos vulnerables**”, permitindo a “**concesión provisional das axudas basadas no informe social**” infórmase que o *informe social* é unha ferramenta profesional do traballo social que para a súa emisión exige dunha valoración previa cunha proposta de concesión ou denegación fundamentada, para a cal se necesita da acreditación documental do cumprimento dos requisitos e criterios de acceso regulados na ordenanza. Por outra banda, ao tratarse dun procedemento de anticipo de caixa fixa a súa tramitación está suxeita á normativa do procedemento administrativo común.
- En canto á “**priorización de colectivos vulnerables**”, ás axudas económicas enmarcadas no Programa de emerxencia social municipal están destinadas, tal e como recolle o artigo 1.5 da ordenanza aprobada inicialmente a apoiar a todas “*aquelas persoas e/ou unidades perceptoras afectadas por un estado de necesidade sobrevido*”, dando cobertura e incluíndo deste xeito a todas as persoas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade. Do mesmo xeito, a valoración social contempla intrinsecamente os criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, contemplados no artigo 3 do decreto 14/2019, do 31 de xaneiro de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- A alegación de “**mellora das notificacións**”, que indica “**reforzo do deber de notificación expresa á persoas solicitantes**”, a ordenanza aproba-

da inicialmente recolle no artigo 12.h) que “ *as resolucións, estimatorias ou desestimatorias, adoptadas notificaránselle ás persoas interesadas conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*”.

Por todo o exposto con anterioridade, propónse ao Exmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Partido Popular con data de entrada en rexistro o día 26/05/2025, con bases nos argumentos descritos con anterioridade.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal do Concello de Lugo, que é do teor seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 39, establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Por outra banda, os artigos 41, 139.1 e 149.1.1 recollen a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de todas as persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan ou impiden a participación plena de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución española establece que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e sociofamiliares”; atribuíndolle a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20, ás comunidades autónomas

O artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia dispón que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia,

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia ten por obxecto definido no seu artigo 1 o de “estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar”, garantindo “como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades...”

No artigo 2.1 define os servizos sociais como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega...”.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais fixados no artigo 3, atópase o de “facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social”.

Os servizos sociais comunitarios regulados nos artigos 9,10 e 11 da Lei 13/2008 “de carácter predominantemente local, circunscríbense a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais”. Desenvólvense nos centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares, e entre as súas funcións atópase a atención ás situacións individuais, que implican a información, diagnóstico e valoración coa conseguinte intervención no caso e aplicación do recurso idóneo.

O capítulo II da Lei 13/2008 comprende o catálogo de servizos sociais, así no seu artigo 18 manifesta que este catálogo estará integrado por un conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións entre os que se atopan no punto c) as “prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familias e a estimular a súa incorporación social e laboral”.

Do mesmo xeito, o artigo 21.2.b) de prestacións económicas manifesta que teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais “As axudas de emerxencia e necesidade social”.

Tamén, cómpre facer referencia ao artigo 60.a) da Lei 13/2008 que lles atribúe aos concellos as competencias na “creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación sociolaboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado das e dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 9. que os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións por medio dos programas e servizos seguintes:

(...)

d) Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. (...)

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, atribúelles aos concellos desta comunidade autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

O art. 25.1 e 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) establece que o municipio, “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”, exercendo, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior aos 20.000 habitantes, como é o caso do Concello de Lugo.

As competencias atribuídas ao Concello de Lugo para intervir neste ámbito derivan, polo tanto, da lexislación estatal, autonómica e de réxime local, con especial mención á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O Programa municipal de emerxencia social configúrase como un programa básico dos servizos sociais comunitarios que xorde no Concello de Lugo no ano 1989 coa finalidade de tratar de solucionar ou paliar as situacións de emerxencia social de persoas e/ou unidades familiares veciñais do municipio, afectadas por circunstancias valoradas pola traballadora social como de “emerxencia social”, toda vez que estas situacións supoñen a existencia de carencias graves en aspectos básicos da vida cotiá que requiren ser afrontadas, polo menos inicialmente, dende a achega económica directa á persoa solicitante da axuda.

O programa foi concibido como un conxunto de axudas económicas de carácter puntual, finalista e extraordinario que foron reguladas no Decreto núm. 12004176, do 21 de maio de 2012, e posteriormente, o 5 de setembro de 2016, ditouse o Decreto núm. 16006566 polo que se procede a modificar parcialmente o antedito programa, no referente á tipoloxía das axudas, así como ás persoas beneficiarias.

Na actualidade, o programa exige unha revisión para adaptalo á realidade social presente, e faise necesaria a aprobación dunha ordenanza, que conteña a regulación das axudas económicas que se lles conceden ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade das axudas de emerxencia social municipal

1. O obxecto é establecer o réxime xurídico aplicable ás axudas económicas enmarcadas no Programa de emerxencia social municipal e configuralas como axudas económicas finalistas, de carácter extraordinario, urgente e non periódico, concedidas a persoas ou unidades familiares ou de convivencia ás que sobreveñan situacións de urgente necesidade e non contén con recursos económicos propios suficientes para poder afrontalas.
2. As axudas do programa de emerxencia social municipal, en adiante ESM, estarán destinadas a sufragar os gastos específicos que se recollen nesta ordenanza, coa finalidade de solucionar, paliar ou complementar situacións carenciais graves, imprevistas e/ou excepcionais, que requiren pola súa natureza unha atención prioritaria na obtención de recursos económicos por parte das persoas e/ou unidades familiares/convivenciais.
3. Estas axudas de ESM **terán carácter finalista e excepcional**, tendentes a evitar que a situación se faga crónica, e o seu carácter será **subsidiario** en relación con outras axudas públicas que para os mesmos fins lle poida corresponder á persoa beneficiaria, e en ningún caso poderán ir destinadas a aboar débedas contraídas coa Administración.
4. As axudas forman parte dun proceso de intervención social que require do diagnóstico e valoración da necesidade, e en ningún caso constituirán un complemento ordinario de ingresos.
5. A finalidade das axudas de ESM será apoiar economicamente, de xeito excepcional e puntual, a aquelas persoas e/ou unidades perceptoras afectadas por un estado de necesidade sobrevido co fin de paliar, evitar e/ou previr situacións de marxinación ou exclusión social, favorecendo a inclusión, e dando unha resposta rápida ás situacións de emerxencia social en tanto non se xestionen outros recursos e/ou prestacións de carácter periódico e estable.

Artigo 2. Réxime de concesión das axudas de ESM

1. As axudas económicas de emerxencia municipal teñen carácter de dereito subxectivo, procedendo a súa concesión coa finalidade de posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urgentes en situacións de grave emerxencia que poidan conducir a un proceso de exclusión social.

2. Polo seu carácter de prestación social de carácter asistencial, as axudas de emerxencia social municipal non teñen natureza de subvencións, segundo o artigo 29 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica o artigo 2.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Conceptos básicos no réxime de concesión das axudas de ESM

1. Unidade familiar ou de convivencia:

Fórmana a persoa ou persoas que habitan nun mesmo inmovble, e se atopan vinculadas por unha relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga, así como as persoas menores de idade en situación de acollemento familiar e os/as fillos/as que vivan temporalmente fóra do domicilio familiar cursando estudos e continúen empadroados/as no domicilio familiar.

2. Escaseza de ingresos:

Que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da renda de integración social de Galicia, en adiante, RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar de cada exercicio económico (anexo 1: táboa económica, exercicio 2024).

3. Ingresos da unidade familiar ou de convivencia:

Teñen a consideración de ingresos da unidade perceptora os procedentes de salarios, rendementos de traballo por conta propia, pensións, prestacións, rendas básicas, así como cantos outros perciban todos os membros da unidade familiar ou de convivencia por calquera concepto.

CAPÍTULO II. Das persoa beneficiarias

Artigo 4. Persoas beneficiarias das AESM e requisitos de acceso

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas e unidades familiares ou de convivencia que residan no municipio de Lugo.

Nunha unidade familiar ou de convivencia, só un dos seus membros poderá ter a condición de persoa beneficiaria aínda que se outorguen a favor de toda a unidade. Serán requisitos necesarios para a concesión destas axudas os seguintes:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.

- Estar empadroadado/a e residir no municipio de Lugo cunha antigüidade mínima de 6 meses. Exceptúase do requisito de antigüidade no padrón municipal, as persoas que, tras o informe social motivado da traballadora social de referencia que acredite a dita excepcionalidade, se atopen en situación de emerxencia social que faga necesaria esta axuda e cumpran co resto dos requisitos.
- Acreditar documentalmente a emerxencia dos feitos alegados, a necesidade urxente de recursos e a carencia de medios económicos propios para facer fronte ao gasto.
- Non dispoñer a unidade familiar de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia: que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar) de cada exercicio económico (anexo 1: límites ingresos AESM, exercicio 2024).
- Non dispoñer a unidade de convivencia de cantidades líquidas superiores a dúas mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- Consideraranse renda familiar os ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, depósitos bancarios, contas correntes e de aforro ou por calquera outro concepto.
- Que ningunha das persoas que integran a unidade perceptora dispoña de bens inmoables distintos á vivenda habitual e que indiquen a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que solicita a axuda, salvo causas xustificadas e debidamente acreditadas no informe social correspondente.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa e compromiso da persoa solicitante das condicións establecidas no proxecto de intervención social, plan de traballo e seguimentos establecidos para o efecto dende os servizos sociais comunitarios (anexo 2: proxecto de intervención ESM).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, IMV, bolsas escolares, etc.).
- Ter xustificadas en tempo e forma as axudas concedidas con anterioridade ao abeiro deste programa e que correspondan ao ano anterior da nova solicitude e non estar incurso nas causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas reguladas no art. 14 desta ordenanza.
- Non percibir outras axudas polo mesmo concepto doutras administracións públicas. No caso de persoas e/ou unidades perceptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

CAPÍTULO III. Tipoloxía e características das axudas

Artigo 5. Axudas de emerxencia social municipal (ESM) para vivenda:

- Gastos do alugueiro da vivenda.
- Gastos de subministracións básicos da vivenda: electricidade, gas, gasóleo de calefacción, bombonas de butano etc. Quedan excluídos os gastos da subministración da auga.
- Gastos derivados do mantemento da habitabilidade da vivenda.
- Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións e pisos compartidos que contén con contrato de alugueiro por habitacións.
- Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade- somier e colchón-) e enxoval básico.

As axudas económicas incluídas neste parágrafo concederanse cando o non pagamento do gasto supoña a posible perda do uso da vivenda ou das súas condicións de habitabilidade.

As axudas para o pago de alugueiro da vivenda son incompatibles coas axudas do Programa municipal de alugueiro de vivenda (EVISLUSA).

Non se concederán axudas de emerxencia social para sufragar os gastos de alugueiro de vivendas de protección oficial de titularidade pública, e ás persoas beneficiarias dos programas de axudas para o alugueiro doutras administracións públicas.

Poderanse conceder estas axudas a persoas perceptoras do complemento de alugueiro da RISGA e do complemento de alugueiro da PNC, procedendo a descontar o importe dos ditos complementos da contía da axuda por percibir. No caso do complemento da PNC, procederase ao rateo mensual do complemento. Nestes supostos, a concesión da axuda vai dirixida a evitar a posible perda do uso da vivenda, o cal deberá quedar reflectido no expediente.

Artigo 6. Axudas de ESM para cobertura de necesidades básicas

1. Gastos de **alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos**: inclúe a adquisición de alimentos e produtos específicos de alimentación infantil de venda en establecementos de alimentación. Os produtos básicos incluídos e excluídos detállanse no anexo 3: Produtos básicos da “cesta da compra” de ESM.

2. Gastos de **vestiario** básico (roupa e calzado).

3. Gastos **farmacéuticos**: inclúe a adquisición de medicamentos prescritos polo servizo público de saúde (na parte non financiada), leites maternizados, outros

produtos farmacéuticos e, se é o caso, de parafarmacia con receita médica do servizo público de saúde.

4. Gastos **sanitarios**: inclúe axudas para a adquisición e reparación de lentes graduadas ou lentes de contacto, de ser o caso, audífonos, gastos odontolóxicos, material de ortopedia etc., así como outros gastos de tratamentos con prescrición do servizo público de saúde. Para a adquisición destes produtos, será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes de produtos iguais ou semellantes, do que se escollerá o de menor contía.

No caso de persoas e/ou unidades perceptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

Artigo 7. Axudas de ESM educativas

1. Gastos **escolares e de formación**: inclúe a adquisición de material escolar naqueles casos nos que non sexa posible o acceso a bolsas e/ou axudas para adquisición de material escolar, asistencia a actividades extraescolares e/ou campamentos de verán, cando a asistencia a eles forme parte dun proxecto de intervención familiar.

2. Gastos derivados de **actividades socioculturais e deportivas**: excepcionalmente, poderán incluírse gastos de actividades socioculturais e deportivas que se consideren necesarias para acadar a integración social, e que formen parte do proxecto de intervención social dos servizos sociais municipais de atención a menores en risco de desprotección e cando non poidan incluírse nas convocatorias de actividades socioculturais e deportivas públicas correspondentes.

3. Gastos de **comedores escolares**, sempre que formen parte do proxecto de intervención social familiar dos servizos sociais municipais.

En todos os casos, nas axudas de emerxencia educativas deberá quedar acreditado que non se poden acoller ás axudas que convoquen os organismos competentes en materia de educación polo mesmo concepto.

Artigo 8. Axudas de ESM para transporte e outras

1. Gastos de **desprazamento**: excepcionalmente, poderán cubrirse gastos de traslados e viaxes, debidamente xustificados no informe social, e sempre que constitúa unha acción necesaria (asistencia a trámites xudiciais, fins de inserción laboral etc.), e se enmarquen nun proxecto de intervención social dos servizos sociais comunitarios municipais.

2. Gastos derivados de causas de **forza maior, catástrofes accidentes** etc.: as axudas económicas deste punto diríxense a facer fronte a situacións imprevistas que xeren un gasto extraordinario que a persoa afectada non pode afrontar.

Artigo 9. Conceptos non susceptibles de AESM

En ningún caso se considerarán susceptibles da axuda de emerxencia social municipal nos termos previstos nesta ordenanza:

- O pagamento de impostos, débedas e obrigacións coa administración.
- Os créditos persoais e débedas hipotecarias.
- Os gastos de subministracións non básicos (teléfono, internet, etc.).
- A subministración de auga.
- As multas e sancións.
- O pago de fianzas e gastos da comunidade de propietarios.

Artigo 10. Contía máxima das axudas e periodicidade da percepción:

Establécense como norma xeral as seguintes contías dentro do ano natural:

1. Gastos de vivenda:

- **Gastos de alugueiro da vivenda:** establécense unha contía máxima de 500 euros ao mes para o pago de **alugueiro** por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos por ano natural. (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos de subministracións básicas da vivenda** (electricidade, gas, gasóleo, de calefacción, bombonas etc.): estipúlase unha contía máxima de 100 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $100 \times 4 = 400$ euros).
- **Gastos derivados do mantemento da habitabilidade** da vivenda. Pequenas obras de mantemento, limpeza xerais, desentullos etc. Determínase unha contía máxima de 1.000 euros ao ano.
- **Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións.** Establécense unha contía máxima de 500 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos derivados do alugueiro dunha habitación en piso compartido.** Acórdase unha contía máxima de 300 €/mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $300 \times 4 = 1.200$ €/ano).

- **Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda** (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade) e **enxoval básico**. Determínase unha contía máxima de 500 € por solicitude de axuda da unidade familiar, coa contía máxima de 1.000 € por unidade familiar e ano. Para estes efectos, aceptaranse como bens non inventariables as subministracións ou adquisición de elementos cuxa valoración individual non individual non supere os 500 €, podendo imputarse tales gastos ás aplicacións correspondentes ao capítulo II “gastos en bens correntes e servizos”, se ben subordinado ao exame da natureza do ben en cuestión en cada caso concreto. Para a adquisición destes produtos será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes, do que se escollerá o de menor contía.

Para acreditar os gastos de alugueiro nos pisos, será preciso achegar os contratos de arrendamento da vivenda e/ou de arrendamento da habitación e non poderá existir relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga entre o arrendador e a persoa/núcleo de convivencia que alugan a vivenda ou habitación.

2. Gastos de necesidades básicas:

- **Gastos de alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos:** establécese unha contía máxima de 250 euros ao mes por unidade familiar, e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $250 \times 4 = 1.000$ euros).
- **Leite maternizado:** acórdase unha contía máxima de 75 euros por lactante e mes, e por un período máximo de 6 meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo $75 \times 6 = 450$ euros/ano).
- **Gastos farmacéuticos e parafarmacia:** estipúlase unha contía máxima de 50 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $50 \times 6 = 300$ euros).
- **Gastos sanitarios:** establécese unha contía máxima de 250 euros por persoa e ano.
- **Gastos de vestiario básico:** determínase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.

3. Gastos educativos:

- **Gastos escolares e de formación:** con carácter subsidiario e de xeito excepcional, establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos derivados de actividades socioculturais e deportivas:** acórdase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos de comedores escolares:** determínase unha contía máxima de 150 € por neno/a e mes (máximo 1.800 euros por neno/a e curso escolar).

4. Gastos de transporte e outros:

- **Gastos de desprazamento**, establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano natural.
- **Gastos derivados de causas de forza maior, catástrofes, etc.** As contías das axudas estarán en función do número de afectados, dispoñibilidade económica do programa, urxencia na prestación da axuda, etc.; en todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano natural.
- **Outros gastos** non recollidos nos puntos anteriores que nun determinado momento o/a traballador/a social, mediante o informe que o xustifique, valora como necesarios para evitar situacións de risco e/ou exclusión social. En todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano.

En todo caso, a contía máxima anual para conceder por unidade de convivencia pola totalidade dos conceptos de axudas incluídos nesta ordenanza non poderá superar os 3.000 €.

CAPÍTULO IV. Tramitación das axudas de emerxencia social municipal

Artigo 11. Documentación que deberán achegar as persoas solicitantes destas axudas

A solicitude no modelo normalizado (anexo 4: modelo solicitude ESM) irá acompañada pola documentación seguinte, referida á persoa solicitante e, se é o caso, o resto dos membros da unidade familiar ou de convivencia:

- DNI, NIE pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade perceptora.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadroamento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, certificado do INSS de percibir ou non prestacións sociais, declaración xurada de ingresos, etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta na axencia tributaria de todos os membros da unidade familiar/de convivencia.

- Sentenza de separación matrimonial, nulidade ou divorcio da persoa titular ou dos compoñentes da unidade perceptora, ou convenio regulador no que conste a cantidade fixada como pensión compensatoria ou de alimentos. No caso de impago das prestacións recoñecidas nos títulos sinalados, presentárase a xustificación da demanda de execución da sentenza, ou calquera reclamación xudicial que se presentara ao respecto.
- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre, a través de medios informáticos ou telemáticos, a servizos sociais do Concello de Lugo, os datos contidos en ficheiros e a recoller a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará, de ser o caso, o pago da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poidan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesario para a tramitación da axuda.

Aquelas persoas que teñan aberto expediente nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Lugo non terán que achegar a documentación que xa figure actualizada no seu expediente.

Así mesmo, as persoas perceptoras da RISGA quedarán eximidas de achegar a documentación relativa á situación económica, cando conten coa resolución da concesión da dita prestación.

Artigo 12. Iniciación, instrución e resolución do procedemento

a) O procedemento iniciárase, en todo caso, a solicitude da persoa interesada, asinada pola ou polo solicitante ou, se é o caso, pola ou polo representante legal. A solicitude formularase no modelo normalizado (anexo 1), onde se especificará o tipo de axuda e se acompañará a documentación esixida que figura no artigo 11 desta ordenanza.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de solicitude está aberto ao longo de todo o ano.

b) Comprobación da documentación achegada e verificación dos datos declarados na solicitude. De ser o caso, levarase a cabo o requirimento da documentación que sexa precisa para a continuidade do procedemento e emendar as deficiencias e/ou achegar a documentación necesaria nun prazo de 10 días. En caso contrario, terase por desistida a súa petición, de conformidade co establecido na Lei de procedemento administrativo común.

c) Estudo e valoración da solicitude de axuda por parte da traballadora social de referencia, así como apertura de expediente social, no caso de non contar con expediente aberto. Diagnóstico e deseño do proxecto de intervención social correspondente con mención da modalidade de axuda, obxectivos e prazo de duración desta. Este proxecto de intervención deberá de ser aceptado e asinado expresamente pola persoa solicitante da axuda. Do mesmo xeito, o/a traballador/a social de referencia poderá utilizar todas as técnicas metodolóxicas do traballo social necesarias para a emisión do diagnóstico e formulación do informe (mantemento de entrevistas, visitas a domicilio, etc.).

d) Emisión de informe proposta de concesión ou denegación motivado por parte do traballador/a social de referencia. Este terá que incluír o concepto para o que se concede a axuda, a proposta de contía económica que proceda, en atención ás circunstancias concorrentes, así como modalidade do pago (directo á persoa beneficiaria ou ao subministrador). (anexo 5: informe proposta).

e) No caso de concesión da axuda, o pagamento poderá ser:

- Con carácter xeral, o pago realizaráselle directamente ao subministrador, ou, no caso das axudas de alugueiro, ao arrendador, mediante transferencia bancaria e no número de conta facilitado para os efectos. As persoas beneficiarias da axuda teñen que autorizar o pagamento directo ao subministrador ou arrendador (anexo 6: autorización para o pagamento da axuda de ESM ao subministrador/arrendador no número de conta facilitado aos efectos de pagamento).
- Excepcionalmente, os pagos realizaránselle directamente á persoa tras a xustificación do gasto a través das facturas correspondentes ou calquera outro/s documento/s probatorio/s con validez administrativa. O pagamento faráselle directamente á persoa beneficiaria a través de transferencia bancaria no número de conta do cal sexa titular (anexo 7: pagamento directo).

f) A resolución dos procedementos de axuda de emerxencia social municipal previstos nesta ordenanza deberá producirse nun prazo máximo de dous meses.

Transcorrido este prazo, a falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, sen prexuízo da obriga municipal de resolver de forma expresa o procedemento.

g) O órgano competente para ditar a resolución será a concelleira delegada responsable de Servizos Sociais do Concello de Lugo, e deberá estar motivada en atención á proposta formulada polo traballador/a social de referencia.

h) As resolucións, estimatorias ou desestimatorias, adoptadas notificaránselle ás persoas interesadas conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Contra a resolución dictada, que porá fin a vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais pertinentes conforme á lexislación vixente.

l) O incumprimento da obriga de xustificar as axudas concedidas ou a xustificación insuficiente desta levará aparelado o reintegro de toda a axuda ou da parte desta non xustificada nos termos previstos nesta ordenanza.

Artigo 13. Denegación das AESM

As causas de denegación, que teñen que ser motivadas, son as seguintes:

- Non cumprir cos requisitos exixidos.
- Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo ou co apoio dos seus familiares, representante legal ou gardadores de feito.
- Corresponder a atención á persoa solicitante, pola natureza da prestación ou por razón de residencia, a outra administración pública.
- Residir no municipio por motivos de estudos.
- Solicitar unha prestación non axeitada para a resolución da problemática que se sinala ou que a súa mera concesión non sexa suficiente para resolvela.
- Non ter xustificado en tempo e forma as axudas de emerxencia social municipal concedidas con anterioridade.
- Desescolarización e/ou absentismo reiterado dos menores da unidade perceptora en idade de ensinanza obrigatoria.
- Dependencia de axudas sociais que non resolvan a situación de necesidade e imposibiliten o logro da autonomía persoal da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia, en función da valoración profesional da traballador/a social de referencia.
- Falta de colaboración da persoa solicitante ou da súa unidade de convivencia para levar a cabo e cumprir cos obxectivos do proxecto de intervención social.

Artigo 14. Obrigas das persoas beneficiarias:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar o labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.

- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Comunicar calquera cambio relativo ao domicilio ou residencia habitual.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización das e dos menores ao seu cargo.
- Non exercer a mendicidade.
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, para o efecto da xestión da axuda. (anexo 7: proxecto de intervención social).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, RAI, IMV, etc.).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa.
- Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida.

Artigo 15. Causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas

As axudas poderán ser extinguidas nos seguintes supostos:

- a) Cando a persoa beneficiaria incumpra os compromisos adquiridos no proxecto de intervención social.
- b) Falseamento ou ocultación de datos para obter, conservar ou aumentar a prestación económica.
- c) Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- d) Renuncia da persoa beneficiaria á prestación económica.
- e) Non empregar a prestación para o fin para a cal foi concedida.
- f) Outras causas de carácter grave imputables á persoa beneficiaria non contempladas nos apartados anteriores.
- g) Non xustificación da axuda.
- h) Falecemento da persoa beneficiaria. Cando a beneficiaria da axuda sexa unha unidade, poderá cambiarse a titularidade da axuda para outro membro da unidade perceptora que reúna os requisitos contemplados nesta ordenanza.
- i) Haberá que reintegrar as cantidades percibidas, e, chegado o caso, a exixencia dos xuros de mora correspondentes dende a data de aboamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, cando se produza algunha das causas de revogación e reintegro das axudas contempladas nesta ordenanza.
- k) O procedemento de reintegro iniciárase de oficio a proposta do/a traballador/a social de referencia no informe que emita ao respecto, e rexerá sobre as disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e, en todo caso, daráselle trámite de audiencia ao interesado no prazo de 10 días hábiles. O órgano competente para adoptar a resolución de reintegro total ou parcial dos importes

percibidos será o órgano que concedeu a axuda ou órgano municipal no que delegase esta función.

Artigo 16. Réxime sancionador

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados pola persoa solicitante/beneficiaria da axuda, así como a non xustificación total ou parcial desta, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude polo período de 1 ano.

Artigo 17. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que se obteñan durante a tramitación, valoración e seguimento das prestacións reguladas nesta ordenanza, pasarán a formar parte dos ficheiros municipais que estarán sometidos ao establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 18. Límite orzamentario

A concesión destas axudas queda condicionada á existencia de crédito orzamentario nas partidas orzamentarias correspondentes.

ANEXOS:

- ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024
- ANEXO II. Proxecto de intervención emerxencia social municipal.
- ANEXO III. Produtos básicos da “cesta da compra”.
- ANEXO IV. Solicitude de axuda de emerxencia social municipal
- ANEXO V. Informe proposta da traballadora social municipal relativo ao expediente de ESM
- ANEXO VI. Pagamento ao subministrador/arrendador. Modelo de conta bancaria.
- ANEXO VII. Pagamento directo á persoa beneficiaria.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac1127232653729374751.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2025

ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024

Anexo I: táboa cos límites de ingresos para acceder ás axudas de emerxencia social municipal. Exercicio 2024.					
Subsidio básico. 78,20% do IPREM	469,20 €	Membros unidade económica	Contías complemento familiar	Contías totais S.B+C.F	Límite axuda emerxencia social municipal (125% da RISGA)
Complemento familiar		Solicitante		469,20 €	586,5 €
1.º membro 14,60% IPREM	87,60 €	1	87,60 €	556,80 €	696 €
2.º membro 12,50% IPREM	75,00 €	2	162,60 €	631,80 €	789,75 €
3.º e sucesivos 10,40% IPREM	62,40 €	3	225,00 €	694,20 €	867,75 €
		4	287,40 €	750-756,60* €	937,5-945,75* €
		5	349,80 €	750-819,00* €	937,5-1023,75* €
		6	412,20 €	750-840,00* €	937,5- 1050* €
- Para o ano 2024 o IPREM é de 600 €.					
- *A contía máxima do subsidio básico da RISGA + complemento familiar é de 750 € ou de 840 € se hai menores.					

ANEXO II: PROXECTO DE INTERVENCIÓN E.S.M

DATA: _____

1. TITULAR:

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

2. TIPOLOXÍA:

☐ gastos de vivenda
☐ gastos de alimentación, limpeza
dep... ☐ gastos farmacéuticos
☐ gastos sanitarios
☐ gastos desprazamentos
☐ gastos vestiario

☐ gastos escolares e formación
☐ gastos act. Socioculturais,
☐ gastos de comedor escolar
☐ gastos de forza maior
☐ outros gastos

PERIODICIDADE:

PROPOSTA CUANTÍA : ____

- puntual ☐

- periódica ☐

3. OBXECTIVO/S:

4. COMPROMISOS: cumprir o proxecto da RISGA ☐

seguimentos da UTS de referencia
busca activa de vivenda ☐
selado da tarxeta do INEM ☐
conviven. Independente ☐

☐ solicitude de RISGA_ ☐
solicitude de AIS _____ ☐ unidade

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac1127232653729374751.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2025

asistencia dos menores á escola	☐	solicitude	bono	social
eléctrico/aux	☐	busca activa de emprego	☐	
escolarización dos menores	☐	solicitude rec. discapacidade	☐	
participar no p. educación familiar	☐			
realizar seguimentos médicos	☐	solicitude PNC_	☐	
formación en linguas sociedade acollida	☐			
asistir á UAD	☐	solicitude de becas escolares	☐	
outros:	☐			
		solicitude axudas IGVS/EVISLUSA	☐	
		solicitudes IMV	☐	

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización dos menores ó seu cargo.
- Non exercer a mendicidade .
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, ao efecto da xestión da axuda.
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AiS, RAI, IMV etc).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa .

Sinatura da persoa beneficiaria

Sinatura da traballadora social e da educadora social (de ser o caso)

ANEXO III. PRODUTOS BÁSICOS “CESTA DA COMPRA” DE ESM:

SI (INCLUÍDOS)	NON (EXCLUÍDOS)
Arroz Pasta Fariña Leite Logures sabores ou natural Manteiga Queixos básicos Ovos Aceite de xirasol Froita tempada: mazás, plátanos, laranxas... Legumes: lentellas, garavanzos, fabas... Café, cacao soluble Galletas básicas tipo “María”, Hortalizas de tempada: tomates, allo porro, cebola, allo, pemento, xudías, brócoli... Azucre, sal, pementa Artigos limpeza fogar: fregacháns, fregapratos, deterxente roupa, lixivia. Artigos aseo: xabón-xel, xampú, pasta de dentes, cepillo de dentes. Cueiros Carne: polo (peza enteira), pavo, porco Peixes básicos de tempada (xurelos, lirio...). Chacinería básica Latas de conserva básicas: atún, sardiñas... Pan básico.	Aceite de oliva Bebidas alcólicas Refrescos, zumes, batidos e enerxéticas Mariscos frescos e conxelados Carnes e peixes que non básicos: (solombo, costeleta de boi, vaca ou vitela, entrecosto, peixe sapo, ollomol, salmón...). Froita non básica: amorodos, cereixas, uvas, papaia, piña, manga, iuca etc. Alimentos precociñados: pizzas, lasañas, croquetas, albóndegas, salchichas... Chacinería non básica tipo “ibérico”, guijuelo”. Queixos non básicos Produtos lácteos tipo “bio”, “bífidos”,... Bombóns, chocolates... Xeados Tortas, pasteis, bolería... Colonias Máscaras pel e pelo Produtos de beleza: pintaunllas, pintabeizos, tintas... Bolsas da compra Auga Suplementos alimenticios (vitaminas, minerais etc.).
Mercar sempre marca branca: IFA, HACENDADO, LIDL, DÍA, CARREFOUR, FAMILIA, LEADER PRICE.....	

 Concello de Lugo		MODELO
SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL		

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (no caso de que sexa diferente)

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

SOLICITA

Benestar Social

PRG.prg

Ref: 2025/G004/000324

Asunto: Ordenanza reguladora das AESM

SOLICITA UNHA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL

☐ Autorización expresa da persoa solicitante ou da/o súa/seu representante legal, así como dos membros da unidade de convivencia abaixo asiantes ao Concello de Lugo-Servizos Sociais para o acceso e cesión dos datos contidos en ficheiros, ao tratamento dos datos persoais e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar única e exclusivamente o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

☐ DECLARO non ter percibido ningunha outra prestación ou axuda polo mesmo concepto obxecto desta solicitude.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO PERSONA SOLICITANTE	COA DNI/NIF/ N.ºPASAPORTE	SINATURA

NOTA: no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar con esta solicitude.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, prestacións sociais, declaración xurada de ingresos etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta de todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza separación/convenio regulador, de ser o caso.
- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre a través de medios informáticos ou telemáticos ao Excmo. Concello de Lugo-Servizos Sociais os datos contidos en ficheiros, e a obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o dito procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará o pago, de ser o caso, da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesaria para a tramitación da axuda.

Con carácter excepcional e naqueles casos nos que a persoa solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, achegarase declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou persoais ou contías delas, así como de bens patrimoniais.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación co tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación de "Axuda de Emerxencia Social Municipal".

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, o establecido no artigo 9.2. h) do Regulamento europeo de protección de datos(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello , de 27 de abril de 2016 no referente ao tratamento de categorías especiais de datos persoais.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na tramitación do expediente e está prevista a comunicación de datos a administracións públicas.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente. En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A

persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que lle facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo, ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

**ANEXO V: INFORME PROPOSTA DA TRABALLADORA SOCIAL MUNICIPAL
RELATIVO AO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDA DO PROGRAMA DE
EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.**

_____, colexiada número _____,
responsable da unidade de traballo social _____ adscrita ao Centro de
Convivencia _____
_____ á vista da solicitude de axuda
do programa de emerxencia social municipal presentada por
con número de DNI/NIE/PASAPORTE _____.

INFORMA:

Baseándose nos datos que constan na historia social e valorada a súa solicitude
que se fundamenta en:

PROPÓN:

☐ Que se CONCEDA a axuda baseándose no recollido no correspondente
proxecto de intervención social que consta no seu expediente. O concepto é o
seguinte:
por contía de _____ motivada por
con modalidade de pagamento _____.

☐ Que se DENEGUE a axuda solicitada por no cumprir o requisito para ser
beneficiario/a do programa:

Lugo, _____ de _____ de _____.



AMRG/jch

Assunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2025

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL AO SUBMINISTRADOR/ARRENDADOR NO NÚMERO DE CONTA FACILITADO AOS EFECTOS

de DNI/NIE/ Pasaporte _____, co número
traballadora social do Concello de Lugo co número _____, **AUTORIZO** á
_____ para que pague o recibo/factura
_____ ao meu nome por importe
de _____ €, con cargo ao Programa de Emerxencia Social Municipal.

Lugo, de de 202

Asdo.:

DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/ DA PESSOA ARRENDADORA OU EMPRESA AUTORIZADA

NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL

DNI OU CIF

ENDEREZO _____

LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
------------	---------------

PROVINCIA _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (IBAN):

Sinatura do provedor:

ANEXO VII: PAGAMENTO DIRECTO Á PERSOA BENEFICIARIA

_____, traballadora social do CC
_____, pertencente ao Concello de Lugo

FAGO CONSTAR:

Que lle entrego a _____ con
DNI/NIE/N.º Pasaporte/ _____ a cantidade
de _____ €, en concepto de pago/axuda

—

—

—

—

O pagamento directo é a través de ingreso no n.º de conta da persoa beneficiaria.
Nº de conta anexo.(Documento IBAN)

Lugo, _____ de _____ de 202_____

RECIBÍN

A traballadora social

Asdo.: _____

Asdo:

Observacións: _____

TERCEIRO.- Publicar integramente o texto da ordenanza no Boletín Oficial da
Provincia, e proceder coa tramitación que legalmente lle corresponde.

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de
abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor do
regulamento producirase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva da presente ordenanza comunicáraselle á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Transcorrido o prazo de quince días dende a recepción da comunicación, o acordo e o regulamento publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- c) O regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O acordo de aprobación definitiva e o regulamento publicaranse ademais no taboleiro de edictos do Concello de Lugo e no portal de transparencia do Concello.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión Social, emitido na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Partido Popular con data de entrada en rexistro o día 26/05/2025, con bases nos argumentos descritos con anterioridade.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal do Concello de Lugo, que é do teor seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 39, establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Por outra banda, os artigos 41, 139.1 e 149.1.1 recollen a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de todas as persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan ou impiden a participación plena de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución española establece que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”, así como a protección das persoas en situación

de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e sociofamiliares”; atribuíndolle a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20, ás comunidades autónomas

O artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia dispón que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia,

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia ten por obxecto definido no seu artigo 1 o de “estructurar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar”, garantindo “como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades...”

No artigo 2.1 define os servizos sociais como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega...”.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais fixados no artigo 3, atópase o de “facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social”.

Os servizos sociais comunitarios regulados nos artigos 9,10 e 11 da Lei 13/2008 “de carácter predominantemente local, circunscríbense a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais”. Desenvólvense nos centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares, e entre as súas funcións atópase a atención ás situacións individuais, que implican a información, diagnóstico e valoración coa conseguinte intervención no caso e aplicación do recurso idóneo.

O capítulo II da Lei 13/2008 comprende o catálogo de servizos sociais, así no seu artigo 18 manifesta que este catálogo estará integrado por un conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións entre os que se atopan no punto c) as “prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familias e a estimular a súa incorporación social e laboral”.

Do mesmo xeito, o artigo 21.2.b) de prestacións económicas manifesta que teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais “As axudas de emerxencia e necesidade social”.

Tamén, cómpre facer referencia ao artigo 60.a) da Lei 13/2008 que lles atribúe aos concellos as competencias na “creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e

de incorporación sociolaboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado das e dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 9. que os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións por medio dos programas e servizos seguintes:

(...)

d) Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. (...)

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, atribúelles aos concellos desta comunidade autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

O art. 25.1 e 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) establece que o municipio, “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”, exercendo, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior aos 20.000 habitantes, como é o caso do Concello de Lugo.

As competencias atribuídas ao Concello de Lugo para intervir neste ámbito derivan, polo tanto, da lexislación estatal, autonómica e de réxime local, con especial mención á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O Programa municipal de emerxencia social configúrase como un programa básico dos servizos sociais comunitarios que xorde no Concello de Lugo no ano 1989 coa finalidade de tratar de solucionar ou paliar as situacións de emerxencia social de persoas e/ou unidades familiares veciñais do municipio, afectadas por circunstancias valoradas pola traballadora social como de “emerxencia social”, toda vez que estas situacións supoñen a existencia de carencias graves en aspectos

básicos da vida cotiá que requiren ser afrontadas, polo menos inicialmente, dende a achega económica directa á persoa solicitante da axuda.

O programa foi concibido como un conxunto de axudas económicas de carácter puntual, finalista e extraordinario que foron reguladas no Decreto núm. 12004176, do 21 de maio de 2012, e posteriormente, o 5 de setembro de 2016, ditouse o Decreto núm. 16006566 polo que se procede a modificar parcialmente o antedito programa, no referente á tipoloxía das axudas, así como ás persoas beneficiarias.

Na actualidade, o programa exige unha revisión para adaptalo á realidade social presente, e faise necesaria a aprobación dunha ordenanza, que conteña a regulación das axudas económicas que se lles conceden ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade das axudas de emerxencia social municipal

6. O obxecto é establecer o réxime xurídico aplicable ás axudas económicas enmarcadas no Programa de emerxencia social municipal e configuralas como axudas económicas finalistas, de carácter extraordinario, urxente e non periódico, concedidas a persoas ou unidades familiares ou de convivencia ás que sobreveñan situacións de urxente necesidade e non contén con recursos económicos propios suficientes para poder afrontalas.
7. As axudas do programa de emerxencia social municipal, en adiante ESM, estarán destinadas a sufragar os gastos específicos que se recollen nesta ordenanza, coa finalidade de solucionar, paliar ou complementar situacións carenciais graves, imprevistas e/ou excepcionais, que requiren pola súa natureza unha atención prioritaria na obtención de recursos económicos por parte das persoas e/ou unidades familiares/convivenciais.
8. Estas axudas de ESM **terán carácter finalista e excepcional**, tendentes a evitar que a situación se faga crónica, e o seu carácter será **subsidiario** en relación con outras axudas públicas que para os mesmos fins lle poida corresponder á persoa beneficiaria, e en ningún caso poderán ir destinadas a aboar débedas contraídas coa Administración.

9. As axudas forman parte dun proceso de intervención social que require do diagnóstico e valoración da necesidade, e en ningún caso constituirán un complemento ordinario de ingresos.
10. A finalidade das axudas de ESM será apoiar economicamente, de xeito excepcional e puntual, a aquelas persoas e/ou unidades perceptoras afectadas por un estado de necesidade sobrevido co fin de paliar, evitar e/ou previr situacións de marxinación ou exclusión social, favorecendo a inclusión, e dando unha resposta rápida ás situacións de emerxencia social en tanto non se xestionen outros recursos e/ou prestacións de carácter periódico e estable.

11.

Artigo 2. Réxime de concesión das axudas de ESM

3. As axudas económicas de emerxencia municipal teñen carácter de dereito subxectivo, procedendo a súa concesión coa finalidade de posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urxentes en situacións de grave emerxencia que poidan conducir a un proceso de exclusión social.
4. Polo seu carácter de prestación social de carácter asistencial, as axudas de emerxencia social municipal non teñen natureza de subvencións, segundo o artigo 29 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica o artigo 2.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Conceptos básicos no réxime de concesión das axudas de ESM

1. Unidade familiar ou de convivencia:

Fórmana a persoa ou persoas que habitan nun mesmo inmovble, e se atopan vinculadas por unha relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga, así como as persoas menores de idade en situación de acollemento familiar e os/as fillos/as que vivan temporalmente fóra do domicilio familiar cursando estudos e continúen empadroados/as no domicilio familiar.

2. Escaseza de ingresos:

Que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da renda de integración social de Galicia, en adiante, RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar de cada exercicio económico (anexo 1: táboa económica, exercicio 2024).

3. Ingresos da unidade familiar ou de convivencia:

Teñen a consideración de ingresos da unidade perceptora os procedentes de salarios, rendementos de traballo por conta propia, pensións, prestacións, rendas básicas, así como cantos outros perciban todos os membros da unidade familiar ou de convivencia por calquera concepto.

CAPÍTULO II. Das persoa beneficiarias

Artigo 4. Persoas beneficiarias das AESM e requisitos de acceso

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas e unidades familiares ou de convivencia que residan no municipio de Lugo.

Nunha unidade familiar ou de convivencia, só un dos seus membros poderá ter a condición de persoa beneficiaria aínda que se outorguen a favor de toda a unidade. Serán requisitos necesarios para a concesión destas axudas os seguintes:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroad/a e residir no municipio de Lugo cunha antigüidade mínima de 6 meses. Exceptúase do requisito de antigüidade no padrón municipal, as persoas que, tras o informe social motivado da traballadora social de referencia que acredite a dita excepcionalidade, se atopen en situación de emerxencia social que faga necesaria esta axuda e cumpran co resto dos requisitos.
- Acreditar documentalmente a emerxencia dos feitos alegados, a necesidade urxente de recursos e a carencia de medios económicos propios para facer fronte ao gasto.
- Non dispoñer a unidade familiar de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia: que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar) de cada exercicio económico (anexo 1: límites ingresos AESM, exercicio 2024).
- Non dispoñer a unidade de convivencia de cantidades líquidas superiores a dúas mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- Consideraranse renda familiar os ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, depósitos bancarios, contas correntes e de aforro ou por calquera outro concepto.
- Que ningunha das persoas que integran a unidade perceptora dispoña de bens inmoables distintos á vivenda habitual e que indiquen a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que solicita a axuda,

salvo causas xustificadas e debidamente acreditadas no informe social correspondente.

- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa e compromiso da persoa solicitante das condicións establecidas no proxecto de intervención social, plan de traballo e seguimentos establecidos para o efecto dende os servizos sociais comunitarios (anexo 2: proxecto de intervención ESM).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, IMV, bolsas escolares, etc.).
- Ter xustificadas en tempo e forma as axudas concedidas con anterioridade ao abeiro deste programa e que correspondan ao ano anterior da nova solicitude e non estar incurso nas causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas reguladas no art. 14 desta ordenanza.
- Non percibir outras axudas polo mesmo concepto doutras administracións públicas. No caso de persoas e/ou unidades receptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

CAPÍTULO III. Tipoloxía e características das axudas

Artigo 5. Axudas de emerxencia social municipal (ESM) para vivenda:

- Gastos do alugueiro da vivenda.
- Gastos de subministracións básicos da vivenda: electricidade, gas, gasóleo de calefacción, bombonas de butano etc. Quedan excluídos os gastos da subministración da auga.
- Gastos derivados do mantemento da habitabilidade da vivenda.
- Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións e pisos compartidos que contén con contrato de alugueiro por habitacións.
- Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade- somier e colchón-) e enxoval básico.

As axudas económicas incluídas neste parágrafo concederanse cando o non pagamento do gasto supoña a posible perda do uso da vivenda ou das súas condicións de habitabilidade.

As axudas para o pago de alugueiro da vivenda son incompatibles coas axudas do Programa municipal de alugueiro de vivenda (EVISLUSA).

Non se concederán axudas de emerxencia social para sufragar os gastos de alugueiro de vivendas de protección oficial de titularidade pública, e ás persoas beneficiarias dos programas de axudas para o alugueiro doutras administracións públicas.

Poderanse conceder estas axudas a persoas perceptoras do complemento de alugueiro da RISGA e do complemento de alugueiro da PNC, procedendo a descontar o importe dos ditos complementos da contía da axuda por percibir. No caso do complemento da PNC, procederase ao rateo mensual do complemento. Nestes supostos, a concesión da axuda vai dirixida a evitar a posible perda do uso da vivenda, o cal deberá quedar reflectido no expediente.

Artigo 6. Axudas de ESM para cobertura de necesidades básicas

1. Gastos de **alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos**: inclúe a adquisición de alimentos e produtos específicos de alimentación infantil de venda en establecementos de alimentación. Os produtos básicos incluídos e excluídos detállanse no anexo 3: Produtos básicos da “cesta da compra” de ESM.

2. Gastos de **vestiario** básico (roupa e calzado).

3. Gastos **farmacéuticos**: inclúe a adquisición de medicamentos prescritos polo servizo público de saúde (na parte non financiada), leites maternizados, outros produtos farmacéuticos e, se é o caso, de parafarmacia con receita médica do servizo público de saúde.

4. Gastos **sanitarios**: inclúe axudas para a adquisición e reparación de lentes graduadas ou lentes de contacto, de ser o caso, audífonos, gastos odontolóxicos, material de ortopedia etc., así como outros gastos de tratamentos con prescrición do servizo público de saúde. Para a adquisición destes produtos, será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes de produtos iguais ou semellantes, do que se escollerá o de menor contía.

No caso de persoas e/ou unidades perceptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

Artigo 7. Axudas de ESM educativas

1. Gastos **escolares e de formación**: inclúe a adquisición de material escolar naqueles casos nos que non sexa posible o acceso a bolsas e/ou axudas para adquisición de material escolar, asistencia a actividades extraescolares e/ou campamentos de verán, cando a asistencia a eles forme parte dun proxecto de intervención familiar.

2. Gastos derivados de **actividades socioculturais e deportivas**: excepcionalmente, poderán incluírse gastos de actividades socioculturais e deportivas que se consideren necesarias para acadar a integración social, e que

formen parte do proxecto de intervención social dos servizos sociais municipais de atención a menores en risco de desprotección e cando non poidan incluírse nas convocatorias de actividades socioculturais e deportivas públicas correspondentes.

3. Gastos de **comedores escolares**, sempre que formen parte do proxecto de intervención social familiar dos servizos sociais municipais.

En todos os casos, nas axudas de emerxencia educativas deberá quedar acreditado que non se poden acoller ás axudas que convoquen os organismos competentes en materia de educación polo mesmo concepto.

Artigo 8. Axudas de ESM para transporte e outras

1. Gastos de **desprazamento**: excepcionalmente, poderán cubrirse gastos de traslados e viaxes, debidamente xustificados no informe social, e sempre que constitúa unha acción necesaria (asistencia a trámites xudiciais, fins de inserción laboral etc.), e se enmarquen nun proxecto de intervención social dos servizos sociais comunitarios municipais.

2. Gastos derivados de causas de **forza maior, catástrofes accidentes** etc.: as axudas económicas deste punto diríxense a facer fronte a situacións imprevistas que xeren un gasto extraordinario que a persoa afectada non pode afrontar.

Artigo 9. Conceptos non susceptibles de AESM

En ningún caso se considerarán susceptibles da axuda de emerxencia social municipal nos termos previstos nesta ordenanza:

- O pagamento de impostos, débedas e obrigacións coa administración.
- Os créditos persoais e débedas hipotecarias.
- Os gastos de subministracións non básicos (teléfono, internet, etc.).
- A subministración de auga.
- As multas e sancións.
- O pago de fianzas e gastos da comunidade de propietarios.

Artigo 10. Contía máxima das axudas e periodicidade da percepción:

Establécense como norma xeral as seguintes contías dentro do ano natural:

1. Gastos de vivenda:

- **Gastos de alugueiro da vivenda:** establécense unha contía máxima de 500 euros ao mes para o pago de **alugueiro** por unidade familiar e por un

período máximo de catro meses sucesivos ou alternos por ano natural. (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).

- **Gastos de subministracións básicas da vivenda** (electricidade, gas, gasóleo, de calefacción, bombonas etc.): estipúlase unha contía máxima de 100 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $100 \times 4 = 400$ euros).
- **Gastos derivados do mantemento da habitabilidade** da vivenda. Pequenas obras de mantemento, limpeza xerais, desentullos etc. Determínase unha contía máxima de 1.000 euros ao ano.
- **Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións.** Establécese unha contía máxima de 500 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos derivados do alugueiro dunha habitación en piso compartido.** Acórdase unha contía máxima de 300 €/mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $300 \times 4 = 1.200$ €/ano).
- **Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda** (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade) e **enxoval básico.** Determínase unha contía máxima de 500 € por solicitude de axuda da unidade familiar, coa contía máxima de 1.000 € por unidade familiar e ano. Para estes efectos, aceptaranse como bens non inventariables as subministracións ou adquisición de elementos cuxa valoración individual non individual non supere os 500 €, podendo imputarse tales gastos ás aplicacións correspondentes ao capítulo II “gastos en bens correntes e servizos”, se ben subordinado ao exame da natureza do ben en cuestión en cada caso concreto. Para a adquisición destes produtos será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes, do que se escollerá o de menor contía.

Para acreditar os gastos de alugueiro nos pisos, será preciso achegar os contratos de arrendamento da vivenda e/ou de arrendamento da habitación e non poderá existir relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga entre o arrendador e a persoa/núcleo de convivencia que alugan a vivenda ou habitación.

2. Gastos de necesidades básicas:

- **Gastos de alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos:** establécese unha contía máxima de 250 euros ao mes por unidade familiar, e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $250 \times 4 = 1.000$ euros).
- **Leite maternizado:** acórdase unha contía máxima de 75 euros por lactante e mes, e por un período máximo de 6 meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo $75 \times 6 = 450$ euros/ano).

- **Gastos farmacéuticos e parafarmacia:** estipúlase unha contía máxima de 50 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $50 \times 6 = 300$ euros).
- **Gastos sanitarios:** establécese unha contía máxima de 250 euros por persoa e ano.
- **Gastos de vestiario básico:** determínase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.

3. Gastos educativos:

- **Gastos escolares e de formación:** con carácter subsidiario e de xeito excepcional, establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos derivados de actividades socioculturais e deportivas:** acórdase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos de comedores escolares:** determínase unha contía máxima de 150 € por neno/a e mes (máximo 1.800 euros por neno/a e curso escolar).

4. Gastos de transporte e outros:

- **Gastos de desprazamento,** establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano natural.
- **Gastos derivados de causas de forza maior, catástrofes, etc.** As contías das axudas estarán en función do número de afectados, dispoñibilidade económica do programa, urxencia na prestación da axuda, etc.; en todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano natural.
- **Outros gastos** non recollidos nos puntos anteriores que nun determinado momento o/a traballador/a social, mediante o informe que o xustifique, valora como necesarios para evitar situacións de risco e/ou exclusión social. En todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano.

En todo caso, a contía máxima anual para conceder por unidade de convivencia pola totalidade dos conceptos de axudas incluídos nesta ordenanza non poderá superar os 3.000 €.

CAPÍTULO IV. Tramitación das axudas de emerxencia social municipal

Artigo 11. Documentación que deberán achegar as persoas solicitantes destas axudas

A solicitude no modelo normalizado (anexo 4: modelo solicitude ESM) irá acompañada pola documentación seguinte, referida á persoa solicitante e, se é o caso, o resto dos membros da unidade familiar ou de convivencia:

- DNI, NIE pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade perceptora.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, certificado do INSS de percibir ou non prestacións sociais, declaración xurada de ingresos, etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta na axencia tributaria de todos os membros da unidade familiar/de convivencia.
- Sentenza de separación matrimonial, nulidade ou divorcio da persoa titular ou dos compoñentes da unidade perceptora, ou convenio regulador no que conste a cantidade fixada como pensión compensatoria ou de alimentos. No caso de impago das prestacións recoñecidas nos títulos sinalados, presentárase a xustificación da demanda de execución da sentenza, ou calquera reclamación xudicial que se presentara ao respecto.
- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre, a través de medios informáticos ou telemáticos, a servizos sociais do Concello de Lugo, os datos contidos en ficheiros e a recoller a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará, de ser o caso, o pago da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poidan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesario para a tramitación da axuda.

Aquelas persoas que teñan aberto expediente nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Lugo non terán que achegar a documentación que xa figure actualizada no seu expediente.

Así mesmo, as persoas perceptoras da RISGA quedarán eximidas de achegar a documentación relativa á situación económica, cando contén coa resolución da concesión da dita prestación.

Artigo 12. Iniciación, instrución e resolución do procedemento

a) O procedemento iniciárase, en todo caso, a solicitude da persoa interesada, asinada pola ou polo solicitante ou, se é o caso, pola ou polo representante legal. A solicitude formularase no modelo normalizado (anexo 1), onde se especificará o tipo de axuda e se acompañará a documentación esixida que figura no artigo 11 desta ordenanza.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de solicitude está aberto ao longo de todo o ano.

b) Comprobación da documentación achegada e verificación dos datos declarados na solicitude. De ser o caso, levarase a cabo o requirimento da documentación que sexa precisa para a continuidade do procedemento e emendar as deficiencias e/ou achegar a documentación necesaria nun prazo de 10 días. En caso contrario, terase por desistida a súa petición, de conformidade co establecido na Lei de procedemento administrativo común.

c) Estudo e valoración da solicitude de axuda por parte da traballadora social de referencia, así como apertura de expediente social, no caso de non contar con expediente aberto. Diagnóstico e deseño do proxecto de intervención social correspondente con mención da modalidade de axuda, obxectivos e prazo de duración desta. Este proxecto de intervención deberá de ser aceptado e asinado expresamente pola persoa solicitante da axuda. Do mesmo xeito, o/a traballador/a social de referencia poderá utilizar todas as técnicas metodolóxicas do traballo social necesarias para a emisión do diagnóstico e formulación do informe (mantemento de entrevistas, visitas a domicilio, etc.).

d) Emisión de informe proposta de concesión ou denegación motivado por parte do traballador/a social de referencia. Este terá que incluír o concepto para o que se concede a axuda, a proposta de contía económica que proceda, en atención ás circunstancias concorrentes, así como modalidade do pago (directo á persoa beneficiaria ou ao subministrador). (anexo 5: informe proposta).

e) No caso de concesión da axuda, o pagamento poderá ser:

- Con carácter xeral, o pago realizaráselle directamente ao subministrador, ou, no caso das axudas de alugueiro, ao arrendador, mediante transferencia bancaria e no número de conta facilitado para os efectos. As persoas beneficiarias da axuda teñen que autorizar o pagamento directo ao subministrador ou arrendador (anexo 6: autorización para o pagamento da axuda de ESM ao submnistrador/arrendador no número de conta facilitado aos efectos de pagamento).
- Excepcionalmente, os pagos realizaránselle directamente á persoa tras a xustificación do gasto a través das facturas correspondentes ou calquera outro/s documento/s probatorio/s con validez administrativa. O pagamento faráselle directamente á persoa beneficiaria a través de transferencia bancaria no número de conta do cal sexa titular (anexo 7: pagamento directo).

f) A resolución dos procedementos de axuda de emerxencia social municipal previstos nesta ordenanza deberá producirse nun prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, a falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, sen prexuízo da obriga municipal de resolver de forma expresa o procedemento.

g) O órgano competente para ditar a resolución será a concelleira delegada responsable de Servizos Sociais do Concello de Lugo, e deberá estar motivada en atención á proposta formulada polo traballador/a social de referencia.

h) As resolucións, estimatorias ou desestimatorias, adoptadas notificaránselle ás persoas interesadas conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Contra a resolución dictada, que porá fin a vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais pertinentes conforme á lexislación vixente.

l) O incumprimento da obriga de xustificar as axudas concedidas ou a xustificación insuficiente desta levará aparelado o reintegro de toda a axuda ou da parte desta non xustificada nos termos previstos nesta ordenanza.

Artigo 13. Denegación das AESM

As causas de denegación, que teñen que ser motivadas, son as seguintes:

- Non cumprir cos requisitos exixidos.
- Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo ou co apoio dos seus familiares, respresentante legal ou gardadores de feito.
- Corresponder a atención á persoa solicitante, pola natureza da prestación ou por razón de residencia, a outra administración pública.
- Residir no municipio por motivos de estudos.
- Solicitar unha prestación non axeitada para a resolución da problemática que se sinala ou que a súa mera concesión non sexa suficiente para resolvela.

- Non ter xustificado en tempo e forma as axudas de emerxencia social municipal concedidas con anterioridade.
- Desescolarización e/ou absentismo reiterado dos menores da unidade perceptora en idade de ensinanza obrigatoria.
- Dependencia de axudas sociais que non resolvan a situación de necesidade e imposibiliten o logro da autonomía persoal da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia, en función da valoración profesional da traballador/a social de referencia.
- Falta de colaboración da persoa solicitante ou da súa unidade de convivencia para levar a cabo e cumprir cos obxectivos do proxecto de intervención social.

Artigo 14. Obrigas das persoas beneficiarias:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar o labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Comunicar calquera cambio relativo ao domicilio ou residencia habitual.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización das e dos menores ao seu cargo.
- Non exercer a mendicidade.
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, para o efecto da xestión da axuda. (anexo 7: proxecto de intervención social).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, RAI, IMV, etc.).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa.
- Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida.

Artigo 15. Causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas

As axudas poderán ser extinguidas nos seguintes supostos:

- a) Cando a persoa beneficiaria incumpra os compromisos adquiridos no proxecto de intervención social.
- b) Falseamento ou ocultación de datos para obter, conservar ou aumentar a prestación económica.
- c) Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- d) Renuncia da persoa beneficiaria á prestación económica.

- e) Non empregar a prestación para o fin para a cal foi concedida.
- f) Outras causas de carácter grave imputables á persoa beneficiaria non contempladas nos apartados anteriores.
- g) Non xustificación da axuda.
- h) Falecemento da persoa beneficiaria. Cando a beneficiaria da axuda sexa unha unidade, poderá cambiarse a titularidade da axuda para outro membro da unidade perceptora que reúna os requisitos contemplados nesta ordenanza.
- i) Haberá que reintegrar as cantidades percibidas, e, chegado o caso, a exigencia dos xuros de mora correspondentes dende a data de aboamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, cando se produza algunha das causas de revogación e reintegro das axudas contempladas nesta ordenanza.
- k) O procedemento de reintegro iniciárase de oficio a proposta do/a traballador/a social de referencia no informe que emita ao respecto, e rexerá sobre as disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e, en todo caso, daráselle trámite de audiencia ao interesado no prazo de 10 días hábiles. O órgano competente para adoptar a resolución de reintegro total ou parcial dos importes percibidos será o órgano que concedeu a axuda ou órgano municipal no que delegase esta función.

Artigo 16. Réxime sancionador

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados pola persoa solicitante/beneficiaria da axuda, así como a non xustificación total ou parcial desta, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude polo período de 1 ano.

Artigo 17. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que se obteñan durante a tramitación, valoración e seguimento das prestacións reguladas nesta ordenanza, pasarán a formar parte dos ficheiros municipais que estarán sometidos ao establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 18. Límite orzamentario

A concesión destas axudas queda condicionada á existencia de crédito orzamentario nas partidas orzamentarias correspondentes.

ANEXOS:

- ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024
- ANEXO II. Proxecto de intervención emerxencia social municipal.
- ANEXO III. Produtos básicos da “cesta da compra”.

- ANEXO IV. Solicitud de axuda de emerxencia social municipal
- ANEXO V. Informe proposta da traballadora social municipal relativo ao expediente de ESM
- ANEXO VI. Pagamento ao subministrador/arrendador. Modelo de conta bancaria.
- ANEXO VII. Pagamento directo á persoa beneficiaria.

ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024

Anexo I: táboa cos límites de ingresos para acceder ás axudas de emerxencia social municipal. Exercicio 2024.					
Subsidio básico. 78,20% do IPREM	469,20 €	Membros unidade económica	Contías complemento familiar	Contías totais S.B+C.F	Límite axuda emerxencia social municipal (125% da RISGA)
Complemento familiar		Solicitante		469,20 €	586,5 €
1.º membro 14,60% IPREM	87,60 €	1	87,60 €	556,80 €	696 €
2.º membro 12,50% IPREM	75,00 €	2	162,60 €	631,80 €	789,75 €
3.º e sucesivos 10,40% IPREM	62,40 €	3	225,00 €	694,20 €	867,75 €
		4	287,40 €	750-756,60* €	937,5-945,75* €
		5	349,80 €	750-819,00* €	937,5-1023,75* €
		6	412,20 €	750-840,00* €	937,5- 1050* €
- Para o ano 2024 o IPREM é de 600 €. - *A contía máxima do subsidio básico da RISGA + complemento familiar é de 750 € ou de 840 € se hai menores.					

ANEXO II: PROXECTO DE INTERVENCIÓN E.S.M

DATA: _____

1. TITULAR:

Nome e apelidos: _____ DNI: _____

2. TIPOLOXÍA:

gastos de vivenda	☐	gastos escolares e formación	☐
gastos de alimentación, limpeza	☐	gastos act. Socioculturais, dep...	☐
gastos farmacéuticos	☐	gastos de comedor escolar	☐
gastos sanitarios	☐	gastos de forza maior	☐
gastos desprazamentos	☐	outros gastos	☐
gastos vestuario	☐		

PERIODICIDADE:

PROPOSTA CUANTÍA : ____

- puntual ☐
- periódica ☐

3. OBXECTIVO/S:

4. COMPROMISOS: cumprir o proxecto da RISGA ☐

seguimentos da UTS de referencia	☐	solicitude de RISGA	☐	busca activa de vivenda	☐
selado da tarxeta do INEM	☐	solicitude de AIS	☐	Unidade conviven. Independente	☐
asistencia dos menores á escola	☐	solicitude bono social eléctrico/aux	☐	busca activa de emprego	☐
escolarización dos menores	☐	solicitude discapacidade rec.	☐	participar no p. educación familiar	☐
realizar seguimentos médicos	☐	solicitude PNC	☐	formación en linguas sociedade acollida	☐
asistir á UAD	☐	solicitude de becas escolares	☐	outros:	☐
		solicitude axudas IGVS/EVISLUSA	☐		

Benestar Social

PRG.prg

Ref: 2025/G004/000324

Asunto: Ordenanza reguladora das AESM

solicitudes IMV



OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización dos menores ó seu cargo.
- Non exercer a mendicidade .
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, ao efecto da xestión da axuda.
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AiS, RAI. IMV etc).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa .

Sinatura da persoa beneficiaria

Sinatura da traballadora social e da educadora social (de ser o caso)

ANEXO III. PRODUTOS BÁSICOS “CESTA DA COMPRA” DE ESM:

SI (INCLUÍDOS)	NON (EXCLUÍDOS)
Arroz Pasta Fariña Leite Iogures sabores ou natural Manteiga Queixos básicos Ovos Aceite de xirasol Froita tempada: mazás, plátanos, laranxas... Legumes: lentellas, garavanzos, fabas... Café, cacao soluble Galletas básicas tipo “María”, Hortalizas de tempada: tomates, allo porro, cebola, allo, pemento, xudías, brócoli... Azucre, sal, pementa Artigos limpeza fogar: fregacháns, fregapratos, deterxente roupa, lixivia. Artigos aseo: xabón-xel, xampú, pasta de dentes, cepillo de dentes. Cueiros Carne: polo (peza enteira), pavo, porco Peixes básicos de tempada (xurelos, lirio...) Chacinería básica Latas de conserva básicas: atún, sardiñas... Pan básico.	Aceite de oliva Bebidas alcólicas Refrescos, zumes, batidos e enerxéticas Mariscos frescos e conxelados Carnes e peixes que non básicos: (solombo, costeleta de boi, vaca ou vitela, entrecosto, peixe sapo, ollomol, salmón...) Froita non básica: amorodos, cereixas, uvas, papaia, piña, manga, iuca etc. Alimentos precociñados: pizzas, lasañas, croquetas, albóndegas, salchichas... Chacinería non básica tipo “ibérico”, guijuelo”. Queixos non básicos Produtos lácteos tipo “bio”, “bífidos”,... Bombóns, chocolates... Xeados Tortas, pasteis, bolería... Colonias Máscaras pel e pelo Produtos de beleza: pintaunllas, pintabeizos, tintas... Bolsas da compra Auga Suplementos alimenticios (vitaminas, minerais etc.).
Mercar sempre marca branca: IFA, HACENDADO, LIDL, DÍA, CARREFOUR, FAMILIA, LEADER PRICE.....	

 Concello de Lugo		MODELO
SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL		

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (no caso de que sexa diferente)

ENDEREZO:		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:

SOLICITA

Benestar Social

PRG.prg

Ref: 2025/G004/000324

Asunto: Ordenanza reguladora das AESM

SOLICITA UNHA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL☐

Autorización expresa da persoa solicitante ou da/o súa/seu representante legal, así como dos membros da unidade de convivencia abaixo asinantes ao Concello de Lugo-Servizos Sociais para o acceso e cesión dos datos contidos en ficheiros, ao tratamento dos datos persoais e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar única e exclusivamente o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

☐

DECLARO non ter percibido ningunha outra prestación ou axuda polo mesmo concepto obxecto desta solicitude.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	DNI/NIF/ N.ºPASAPORTE	SINATURA

NOTA: no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar con esta solicitude.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, prestacións sociais, declaración xurada de ingresos etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta de todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza separación/convenio regulador, de ser o caso.
- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre a través de medios informáticos ou telemáticos ao Excmo. Concello de Lugo-Servizos Sociais os datos contidos en ficheiros, e a obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o dito procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará o pago, de ser o caso, da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesaria para a tramitación da axuda.

Con carácter excepcional e naqueles casos nos que a persoa solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, achegarase declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou persoais ou contías delas, así como de bens patrimoniais.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación co tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación de "Axuda de Emerxencia Social Municipal".

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, o establecido no artigo 9.2. h) do Regulamento europeo de protección de datos(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello , de 27 de abril de 2016 no referente ao tratamento de categorías especiais de datos persoais.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na tramitación do expediente e está prevista a comunicación de datos a admistracións públicas.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente. En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que lle facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- c) Que os datos sobre os que recae este dereito fosen facilitados pola persoa interesada.
- d) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo, ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

**ANEXO V: INFORME PROPOSTA DA TRABALLADORA SOCIAL MUNICIPAL
RELATIVO AO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDA DO PROGRAMA DE
EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.**

_____, colexiada número _____,
responsable da unidade de traballo social _____ adscrita ao Centro de
Convivencia _____ á vista da solicitude de
axuda do programa de emerxencia social municipal presentada por _____ con
número de DNI/NIE/PASAPORTE _____.

INFORMA:

Baseándose nos datos que constan na historia social e valorada a súa solicitude
que se fundamenta en:

PROPÓN:

☐ Que se CONCEDA a axuda baseándose no recollido no correspondente
proxecto de intervención social que consta no seu expediente. O concepto é o
seguinte: _____ por contía de _____ motivada por
con modalidade de pagamento _____.

☐ Que se DENEGUE a axuda solicitada por no cumprir o requisito para ser
beneficiario/a do programa:

Lugo, _____ de _____ de _____.

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL AO SUBMINISTRADOR/ARRENDADOR NO NÚMERO DE CONTA FACILITADO AOS EFECTOS

_____ co número de DNI/NIE/ Pasaporte _____, AUTORIZO á traballadora social do Concello de Lugo co número de colexiada _____ para que pague o recibo/factura _____ ao meu nome por importe de _____ €, con cargo ao Programa de Emerxencia Social Municipal. Lugo, _____ de _____ de 202_____ Asdo.:	
DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/ DA PERSOA ARRENDADORA OU EMPRESA AUTORIZADA NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL _____ DNI OU CIF _____ ENDEREZO _____ LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____ PROVINCIA _____ ENDEREZO ELECTRÓNICO _____ NÚMERO DE CONTA BANCARIA (IBAN): Sinatura do provedor:	

ANEXO VII: PAGAMENTO DIRECTO Á PERSOA BENEFICIARIA

_____, traballadora social do CC
_____, pertencente ao Concello de Lugo

FAGO CONSTAR:

Que lle entrego a _____ con
DNI/NIE/N.º Pasaporte/ _____ a cantidade
de _____ €, en concepto de pago/axuda

O pagamento directo é a través de ingreso no n.º de conta da persoa beneficiaria.
Nº de conta anexo.(Documento IBAN)

Lugo, _____ de _____ de 202_____

RECIBÍN

A traballadora social

Asdo.: _____

Asdo:

Observacións: _____

TERCEIRO.- Publicar integramente o texto da ordenanza no Boletín Oficial da
Provincia, e proceder coa tramitación que legalmente lle corresponde.

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de
abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor do
regulamento producírase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva da presente ordenanza comunicáraselle á
Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Transcorrido o prazo de quince días dende a recepción da comunicación, o
acordo e o regulamento publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

c) O regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O acordo de aprobación definitiva e o regulamento publicaranse ademais no taboleiro de edictos do Concello de Lugo e no portal de transparencia do Concello.

CULTURA

3/88 MANTEMENTO DA ADHESIÓN Á SECCIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) DE ENTIDADES LOCAIS CON AUGAS MINERAIS E TERMAIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DE ACORDO, asinada polo xefe de servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e pola tenenta de alcalde delegada da Área, do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente tramitado para estes efectos e visto:

1.- Factura nº 1 presentada en FACE pola Federación Española de Municipios e Provincias (ESG- 28.783.991), de data 29 de abril de 2025, relativa á cota de asociado á Sección da FEMP de "Entidades Locales con Aguas Minerales y Termas", por importe de 1.000,00 euros.

2.- Decreto de Alcaldía nº 93/2006, de data 20 de outubro de 2006, relativo á disposición de adhesión do Excmo. Concello de Lugo á Sección de Concellos con Augas Minerais e Termais da Federación Española de Municipios e Provincias "aceptando as normas de funcionamento e organización de dicha Sección."

3.- Compromiso de mantemento da adhesión á Sección da FEMP de " Entidades Locales con Aguas Minerales y Termas", asinado pola Excma. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, Dona Lara Méndez López, de data 4 de xuño de 2018.

4.- Certificado presentado pola Secretaría Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), de data 18 de abril de 2024, no que se certifica que o Excmo. Concello de Lugo é un municipio adherido á Sección da FEMP de "Entidades Locales con Aguas Minerales y Termas ".

Nas comprobacións previas ao aboamento da mencionada factura, resultou que, analizada a documentación existente nos distintos servizos, non se ten constancia da tramitación do preceptivo acordo do Excmo. Concello Pleno (Art. 22.2.b) Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local), que recolla a participación na dita

organización supramunicipal, motivo polo cal, unha vez estimada pola Ilma. Tta. de Alcalde Delegada da Área, en consonancia coas resolucións da Alcaldía precedentes, a procedencia do mantemento da adhesión do Concello de Lugo á Sección da FEMP de entidades locais con Augas Minerais e Termiais, cómpre o seu sometemento a dito órgano.

Por ditos motivos, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19.03.2025 na súas actuais redaccións, **PROPÓNSE** para a súa aprobación polo EXCMO. CONCELLO PLENO, mediante a correspondente resolución:

ÚNICO.- Aprobar a adhesión do Excmo. Concello de Lugo á Sección da Federación Española de Municipios y Provincias, FEMP de "Entidades Locales con Aguas Minerales y Termales ", ratificando así o compromiso adquirido en anos anteriores, aceptando as normas de funcionamento e organización de dita Sección e o aboamento das cotas que resulten procedentes."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, emitido na sesión celebrada o día 19 de xuño de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Aprobar a adhesión do Excmo. Concello de Lugo á Sección da Federación Española de Municipios y Provincias, FEMP de "Entidades Locales con Aguas Minerales y Termales ", ratificando así o compromiso adquirido en anos anteriores, aceptando as normas de funcionamento e organización de dita Sección e o aboamento das cotas que resulten procedentes.

INTERVENCIÓN

4/89 **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL NÚMERO 8-2025. REPAROS**

NÚMEROS 39-2025, 43-2025 E 46-2025.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 17 de xuño de 2025, do seguinte teor:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O
Recoñecemento extraxudicial 8-2025_Reparo 39-2025_Reparo 43-2025_Reparo 46-2025.
IMPORTE TOTAL: 99.267,10 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2025: 99.267,10 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **99.267,10 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **99.267,10 € (contía imputable ao orzamento 2025)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses

xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2025/962, do 17.06.2025, relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 8-2025_Reparo 39-2025_Reparo 43-2025_Reparo 46-2025, coas consideracións nel contidas, e os decretos de levantamento de reparo núm. 5995/2025, do 17.06.2025; 5994/2025, do 17.06.2025, e 5993/2025, do 17.06.2025, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **99.267,10 €**:

- Facturas Reparo 39-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CI	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
102260	EULEN SA	A28517308	3874282	CONCELLO DE LUGO (LUGO) EVE NTO 22 DE SEPTIEMBRE DE 2023. FESTIVIDAD DE LA MERCED, INSTI TUCIONES	91201.22699	202500035718	117,43	30/9/2023	ALCALDIA	D
103892	EULEN SA	A28517308	3897250	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Fac turación de eventos de alcaldí acelebrados no Míhl no mes de novembro de 2023.: X Noite da	91201.22699	202500035718	411,01	30/11/2023	ALCALDIA	D
104302	EULEN SA	A28517308	3901532	CONCELLO DE LUGO (LUGO) SER VICIO DE APERTURA Y ATENCION A LPUBLICO DE LA OFICINA MUNICIP AL DE TURISMO, DE LOS CENTROS	91201.22699	202500035718	325,25	16/12/2023	ALCALDIA	D
104304	EULEN SA	A28517308	3901102	CONCELLO DE LUGO (LUGO) EVE NTO MONTAXE EIXO ATLÁNTICO DÍA S 22, 23 Y 24 DE FEBREIRO DE 2 023 11,5h ordinarias x 19,20=	91201.22699	202500035718	423,26	15/12/2023	ALCALDIA	D
104305	EULEN SA	A28517308	3901527	CONCELLO DE LUGO (LUGO) SER VICIO DE APERTURA Y ATENCION A LPUBLICO DE LA OFICINA MUNICIP AL DE TURISMO, DE LOS CENTROS	91201.22699	202500035718	23,23	16/12/2023	ALCALDIA	D

104306	EULEN SA	A28517308	3901107	CONCELLO DE LUGO (LUGO) SER VICIO DE ATENCION E INFORMACION EN EL CONCELLO DE LUGO (ALCAL DIA) EN LOS EVENTOS QUE SE HAN	91201.22699	202500035718	1.208,23	15/12/2023	ALCALDIA	D
104537	EULEN SA	A28517308	3909739	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Fac turación de eventos de alcaldí acelebrados no Míhl no mes de DECEMBRO de 2023:GALA MULLERES	91201.22699	202500035718	211,37	3/1/2024	ALCALDIA	D
106682	RODRIGUEZ* CABANAS,PABLO	33338769Q	13	GUARDERIA DE SAN FIZ - LIMPIEZ A DE CALDERA DE GAS---	32384.21300	202500035580	302,50	9/1/2024	ENXEÑERÍA	B
106960	RODRIGUEZ* CABANAS,PABLO	33338769Q	8	ESCUELA INFANTIL GREGORIO SANZ - REVISAR RADIADORES Y ARREGLAR AVERIA---	32382.21300	202500035741	489,18	8/1/2024	ENXEÑERÍA	B
109603	TEI LUGO INSTALACIONES SL	B27450113	00000093	Capítulo 03: BOMBEO VIA DO TRE N-UD. REPARACION BOMBA SUMERGI BLE TRITURADORA GRUNDFOS APG.5 0.48.3: 1.- Rebobinar bomba a	17000.22799	202500031232	10.050,67	30/7/2024	AMBIENTE	B
112255	COMERCIALIZADORA DE MEDIOS GRUPO EL PROGRESO SLU	B27406339	29	Catro campañas de banner do Co ncello de Lugo durante 7 días cada unha. ---	91201.22602	202500035767	10.000,00	31/12/2024	PRENSA	B
112293	EXPOSITO*PARD O,MANUEL	33837849L	25/1/230	Cátering	91201.22699	202500035721	750,00	14/1/2025	ALCALDIA	D
112327	ALONSO LISTE SL	B27419944	269	PATROCINIO DO CONCELLO DE LUGO ---	34100.22799	202500031806	5.000,00	13/1/2025	DEPORTES	D
112755	EXPOSITO*PARD O,MANUEL	33837849L	25/1/00001	Ágape	91201.22699	202500035764	5.995,00	10/2/2025	PRENSA	B
113647	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES SAU	A15474281	000639237	20718393 cable corporativo NOB A backup ADSL + 5906980002367 Bono M2M 1GB internet móvil cu ota m2m + 5906980002370 Bono M	92002.22200	202500007988	785,37	1/12/2022	INFORMATICA	C
97799	EULEN SA	A28517308	3787069	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Ape rtura Museo Míhl día 6 de febrero y cobertura de eventos fu era de horario de apertura en	91201.22699	202500035718	336,86	3/2/2023	ALCALDIA	D
TOTAL							36.429,36			

- Facturas Reparación 43-2025:

CÓDIGO	PROVEEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110311	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO	33338769Q	75	COLEGIO MARIA WONENBURGUER - ESCOLA INFANTIL RUA VAZQUEZ QUE IPO CAMBIAR DEPOSITO INTERCUMULADOR---	32383.21300	202500035747	5.700,33	2/9/2024	ENXEÑERÍA	B

111298	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO	33338769Q	101	LIMPIEZA CALDERAS EN LAS ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES SIERRA DE OUTES, GREGORIO SANZ, MARIA WONENBURGER Y LUIS SOTO-L	32000.21200	202500006761	1.210,00	22/10/2024	ENXEÑERÍA	B
TOTAL							6.910,33			

- Facturas Reparo 46-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110991	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1561	Desratización en redes de serv icios Mes de octubre 2024 (PR ESUPUESTO SERVICIO CONTROL DE PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JULIO	17000.22799	202500023061	18.642,47	31/10/2024	AMBIENT E	C
111544	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1684	Desratización en redes de serv icios Mes de noviembre 2024 (PRESUPUESTO SERVICIO CONTROL D E PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JUL	17000.22799	202500023061	18.642,47	30/11/2024	AMBIENT E	C
112017	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1884	Desratización en redes de serv icios Mes de diciembre 2024 (PRESUPUESTO SERVICIO CONTROL D E PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JUL	17000.22799	202500031140	18.642,47	30/12/2024	AMBIENT E	C
						55.927,41			

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados

nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a
cantidade de **99.267,10 €**:

- Facturas Reparo 39-2025:

CÓDIGO	PROVEADOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
102260	EULEN SA	A28517308	3874282	CONCELLO DE LUGO (LUGO) EVE NTO 22 DE SEPTIEMBRE DE 2023. FESTIVIDAD DE LA MERCED, INSTI TUCIONES	91201.22699	202500035718	117,43	30/9/2023	ALCALDIA	D
103892	EULEN SA	A28517308	3897250	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Fac turación de eventos de alcaldí acelebrados no Míhl no mes de novembro de 2023.: X Noite da	91201.22699	202500035718	411,01	30/11/2023	ALCALDIA	D
104302	EULEN SA	A28517308	3901532	CONCELLO DE LUGO (LUGO) SER VICIO DE APERTURA Y ATENCION A LPUBLICO DE LA OFICINA MUNICIP AL DE TURISMO, DE LOS CENTROS	91201.22699	202500035718	325,25	16/12/2023	ALCALDIA	D
104304	EULEN SA	A28517308	3901102	CONCELLO DE LUGO (LUGO) EVE NTO MONTAXE EIXO ATLÁNTICO DÍA S 22, 23 Y 24 DE FEBREIRO DE 2 023 11,5h ordinarias x 19,20h=	91201.22699	202500035718	423,26	15/12/2023	ALCALDIA	D
104305	EULEN SA	A28517308	3901527	CONCELLO DE LUGO (LUGO) SER VICIO DE APERTURA Y ATENCION A LPUBLICO DE LA OFICINA MUNICIP AL DE TURISMO, DE LOS CENTROS	91201.22699	202500035718	23,23	16/12/2023	ALCALDIA	D
104306	EULEN SA	A28517308	3901107	CONCELLO DE LUGO (LUGO) SER VICIO DE ATENCION E INFORMACIO NEN EL CONCELLO DE LUGO (ALCAL DIA) EN LOS EVENTOS QUE SE HAN	91201.22699	202500035718	1.208,23	15/12/2023	ALCALDIA	D
104537	EULEN SA	A28517308	3909739	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Fac turación de eventos de alcaldí acelebrados no Míhl no mes de DECEMBRO de 2023:GALA MULLERES	91201.22699	202500035718	211,37	3/1/2024	ALCALDIA	D
106682	RODRIGUEZ* CAB ANAS,PABLO	33338769Q	13	GUARDERIA DE SAN FIZ - LIMPIEZ A DE CALDERA DE GAS---	32384.21300	202500035580	302,50	9/1/2024	ENXEÑERÍA	B
106960	RODRIGUEZ* CAB ANAS,PABLO	33338769Q	8	ESCUELA INFANTIL GREGORIO SANZ - REVISAR RADIADORES Y ARREGL AR AVERIA---	32382.21300	202500035741	489,18	8/1/2024	ENXEÑERÍA	B

109603	TEI LUGO INSTALACIONES SL	B27450113	00000093	Capítulo 03: BOMBEO VIA DO TRE N-UD. REPARACION BOMBA SUMERGI BLE TRITURADORA GRUNDFOS APG.5 0.48.3: 1.- Rebobinar bomba a	17000.22799	202500031232	10.050,67	30/7/2024	AMBIENTE	B
112255	COMERCIALIZAD ORA DE MEDIOS GRUPO EL PROGRESO SLU	B27406339	29	Catro campañas de banner do Concello de Lugo durante 7 días cada unha. ---	91201.22602	202500035767	10.000,00	31/12/2024	PRENSA	B
112293	EXPOSITO* PARD O,MANUEL	33837849L	25/1/230	Cátering	91201.22699	202500035721	750,00	14/1/2025	ALCALDIA	D
112327	ALONSO LISTE SL	B27419944	269	PATROCINIO DO CONCELLO DE LUGO ---	34100.22799	202500031806	5.000,00	13/1/2025	DEPORTES	D
112755	EXPOSITO* PARD O,MANUEL	33837849L	25/1/00001	Ágape	91201.22699	202500035764	5.995,00	10/2/2025	PRENSA	B
113647	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACI ONES SAU	A15474281	000639237	20718393 cable corporativo NOB A backup ADSL + 5906980002367 Bono M2M 1GB internet móvil cu ota m2m + 5906980002370 Bono M	92002.22200	202500007988	785,37	1/12/2022	INFORMATICA	C
97799	EULEN SA	A28517308	3787069	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Ape rtura Museo Míhl día 6 de feb rero y cobertura de eventos fu era de horario de apertura en	91201.22699	202500035718	336,86	3/2/2023	ALCALDIA	D
TOTAL							36.429,36			

- Facturas Reparo 43-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110311	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO	33338769Q	75	COLEGIO MARIA WONENBURGUER - E SCOLA INFANTIL RUA VAZQUEZ QUE IPO CAMBIAR DEPOSITO INTERCUMU LADOR---	32383.21300	202500035747	5.700,33	2/9/2024	ENXEÑERÍA	B
111298	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO	33338769Q	101	LIMPIEZA CALDERAS EN LAS ESCUELAS INFANTILES SIERRA DE OUTES, GREGORIO SANZ, MARIA WONENBURGER Y LUIS SOTO-L	32000.21200	202500006761	1.210,00	22/10/2024	ENXEÑERÍA	B
TOTAL							6.910,33			

- Facturas Reparo 46-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110991	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1561	Desratización en redes de serv icios Mes de octubre 2024 (PR ESUPUESTO SERVICIO CONTROL DE PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JULIO	17000.22799	202500023061	18.642,47	31/10/2024	AMBIENT E	C
111544	SANAL CONTROL	A24-1684	Desratización en redes de	17000.22799	202500023061	18.642,47	30/11/2024	AMBIENT	C

	MEDIOAMBIENTAL SA A15030414		serv icios Mes de noviembre 2024 (PRESUPUESTO SERVICIO CONTROL D E PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JUL					E	
112017	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1884	Desratización en redes de serv icios Mes de diciembre 2024 (PRESUPUESTO SERVICIO CONTROL D E PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JUL	17000.22799	202500031140	18.642,47	30/12/2024	AMBIENT E	C
						55.927,41			

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois dámoslle a palabra á portavoz do goberno, Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Moi bo día a todas e a todos. Este recoñecemento extraxudicial de crédito tramítase co obxectivo de regularizar as obrigas económicas derivadas de facturas correspondentes a servizos efectivamente prestados no exercicio anterior, por un importe de 99.267,10 euros que foron imputados ao orzamento no seu momento.

Como repetimos pleno tras pleno, esta xustificación utilízase a través do mecanismo de recoñecemento extraxudicial de crédito baseado nos seguintes fundamentos: a existencia de servizos efectivamente prestados, servizos municipais que se verificaron xunto coa execución real das distintas prestacións, contando tamén cos informes de conformidade das áreas técnicas correspondentes, con conformidade económica orzamentaria, a contabilidade municipal certificou a existencia de crédito, requisito indispensable para xustificar esta facturación sen que isto supoña un prexuízo para a prestación de servizos esenciais nin comprometa aos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Tamén a outro dos principios é para evitar o enriquecemento inxusto da administración ao tratarse de servizos xa realizados en beneficio do interese xeral e recoñecendo as obrigas para quen non caíamos no enriquecemento inxusto da Administración. E, finalmente, pola legalización de tramitación. A proposta deste acordo fundaméntase, baséase, na aplicación do artigo 60.2 do decreto 500/1990, que permite o recoñecemento extraxudicial das obrigas cando se cumpren os requisitos mencionados.

En consecuencia, propoñemos a este Pleno a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito para dar cobertura legal e contable ás obrigas pendentes, garantindo a continuidade e calidade dos servizos públicos municipais.

Dentro das facturas máis significativas que se levan a cabo neste recoñecemento temos: Sanal, Control Medioambiental, para a desratización en redes de servizos, cun orzamento de 55.927 euros; TEI Lugo Instalacións SL, para a reparación da bomba somerxible trituradora, por 10.050,67 euros; a Comercializadora de Medios

do Grupo do Progreso, para campañas de banners do Concello de Lugo e servizos de catering e realización de eventos necesarios no Concello de Lugo, por valor de 6700,45 euros; tamén se levan a recoñecemento as reparacións e mantemento de escolas infantís e centros municipais, cun importe de 6910,33 euros. Estas facturas representan máis do 90% do importe do expediente e reflicten os gastos necesarios para o funcionamento, como dicía, ordinario, dos servizos esenciais do Concello de Lugo.

Foron emitidas, como digo, por diferentes provedores correspondentes aos servizos que actúan en eventos municipais, mantemento de instalacións educativas, campañas de comunicación, control de pragas, entre outros, e propónse a este Pleno a súa aprobación para dar continuidade aos expedientes para poder facer fronte ao pago desta desta facturación.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Ten agora a palabra, en representación do grupo Popular, a señora Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas alcalde e bos días a todos e a todas. Novamente se teñen que levar a Pleno recoñecementos extraxudiciais con reparo de legalidade. Señora González Abelleira, non trate de branquealo, os reparos de legalidade están regulados na lei, si, pero o que di a lei é que, se no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes a adopción de acordo ou da resolución, e iso é o que fan dende Intervención, porque están en desacordo, que non é o Partido Popular. Outra cousa diferente é que vostedes se xunten, PSOE e BNG, e tapen as vergoñas uns doutros. Así que pídolle que non lle falten máis ao respecto aos traballadores deste Concello e aos lucenses, que non somos parvos e deixe de branquear os reparos de legalidade porque nin son normais nin son habituais, son, díggollos un Pleno máis e llo direi mentres os teñan, trapalladas.

A este Pleno elevan case 100.000 euros en facturas con reparo. Hai oito facturas de Alcaldía do ano 2023 sen pagar, de hai dous anos sen pagar e sen ningún tipo de contrato, porque nestas oito facturas da Alcaldía omiten o procedemento de contratación. Neste reparo inclúen case 4000 euros en facturas desde a Alcaldía nas que contrataron servizos sen facer ningún tipo de contrato, non o publicitaron, non o licitaron, non o publicaron na Plataforma de Contratación, para que calquera autónomo, calquera empresa, puidese optar a facer os traballos, non houbo consignación de gasto, saltáronse todos os trámites legais; entre estas facturas, é curioso como lle pagan á mesma persoa dous traballos, unha desde a área Alcaldía por un catering de 750 euros e outra conformada un par de días máis desde Área de Prensa polo ágape de case 6000 euros. A última factura é do ano 2022. Como é posible que teñan tres anos parada unha factura de 6000 euros? Eu é que non o

entendo, entre as dous facturas se deben case 7000 euros, entre as dúas facturas páranllas dende Intervención porque non seguiron os trámites legais do contrato menor. Unha vez máis, falta a licitación do contrato. Señora González Abelleira, entre a normativa de contratación á que está sometida o Concello de Lugo, e que é de obrigado cumprimento, está a lei de contratación do sector público, e o primeiro artigo, o primeiriño, regula o obxecto e finalidade. Obxecto: regular a contratación do sector público e, a finalidade, garantir que se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade, transparencia dos procedementos, non discriminación e igualdade de trato aos licitadores. É o primeiro artigo e vostedes dende a Alcaldía xa o incumpren por completo, se *saltan la ley a la torera*.

E seguimos. No Pleno pasado incluían 11 facturas á mesma persoa, ao mesmo proveedor, por un importe de máis de 9000 euros polo mantemento, como xa dixo vostede, de caldeiras, gas, radiadores, nos que tampouco constaba o procedemento de licitación. Este Pleno suma e segue. Facturas ao mesmo autónomo e sen contrato, en total 7702 euros en facturas de fai case un ano. É dicir, que entre o mes pasado e este mes debíanlle a este autónomo case 17.000 euros. Como é posible que lle estean endebedando a un autónomo case 17.000 euros polos traballos feitos? Saben vostedes o que é 17.000 euros para un autónomo, para unha empresa? No Pleno pasado non me contestaron a ver se neste teño máis sorte. Por que non teñen un plan para o mantemento das caldeiras, do gas, dos radiadores das escolas infantís? Téñenas abandonadas. E tamén poden facer un contrato con medios propios, non teñen porque externalizado. Levan anos demandando este servizo reiteradamente e non o teñen.

Tamén inclúen case 56.000 euros correspondentes a tres facturas pola desratización dos meses de outubro, novembro e decembro do ano, 2024 e, unha vez máis, contrato caducado, contrato prorrogado, que non ten cobertura xurídica porque teñen os contratos caducados ano tras ano. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas, señor Carballas. Seguinte quenda para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Pois a xustificación do uso do REC non llo teño que dicir eu, simplemente hai que aplicar a normativa, é unha figura contemplada na normativa e que se pode facer. Son servizos efectivamente realizados, contan cos informes de conformidade técnica e de avaliación dos responsables das distintas áreas acreditando a súa execución, hai crédito dispoñible para levalas a cabo e a contabilidade municipal certifica a existencia deste crédito sen afectar á prestación doutros servizos. É legal, a legalidade e o interese público, que son ao que nós podemos agarrar para xustificar este recoñecemento de crédito, para garantir que se pague a eses autónomos que vostede menciona. É unha garantía de continuidade, que permite manter a calidade dos servizos públicos sen comprometer outros obxectivos de estabilidade

orzamentaria. E di vostede que as escolas infantís están abandonadas, si, pola Xunta de Galicia, que é quen ten competencias nesa materia, e grazas ao Concello de Lugo, as crianzas poden gozar deste servizo. Tamén aproveito para reivindicar que, se o considera, soliciten na Comunidade autónoma que se faga cargo de todos os servizos que estamos levando a cabo dende o Concello de Lugo para cubrir esas eivas que a Xunta de Galicia, sendo competencias propias, non realiza.

E vólvolle dicir, señora, Carballas, que é unha figura normativa legal, que se realiza para garantir a continuidade dos servizos e o interese xeral das prestacións que este Concello ten a obriga de dar.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a segunda quenda de palabra a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Hai que aplicar a normativa, pero a normativa tamén di que teñen que licitar os contratos e, por iso, páranlle estas facturas en Intervención. Ademais, traizoouna o subconsciente, dixeron: *é o que podemos agarrarnos para xustificalo*. Entón traizoouna o subconsciente e despois en canto ás competencias impropias e a Xunta de Galicia, e xa sei que lle encantaría facer, como a súa compañeira a señora Méndez, que se foi para Santiago e deixou Lugo, pero, mire, vostede está gobernando en Lugo neste Concello, debería estar moi orgullosa de representar a todos os lucenses, como estamos dende o grupo municipal do Partido Popular, que tratamos de facer o traballo o mellor posible e non votamos balóns fóra para tratar de xustificar onde non chegamos. Vostedes saltáanse a lei, como xa dixen na miña primeira intervención, unha e outra vez, non fan as tramitacións do contrato, que iso si que lle obriga a facerllo a lei, non fan a publicación, non fan as consignación de gastos, que haxa cartos non significa que a que houbese feito a previsión de gasto, non a están facendo. Non é que teñan as facturas nun caixón sen pagar ou que están pagando tarde e que non cumpren os trámites legais. Non publican os contratos, non están publicando os contratos menores desde fai máis dun ano. Estanse saltando o primeiro artigo da Lei de contratación do sector público, que eu xa sei que dos contratos no PSOE é moi complicado, que é o seu punto débil. O estamos vendo con Koldo, con Ábalos, con Cerdán, con Jessica, con Claudia, Andrea, Leticia, Carolina, co outro, co da moto. Eu xa sei que o BNG se pon de perfil e xoga ao mesmo, porque é o que fai, pero a lei está para cumprila e o que non poden facer é o que lles veña en gana, e facer da excepción o normal.

Señora González Abelleira, tampouco me contestou ás preguntas que lle fixen, por que non teñen un plan de mantemento das caldeiras, do gas e dos radiadores, por medio dun contrato ou por medios propios? Levan anos demandando estes servizos reiteradamente, non é algo puntual e con planificación e organización aforraríase tempo, traballo e diñeiro. E dúas cousas xa para rematar. Pídlles que deixan de branquealo. O recoñecemento extraxudicial é unha excepción ao

principio orzamentario e os reparos de legalidade pararllos desde Intervención porque non están cumprindo os trámites legais. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda para a voceira municipal. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois claro que é un orgullo representar a cidadanía de Lugo e tamén é un orgullo poder investir máis de 14 millóns de euros que non nos corresponde, sen deixar de atender tamén aos outros servizos, que no son de obriga do Concello de Lugo, 13 millóns de euros en competencias impropias que debería facer a Xunta. Volvo a dicir, e aquí hai representantes do Parlamento, que o trasladen, que nos deixen a Lugo 13 millóns máis e, ao mellor, outras cousas poderíamos tamén facer porque estamos encantados de traballar.

Volvo a dicir, é unha figura legal, vostede agarrase a branquear, eu chámolle outra cousa e, se considera que non se están facendo ben as cousas, pois vaia onde teña que ir, señora Carballas, pero é que é o formato que nos permite a lei para garantir o pago de todas estas facturas necesarias para a continuidade do servizo e para o interese xeral.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Pois, debatido o punto, pasamos á votación.

5/90 SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2025.-
Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 19 de xuño de 2025, do seguinte teor literal:

“Importe: 6.438.119,66 euros

Destino:

- Documentos técnicos da área de Parques e Xardíns para declaración BIC do parque Rosalía de Castro e estado do arborado da mediana da Volta da Viña: 15.000,00 €
- Nova licitación do contrato do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza nas Escolas Infantís Municipais Luis Soto Menor (Lote 1) e María Wonenburger (Lote 2): 123.000,00 € (respectivamente)
- IVE correspondente ao contrato de servizo de limpeza de centros, dependencias e CEIPS do Concello de Lugo: 458.153,00 €
- Nova licitación dos servizos de control de acceso e seguridade dos usuarios

e mantemento dos sistemas de tratamento da auga e do sistema de climatización da instalación das “Caldas do Miño” do Concello de Lugo: 47.763,24 €

- Patrocinio Club Deportivo Lugo, S.A.D. do ano 2024: 100.000,00 €**
- Programación e funcionamento do Auditorio Fuxan os Ventos: 200.000,00**
- Subvencións nominativas da área de Deportes. Modificación Plan Estratéxico de Subvencións: 55.000,00 €**
 - Nova liña de subvencións en réxime de concorrencia da área de deportes. Modificación Plan Estratéxico de Subvencións: 80.000,00 €**
- Expropiación/adquisición terreos Sagrado Corazón para dotación de Centro de Saúde e equipamento do barrio: 950.000,00 €**
- Canon control vertidos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., correspondente ao exercicio 2022 (375.253,33 €) e 2023 (375.253,33 €)**
- Adecuación das necesidades do Concello de Lugo en materia de comunicación e publicidade institucional: 130.000,00 €**
- Amortización anticipada de débeda, destino de superávit orzamentario, artigo 32 LOEOSF: 3.304.696,76 €**
- Transferencia de capital Pazo de Feiras e Exposicións de Lugo para obras de reparación. Cota Concello de Lugo: 51.000,00 €**
- Abastecemento e reposición de elementos necesarios para ordenación e reparacións no Cemiterio municipal de San Froilán: 20.000,00 €**
- Actividades para promoción e difusión da praza e mercado de abastos (Feira da Lá, Mercado de Nadal ...): 30.000,00 €**

Mediante Decreto núm. 3785/2025 do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo, do 13.04.2025, de aprobación da Liquidación do Orzamento Xeral Municipal 2024, que reflicte un Remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible de 13.886.931,92 €.

En consecuencia, logo de ver:

- O informe de Intervención Ref.: 2025/970, do 18.06.2025.
- O acordo da Xunta de Goberno Local nº 2/247, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 19.06.2025, polo que se aproba o proxecto de modificación do vixente

Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2025), por importe de 6.438.119,66 €

- Considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria-providencia que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2025) por importe de 6.438.119,66 €, co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Actuación	Aplicación Orzamentaria	Importe
	Documentos técnicos área de Parques e Xardíns para declaración BIC do Parque Rosalía de Castro e estado arborado da mediana da Volta da Viña	17100.22799	15.000,00 €
	Nova licitación do contrato do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza na Escola Infantil Municipais Luis Soto Menor (Lote 1)	32384.22799	123.000,00 €
	Nova licitación do contrato do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza na Escola Infantil Municipais María Wonenburger (Lote 2)	32383.22799	123.000,00 €
	- IVE correspondente ao contrato de servizo de limpeza de centros, dependencias e CEIPS do Concello de Lugo	93301.22700	458.153,00 €
	- Nova licitación dos servizos de control de acceso e seguridade dos usuarios e mantemento dos sistemas de tratamento da auga e do sistema de climatización da instalación das "Caldas do Miño" do Concello de Lugo	34100.22799	47.763,24 €
	- Patrocinio publicitario C.D. Lugo 2024	34100.22799	100.000,00 €
	- Programación e funcionamento Auditorio Fuxan Os Ventos	33322.22799	200.000,00 €
	- Elementos necesarios para ordenación e reparacións no Cemiterio municipal de San Froilán	16400.22699	20.000,00 €
	- Subvencións nominativas área de deportes e nova liña de subvencións en concorrencia deportes	34100.48900	135.000,00 €
	- Adecuación de gastos de comunicación e publicidade institucional	24100.22602	80.000,00 €
	- Adecuación de gastos de comunicación e publicidade institucional	33000.22602	50.000,00 €
25RT00001	- Expropiación/adquisición terreos Sagrado Corazón para Centro de Saúde e equipamento	15100.60001	950.000,00 €
	- Canon control verquidos CHMS ano 2022 e 2023	16100.20900	750.506,66 €
	- Amortización débeda por superávit orzamentario, artigo 32 LOEOF	01100.91301	3.304.696,76
25RT00002	- Transferencia de capital Pazo de Feiras e Exposicións de	42200.74900	51.000,00 €

	Lugo para obras de reparación		
	- Actividades para promoción e difusión da praza e mercado de abastos	43120.22699	30.000,00 €
	TOTAL		6.438.119,66 €

TOTAL ESTADO DE GASTOS: 6.438.119,66 €

ESTADO DE INGRESOS. Financiamento:

Financiamento: Remanente de Tesourería para gastos Xerais

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	6.438.119,66 €

TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 6.438.119,66 €

Segundo: Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobado a modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2025) por importe de 6.438.119,66 €, co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Actuación	Aplicación Orzamentaria	Importe
	Documentos técnicos área de Parques e Xardíns para declaración BIC do Parque Rosalía de Castro e estado arborado da mediana da Volta da Viña	17100.22799	15.000,00 €
	Nova licitación do contrato do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza na Escola Infantil Municipais Luis Soto Menor (Lote 1)	32384.22799	123.000,00 €
	Nova licitación do contrato do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza na Escola Infantil Municipais María Wonenburger (Lote 2)	32383.22799	123.000,00 €
	- IVE correspondente ao contrato de servizo de limpeza de centros, dependencias e CEIPS do Concello de Lugo	93301.22700	458.153,00 €
	- Nova licitación dos servizos de control de acceso e seguridade dos usuarios e mantemento dos sistemas de tratamento da auga e do sistema de climatización da instalación das "Caldas do Miño" do Concello de Lugo	34100.22799	47.763,24 €
	- Patrocinio publicitario C.D. Lugo 2024	34100.22799	100.000,00 €
	- Programación e funcionamento Auditorio Fuxan Os Ventos	33322.22799	200.000,00 €
	- Elementos necesarios para ordenación e reparacións no Cemiterio municipal de San Froilán	16400.22699	20.000,00 €
	- Subvencións nominativas área de deportes e nova liña de subvencións en concorrencia deportes	34100.48900	135.000,00 €
	- Adecuación de gastos de comunicación e publicidade institucional	24100.22602	80.000,00 €
	- Adecuación de gastos de comunicación e publicidade institucional	33000.22602	50.000,00 €
25RT00001	- Expropiación/adquisición terreos Sagrado Corazón para Centro de Saúde e equipamento	15100.60001	950.000,00 €
	- Canon control verquidos CHMS ano 2022 e 2023	16100.20900	750.506,66 €
	- Amortización débeda por superávit orzamentario, artigo 32 LOEOSF	01100.91301	3.304.696,76
25RT00002	- Transferencia de capital Pazo de Feiras e Exposicións de Lugo para obras de reparación	42200.74900	51.000,00 €
	- Actividades para promoción e difusión da praza e mercado de abastos	43120.22699	30.000,00 €
	TOTAL		6.438.119,66 €

TOTAL ESTADO DE GASTOS: 6.438.119,66 €

ESTADO DE INGRESOS. Financiamento:

Financiamento: Remanente de Tesourería para gastos Xerais

Concepto	Denominación	Importe
----------	--------------	---------

870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	6.438.119,66 €
--------	--	----------------

TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 6.438.119,66 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, ten a palabra a voceira municipal, señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moi ben. A posibilidade de traer a este Pleno un suplemento de crédito por importe de máis de 6.400.000 euros é consecuencia de ter liquidado un orzamento do ano 2024 con remanentes de tesourería para gastos xerais, froito, entendemos, da boa xestión económica realizada por este equipo de goberno, tal e como se facía referencia pola intervención municipal no informe da dita liquidación.

Estes resultados económicos positivos son os que hoxe nos permiten afrontar novos proxectos, diversas axudas a colectivos e o mantemento e mellora de servizos municipais. Seguramente o Partido Popular, como xa demostrou na primeira intervención, veña preparado coa artillería para desacreditar calquera proposta que realizamos dende este Goberno, pero xa lles adianto que estamos moi convencidos da nosa forma de proceder. Imos por bo camiño e nesa liña queremos continuar e ímonos manter porque vostedes só pretenden que gastemos millóns e millóns de euros, incluso a través do Goberno da Xunta de Galicia que, ante cada iniciativa conxunta ou que se propón en colaboración entre administracións, sempre piden que o Concello poña enriba da mesa cartos para levalas a cabo, cando moitas veces son obriga desa Administración. Deben pensar que temos a fábrica das moedas, porque tamén nos critican cando este Goberno decide actualizar os impostos e as taxas municipais, que son a forma da Administración de conseguir eses cartos. E, dende o Concello seguimos traballando para dar solvencia e conseguir que todas as obras, servizos ou actuacións que nós propoñemos saian adiante.

Pero, como lles dixen, imos seguir dando pasos dentro das nosas posibilidades económicas, que son as que son, como xa todos coñecen, para que cada euro dos

lucenses e das lucenses se invista o mellor posible, a pesar desa artillería, como lles digo que traen sempre preparadas, supoño que non se atreverán a criticar o destino das partidas deste suplemento, que hoxe levamos a aprobación do Pleno, porque vostedes tamén comparten, salvo que hoxe tamén cambien de opinión, que o parque Rosalía poida ser declarado BIC ou certificar as árbores da Volta da Viña non supoñan un perigo para para a seguridade peonil ou viaria. Tamén inclúe o contrato das escolas infantís e, miren por onde, xa llo dixen antes, é que é competencia da Xunta, de Galicia, e os recursos ao final saen do Concello de Lugo, podendo investilos en competencias que nos son máis propias. Pero, como somos previsores e perfectamente sabedores dos nosos compromisos e da palabra dada á cidadanía, queremos contar cos recursos necesarios para facer fronte, en caso de ser preciso, á expropiación outro dos casos, dos terreos do Sagrado Corazón para a dotación do centro de saúde, con 950.000 euros, un esforzo económico que lle supón o Concello, pero creemos de xustiza que debemos investilo. Ás veces tamén é necesario sacar la chequeira, como fai o Partido Popular, non soamente para as festas. Se vostede di de onde están eses contratos para pagar tanta festa e tanta cerimonia, pois a min tamén me gustaría velos, pero saquen a chequeira non soamente para financiar esas festas e contribúan a iniciativas que son de interese xeral para para a veciñanza de Lugo, como pode ser o Sagrado Corazón.

E, como case sempre, seguen criticando a nosa forma de proceder na xestión dos recursos públicos, permítanme que hoxe desde aquí poida poñer en entredito a colaboración económica que dende o Goberno autonómico ten para Lugo, en lugar de tratar de asfixiar á caixa común dos lugueses e luguesas para beneficiar algúns, porque aí si que vostedes utilizan moi a menudo a discrecionalidade en detrimento de competencias que lle son propias, autonómicas. Estamos a prestar servizos que a cidadanía demanda e que queremos que teña, independentemente de quen teña a competencia. Eu, soamente, se me permiten, fagan esa pequena reflexión.

Neste suplemento tamén se inclúe a amortización anticipada de débeda, que é o que nos vai permitir seguir cubrindo futuras necesidades. Continúo na seguinte.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Abelleira. Primeira quenda para a portavoz do grupo Popular, señora Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas, alcalde. Señora González Abelleira, que presuma de xestión económica cando tiveron que pedir un crédito de 13 millóns de euros no ano pasado e oito e medio neste ano para facer inversións, sinceramente creo que non estivo moi acertada. E o mesmo cando di que miran por todos os lucenses, cando ben teñen demostrado que para vostedes hai lucenses de primeira e lucenses de segunda, así o demostran cos barrios e co rural, claro.

O que nos teñen que explicar aquí, non é o que pon no papel, porque iso xa o sabemos ler, o que teñen que explicar aos lucenses e que traen un suplemento de crédito de seis millóns e medio de euros para pagar obras, subministracións ou prestacións de servizos esenciais para o correcto funcionamento do Concello, seis millóns e medio de euros. O que teñen que explicar aquí aos lucenses é como ían afrontar eses pagos. O que deben explicar aos lucenses e por qué non incluíron nin un só euro para a posta en marcha e a programación do auditorio Fuxan os Ventos para este ano 2025; non o tiveron en conta, nos orzamentos dedicáronlle cero euros ao auditorio Fuxan os Ventos. Teñen que explicar que ían deixar ás entidades e clubs deportivos sen pagar as subvencións nominativas. Teñen que explicar tamén que ían a deixar sen subvencións en concorrencia na área de

Deportes, porque o puxeron sobre o papel, pero non o dotaron de orzamento. Que o BNG se gasta 30.000 euros en facer actividades no Mercado e na Praza de Abastos, como se fora a súa sucursal, pero seguen dándolles as costas aos praceiros, non os teñen en conta. Que levan dende o ano 2009 vendendo que queren que o Parque de Rosalía fose declarado ben de interese cultural e nin tiñan orzamento para os documentos técnicos necesarios, 16 anos esperando e un ano máis non o ían facer. E que ía pasar con contrato de cociña e comedor das Escolas infantís? Non tiñan dotación económica ían a deixalas ou sen servizo, ou non as ían pagar. Creo que debe contestalo.

Contrato da limpeza, ben, tiña moita présa, moita présa, por poñerse detrás da pancarta para que se actualizase o convenio colectivo, pero cando depende de vos, de PSOE e BNG, como sempre, lles dades as costas aos traballadores. Onde está o convenio propio para os traballadores do servizo de limpeza que prestan os seus servizos para as dependencias do Concello? Non moveron un papel xa se esqueceron delas. Veciños do Sagrado Corazón, levan, non sei, cinco anos mareando coa permuta da parcela para o centro de saúde. Nos mentiron no Pleno, aquí mesmo hai dous anos, nos dixeron que o acordo estaba practicamente feito. É que nos encontramos hoxe: que dotan de orzamento a expropiación ou adquisición. Menten e nin se acordan do que din que, por certo, este fin de semana tiveron festa e nin se acordaron de estar xunto a eles. Caldas do Miño, unha instalación que custou case un millón de euros e que está completamente infrautilizada, unha instalación dun millón de euros e dous anos e medio despois da súa inauguración segue sen contrato, acordándose agora de facer o contrato de acceso e de seguridade, o colmo da desidia. Club Deportivo Lugo non tramitaron o pagamento do patrocinio do club deportivo no ano 2024, débennles ao club 100.000 euros correspondentes ao ano 2024. Ten que darlles aos lucenses as explicacións correspondentes, queremos saber como ían facer fronte a estes pagos que afectan directamente ao correcto funcionamento do Concello, que afectan ao día a día da nosa cidade. Está claro que dende o Grupo Municipal do Partido Popular, como xa dixi, estamos moi, pero que moi afastados do modelo de xestión que está levando a cabo neste Concello, dos seus despilfarros e das súas subas de impostos, e estamos moi afastados do modelo de cidade que queremos construír. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular queremos un modelo de cidade que coida e

poña en valor o seu patrimonio, e vostedes, PSOE e BNG, insisto, nin foron capaces de conseguir que o parque de Rosalía fose declarado BIC. Esquécense do patrimonio cultural, esquécense dos clubs deportivos e esquécense do servizo de comedor das garderías, esquécense dos praceiros, esquécense dos veciños do Sagrado Corazón e doutros barrios tamén; esquécense do auditorio Fuxan os Ventos. En definitiva, esquécense de Lugo e esquécense dos lucenses. Barcos sen rumbo, cidade, sen lei. Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda para a voceiro municipal.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Mire, señora Carballas, eu creo que non sabe por que as administracións podemos optar a crédito. Vostede di que é pedir un crédito é unha catástrofe e non, non. É que o crédito precisamente avala a capacidade de xestión, e despois falta continuamente á verdade, eu creo que lle puxo un non en todos os inicios dos epígrafes do suplemento de crédito, porque que ou non leu ata o final o informe, porque, como lle dicía, á amortización anticipada da débeda permite rebaixar o noso endebedamento, como quedou claro estes días pasados coa adxudicación dese préstamo, que vostede di que é pouco máis que un pecado pedir, pero é como traballamos nas administracións, e presentáronse moitas entidades financeiras e iso é garantía de que somos un concello solvente. A mellora dos servizos municipais, vostede fala que non se fai caso ao Sagrado Corazón cando neste suplemento eses cartos; que non se fai caso ás instalacións como o Cemiterio, Praza ou o Mercado de Abastos, as Caldas do Miño, a programación do novo auditorio, a contribución de actividades realizadas por entidades deportivas ou mesmo o pagamento das obrigas contraídas que temos que asumir, todo iso vén no suplemento de crédito. Eu xa lle digo que en cada epígrafe debeu poñer non, non, non, non, pois é o que pon este suplemento. Este suplemento fala de 6.438.119,66 euros en contratos en escolas infantís, 246.000 euros; o IVE da limpeza municipal, 458.153 euros; adquisición dos terreos do Sagrado Corazón, 950.000 euros a amortización de débeda, 3.304.000 euros; canon de vertidos, 750.000 euros; auditorio Fuxan os Ventos para a realización de actividades que alí se van levar a cabo; para as entidades deportivas. É dicir, que me está contando, señora Carballas, é que todo o que vostede di que non é o que pon que si neste suplemento de crédito. Polo tanto, non nos pretenda enganar ou lease de novo o informe e non lle engada a coetilla de non, non, non, non, e sen lei, non sen lei están vostedes. Así que, señora Carballas, faga o favor de ser seria e de explicar para que é este suplemento de crédito, que é unha figura que nos permite levar a cabo estas accións grazas á boa xestión económica que realiza o Goberno de Lugo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Non dixen que pedir un crédito fose unha catástrofe, o que dixen é que non pode presumir de boa xestión económica cando, se non fose polo crédito, non poderían facer intervencións e nin con crédito foron capaces de facelas. Amortizar unha débeda anticipadamente, si, pero tamén porque están obrigados. Iso non o dixo. O que no me explicou é como ían pagar eses seis millóns de euros se non fóra por este suplemento. Iso é o que ten explicar, iso é o que ten que explicar como ían a pagar se non tiveran este suplemento de crédito. Ían deixar todo isto que poñen aquí nun caixón sen pagar, como fixeron coas facturas que vimos no recoñecemento extraxudicial de crédito que levaron a Pleno hoxe? Onde ían sacar os cartos? A realidade é que, se non fose por este suplemento de crédito, non se poderían pagar, non se podería pagar nin o servizo de comedor das escolas infantís; non se poderían pagar ás entidades e clubs deportivos as subvencións nominativas; non se poderían dar subvencións en concorrencia na área de deporte; seguiríamos debéndolle ao Club Deportivo Lugo os 100.000 euros do ano pasado; non habería mercado de Nadal; non repararían o cemiterio municipal; un ano máis seguirían sen tramitar os documentos necesarios para que o parque de Rosalía fose declarado ben de interese cultural, que ademais o teñen un pouco abandonado; non tiñan o medio millón de euros necesario para pagar o IVE do contrato de limpeza en centros, dependencias e colexios do Concello de Lugo; os veciños do Sagrado Corazón seguirían un ano máis sen o seu centro de saúde; cero euros para o auditorio Fuxan os ventos, insisto, non había dotación económica, como ían apagar as actividades?, como ían apagar os eventos que alí se fan?; Caldas ao Miño, repito, despois dun investimento de case un millón de euros e tras dous anos e medio da súa inauguración, segue sen contratos, non fixeron os contratos, vanos facer ou van seguir sen contrato?, nin contratos nin cartos. Creo que despois de gastar un millón de euros nunha infraestrutura, é bastante grave que se esquezan dela dous anos e medio, etcétera, etcétera, etcétera. Gastan os cartos dos lucenses en infraestruturas como son: carril bici, Impulso verde, Caldas do Miño, coliving artístico, infraestruturas que custa moito diñeiro mantelas, que supoñen un esforzo económico moi grande para este Concello e que aínda encima as teñen infrautilizadas. E, claro, despois non lle queda máis remedio que subirnos os impostos aos lucenses para pagar todas estas desfeitas económicas e aínda así segue sen chegarlles o diñeiro. Por favor, pódeme explicar como ían a facer para pagar estes seis millóns e medio de euros. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda para a voceira municipal, señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: A resposta a todas as súas preguntas é moi sinxela: como sabíamos que levabamos unha boa xestión económica, a través deste suplemento de crédito que, por certo que van facer?, van votar en contra? Non están a favor deste suplemento de crédito? Sabíamos que temos esta figura e que, dende logo, grazas á xestión podemos plantearnos todos estes aspectos que se indican no suplemento de crédito. Non sei, tanta crítica, vólvolle dicir non poña os non en cada epígrafe, porque isto é o que se vai realizar e prevíamos que se ía poder facer. Polo tanto, eu creo que queda máis que evidente que grazas a estes suplementos de crédito podemos realizar todas esas funcións porque xa as previamos realizar. Por certo, sabe o detalle da débeda da Xunta ao peche de 2024? Se non o sabe, dígollo eu: 11 millóns, preto de 12 millóns de euros. Entón leccións pouquiñas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben. Moitas grazas. Pois eu, señora Carballas, permítame facerlle unha pequena puntualización, e é que antes de verter determinados datos, eu creo que é importante informarse ou preguntar. E voulle poñer dous exemplos. Mire, na posible demora das subvencións con respecto ao Lugo, asegúrolles que non é atribuíble ao funcionamento deste Concello, como lle pode corroborar perfectamente o concelleiro de Deportes. E en relación á parcela do Sagrado Corazón, nós temos, como informamos, un principio de acordo con Abanca, eles teñen que aprobalo nos seus órganos de decisión e, en caso de que haxa algún problema e, para garantir que os nosos compromisos se cumpran, introducimos esta cantidade simplemente para asegurarnos de que a palabra dada e os compromisos, neste caso coa Xunta, os imos cumprir. E dito isto, pasamos á votación.

6/91 MODIFICACIÓN BASE EXECUCIÓN ORZAMENTO: MODIFICACIÓN CONTIDO BASE 24.E). SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DE BENESTAR SOCIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 18 de xuño de 2025, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES

- Acordo núm. 4/4 do Pleno ordinario do 30.01.2025 de aprobación inicial do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2025
- BOP núm. 30, do 06.02.2025 de publicación da aprobación inicial do expediente.
- Acordo núm. 4/43 do Pleno ordinario do 27.03.2025, de aprobación definitiva do expediente.
- BOP núm. 75, do 01.04.2025, de publicación da aprobación definitiva do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2025.

- Base núm. 24.E das de execución do Orzamento Xeral do Concello de Lugo para o 2025 "*Subvencións nominativas: Anexo*", na cal se inclúen na área de Cohesión Social, e aplicación orzamentaria 23179.48900, as seguintes subvencións nominativas:

23179.48900	SERVIZOS SOCIAIS			
"	AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	G27285980	Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias	10.000,00
"	AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	G15220577	Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	2.500,00
"	ALCER Lugo	G27015866	Programa de información e asesoramento sobre insuficiencia renal crónica e gastos de mantemento local asociativo	2.500,00
"	ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	G27209535	Programa de rehabilitación fisioterapéutica	2.500,00
"	ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	G27198977	Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais	10.000,00
"	ASORLU. Asociación de persoas sordas de Lugo	G27021187	Servizo de intérprete de lingua de signos e gastos de mantemento do local social	19.000,00
"	ASPACE LUGO Asociación de persoas con parálise cerebral de Lugo	G27178904	Programas de integración social e mantemento de locais sociais	5.000,00
"	ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	G27018365	Campamento de verán	16.000,00
"	AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	G08317059	Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	12.000,00
"	A. XITANA LUGO. Asociación de promoción e integración gitana de Lugo	G27017987	Programa de atención integral á poboación xitana nas áreas de familia, saúde, vivenda e educación, e mantemento do local social.	10.000,00
"	CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO	R2701016D	Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social	9.000,00

Benestar Social

PRG.prg

Ref: 2025/G004/000324

Asunto: Ordenanza reguladora das AESM

"	AECC. Asociación Española contra el cáncer	G28197564	Atención integral as persoas diagnosticadas de cancro de mama	2.500,00
"	ADACE LUGO. Asociac.de dano cerebral adquirido sobrevivido	G27337278	Programa de información e formación sobre dano cerebral adquirido e mantemento das instalacións da sede social	8.000,00
"	ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	G70223417	Emprego e Saúde a través do Empoderamento	3.000,00
"	COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo.	G27219773	Información, Orientación, Asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo.	19.000,00
"	Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	G27119809	- Xornadas penitenciarias lucenses: 1.500€ - Servizo de información, orientación e atención social: 3.000€	4.500,00
"	Cruz Roja Española	Q2866001G	-Proxecto mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar: 6.500 €. - Albergue transeúntes e persoas sen fogar 73.500 €	80.000,00
"	Asociación síndrome de DOWN de Lugo	G27202043	Programa de autonomía persoal e social	5.000,00
"	FADEMGALICIA. Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual o del desenvolvemento	G36620037	Servizo de Información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	2.000,00
"	FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	G15545353	Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental	5.000,00
"	RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	G27255991	Escola de familias	2.000,00
"	SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharauí	G15924558	Vacacións en Paz	7.000,00
"	SECRETARIADO GITANO	G83117374	Programa operativo de Inclusión Social e Economía Social ACCEDER	38.000,00
"	ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	G27382027	Asistencia integral á persoas afectadas:	3.000,00

exercicio físico e terapia
rehabilitadora, e
mantemento.

TOTAL

277.500,00

- Decreto nº 3837/2025, do 16.04.2025, de aprobación da modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito para dar cobertura ás obrigas de carácter económico da proposta de subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, para o programa Destacando na Ciencia, dentro do Programa universitario IV CICLO.

- Informe proposta da área de Cohesión Social, do 05.05.2025, asinado pola xefa de sección, Carmen Flores Ferreiro, coa conformidade da Concelleira delegada, dona Olga López Racamonde, no que se pon de manifesto, entre outros que *“O programa “Destacando na ciencia” ten un marcado interese social posto que os obxectivos son coincidentes cos establecidos no art. 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e que teñen un interese público, así mesmo, este programa conta con especialidades dentro do seu ámbito de actuación polo que se xustifica a adxudicación directa á Universidade de Santiago de Compostela, xa que conta con persoal experto en estudos, actividades formativas e asesoramentos para a impartición do programa subvencionado”, e cuxa parte dispositiva é a seguinte:*

“PRIMEIRO.- Modificar a BASE 24 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LUGO PARA O 2025, aos efectos de incluír como SUBVENCIÓN NOMINATIVA a seguinte:

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	Destacando na ciencia. Programa universitario IV CICLO	1.500,00 €

- Certificación de existencia de crédito da Tesourería municipal, do 16.04.2025: RC Ref.: 27732/2025, por importe de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900

- Visto que as consideracións xustificativas da necesidade da tramitación do presente expediente sintetízanse na proposta que se xunta ao expediente en base

á relevancia do papel da entidade como colaboradora con esta administración na procura da satisfacción das demandas cidadáns na prestacións de servizos de interese xeral.

- Proposta da Alcaldía-Presidencia, do 19.05.2025, asinada por D. Miguel Fernández Méndez:

“Iniciar o expediente de aprobación da modificación da Base de execución Num 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, aos efectos de incluír como subvención nominativa a seguinte na área de Cohesión Social:

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	Destacando na ciencia. Programa universitario IV CICLO	1.500,00 €

- Informe da Intervención municipal Ref 737/2025, do 23.5.2025
- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 1/197 APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24 DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2025. SUBVENCIONS NOMINATIVAS, adoptado en sesión de 04.06.2025

LEXISLACIÓN APLICABLE

A) Lexislación específica local:

- Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003 e lei 27/2013
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- RD Lei 4/2013 modificando a disposición adicional décimo sexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria.
- Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, Regulamento Presupostario.
- Orde 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura presupostaria das Entidades Locais
- Orde EHA 1781/2013 do 23 de novembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de contabilidade local
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Regulamento da Lei 38/2003, Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, Regulamento de Subvencións

B) Lexislación supletoria de Estado:

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria
- Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada por LO 9/2013

C) Normativa Comunidade Autónoma

- Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: art 294

D) Normativa propia

- Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións
- Plan Estratéxico de Subvencións Concello de Lugo : Pendente de actualización ano 2025
- Bases de execución

En consecuencia, vistos os antecedentes e os informes emitidos, singularmente o Informe da Intervención municipal Ref. 737/2025, do 23.5.2025, o acordo da Xunta de Goberno Local nº 1/197 APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24 DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2025. SUBVENCIONES NOMINATIVAS, adoptado en sesión de 04.06.2025

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro. Aprobación da modificación da Base de execución Num 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, aos efectos de incluír como subvención nominativa a seguinte, na área de Cohesión Social:

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	Destacando na ciencia. Programa universitario IV CICLO	1.500,00 €

Segundo: Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobación da modificación da Base de execución núm. 24. E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercicio 2025, aos efectos de incluír como subvención nominativa a seguinte, na área de Cohesión Social:

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	Destacando na ciencia. Programa universitario IV CICLO	1.500,00 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Tal como acordamos na Xunta de Portavoces, os seguintes tres puntos vanse a debater conxuntamente, aínda que logo a, a votación sexa por separado, Así que ten a palabra en primeira quenda a voceira municipal, señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moi ben, moitas grazas. Pois, estas tres modificacións das bases de execución en materia de subvencións teñen por

obxecto a inclusión de axudas que no momento da aprobación dos orzamentos non se contemplaron. Produto tamén, non da improvisación, como di a señora Carballas, senón de prever o que podemos ser a futuro grazas á boa xestión económica que leva a este Concello, ao obxecto e súa ser absolutamente rigorosos co procedemento establecido. A forma formula correcta para levalo a cabo é esta modificación das liñas existentes no Plan estratéxico de subvencións para a promoción e inserción social de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social; na de Deportes, na corrección dalgún erro detectado no momento da tramitación de axudas relativas a datos que non se correspondían e que estaban mal e hai que corrixir ese error e, aínda que o sistema habitual na lexislación en materia de subvencións públicas é o da concesión mediante concorrència competitiva, tamén permite a concesión destas subvencións directas, sempre que estean perfectamente motivadas e xustificadas, como así consta no expediente a súa xustificación. Todas as achegas nominativas teñen un obxectivo ou finalidade definido e determinado, de todos modos non podemos obviar que no momento de tramitalas realizase unha análise pertinente para comprobar que se cumpran todos os requisitos e fins para os que foron solicitadas antes de que esta axuda sexa abonada.

Nos casos que nos ocupan, en concreto, trátase dunha axuda de 1500 euros á Universidade de Santiago de Compostela para o programa universitario destacando na ciencia, que conta con persoal experto en estudos, actividades formativas e asesoramento e que, ademais, ten obxectivos coincidentes cos establecidos da Lei de servizos sociais de Galicia. As que tamén se inclúen na área de Deportes están dirixidas ás federacións galegas de diversas modalidades deportivas e a outras asociacións e colectivos para contribuír economicamente dende esta Administración coa organización dos eventos e actos destas federacións e a participación en determinados campionatos que, ademais de poñer a Lugo no mapa pola súa repercusión, tamén permiten ese recoñecemento a todas as entidades polos resultados que obteñen nas distintas competicións.

Sorpréndenos que o Partido Popular quixera debater estas modificacións, porque son feitos, podemos chamarlles, xenéricos para, detectadas unhas necesidades ou uns erros, modificalos para que haxa garantía de que as distintas entidades teñan esa aposta do Concello de Lugo e que se sintan apoiados por el, entre outros motivos porque habitualmente acoden a estes eventos e realizan fotos que colgan nas súas redes sociais e, ben, participan deles tamén, como é lóxico, como parte da oposición, pero realízanse en moitas ocasións grazas ao apoio exclusivo do Concello de Lugo. E, como poden comprobar nos distintos informes que acompañan estas modificacións, non poden poñer ningún pero acerca do procedemento da tramitación, outra cousa é que queiran utilizar este tema no debate para facer das súas cousas, de modificar ou manipular o entendemento que creo que as persoas teñen de como traballa o Partido Popular. Xa lles adianto que, por se acaso, por parte deste grupo e desta voceira debaterase só porque non imos discutir nin un ápice á finalidade para o que están feitas estas modificacións de crédito. Desde aquí gustaríame seguir destacando o compromiso que temos dende

este Concello de Lugo, desde este goberno, co tecido asociativo da cidade, e non podemos obviar que moitas veces conseguen as súas actividades grazas á implicación deste goberno, porque outras administracións seguen dándolles as costas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas alcalde. A primeira modificación das bases de execución é para a Universidade de Santiago de Compostela, á que destina 1500 euros para xornadas, destacando a ciencia dirixida aos alumnos do cuarto ciclo universitario, como ben dixo, esas xornadas xa se están a celebrar, eu mesma, como ben dixo vostede, tamén estiven nelas, polo que eu non vou entrar no fondo das subvención, pero no que si entro é na forma, porque é importante que teñan unha previsión dos gastos que van a ter, porque, se non fose por esta modificación, non se podería subvencionar estas xornadas. As subvencións quedan moi bonitas no papel, pero logo hai que dotalas de diñeiro. Por exemplo, pódennos explicar que pasou coas subvencións para a promoción e inserción social de colectivos desfavorecidos en risco de exclusión social? Puxérona no papel, pero non tiña achega económica. A segunda modificación é debida a que houbo un erro nos datos da asociación, dende a Alcaldía nin deron ben o nome da asociación nin deron ben o CIF. Claro, cando unha mesma persoa con diferentes asociacións recibe varias subvencións por parte do Concello, pois ás veces pasan estas cousas, que dende a Alcaldía confunden que a asociación era, neste caso para Feira de Produtos do Campo e Artesanía San Isidro, que se levou a cabo dende o 23 ao 25 de maio, ali se levaron a cabo diferentes actividades que parecía que eran actividades públicas, porque en ningunha delas no cartel poñía con invitación, ou poñía ata completar aforo, ben pois todos sabemos o que pasou no pregón do venres 23, que eu vou tratar de ser o máis imparcial posible, xa que, como sabedes, fun unha das afectadas, e fun unha das persoas a que non deixaron pasar ao pregón porque dixeron que non estaba invitada, a pregoeira veu a porta a dicir que eu estaba invitada por ela, pero entón xa non era que non estivera invitada, cambiouse de versión e na porta dixeron que non podían entrar cargos do Partido Popular. É dicir, que se nos imposibilitou estar no pregón pola nosa condición de ser concelleiras do Partido Popular. Unha persoa da directiva que estaba na porta díxome: *este local ou pago eu e non entrades cargos do Partido Popular*. Ben, pois parece que esa persoa non é era quen pagaba o local, senón que o local o pagabamos todos os lucenses. De feito, temos unha resolución dunha institución que, chegado o momento daremos a coñecer, que di textualmente: *A negativa a admisión nun acto ou establecemento público ten límites legais que teñen por fin evitar que o exercicio desa posibilidade legal resulte discriminatoria ou arbitraria. Neste contexto destaca a necesidade de impedir que o rexeitamento poida ter motivacións ou efectos discriminatorios por razón de sexo, ideoloxía,*

relixión, orientación sexual ou outro tipo non xustificado. É dicir, a non admisión en ningún caso pode resultar arbitraria. E ademais do anterior á Lei xeral de subvencións no seu artigo 2.c) di que o proxecto, a acción, conduta, ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, tendo en conta todo o que pasou o día 23 de maio, eu preguntolles a todos, van a continuar con esta subvención? Van continuar e van a continuar a financiar unha asociación que fomenta a discriminación por razóns políticas? Están a tempo de rectificar. Recorden que dende as administracións debemos ser exemplares e quero deixar claro que amosamos todo o noso apoio a veciños e comerciantes da Milagrosa, como así llelo amosamos sempre e non só o día en las festas. A terceira modificación é relativa ás nominativas na área de Deportes. No orzamento deste ano tiña a 325.000 euros dedicados a subvencións directas á área de Deportes. O 28 de maio, modificaron a cantidade e engadíronse 170.600 euros máis, en total case medio millón de euros de subvencións directas na área de Deporte. Pola contra, a cantidade que dedican a subvencións en concorrencia competitiva, na que todos están en igualdade de condicións, é 321.000 euros, case a metade.

No informe que fai a Intervención, á que facía referencia a señora Abelleira, destas modificacións das nominativas, pon explicitamente que a proposta das mesmas ten unha motivación razoada mínima, mínima, da súa necesidade. Imaxino que non queda suficientemente motivada a razón pola que lle dan a unhas ás asociacións 3000 euros e a outras 10.000, pero realmente preocupante de todo é o que xa dixen na anterior intervención, están a facer o mesmo que fai o PSOE no Goberno central: crea as leis sen dotación presupostaria, como pasou coa lei do ELA e coa da dependencia. Vostedes fan igual, pero coas subvencións, están facendo o mesmo que o ano pasado, que recordemos que en decembro houbo un suplemento de crédito co que se pagaron as subvencións da área de Cultura, Deportes e Benestar Social. Como ían facer para pagalas se non tiveran recibido ese diñeiro? Neste caso, porque crean dotacións e subvencións sen dotación presupostaria, sen saber de onde van sacar diñeiro? Se non teñen diñeiro non o poderán gastar. O que non pode ser é endebedarse sen controlar o que se gasta. Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Carballas. Ten agora a palabra a voceira municipal, señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Señora Carballas, agora enténdoo, xa lle dixen que non entendía porque querían seis minutos para debater estas tres modificacións, pero agora entendo porque necesitaban estes seis minutos porque o que menos lles interesa son as subvencións, senón porque non lles deixaron entrar, ou si, descoñezo se estaban invitadas ou non a un evento dunha asociación, e, por suposto, o informe que vostede manifesta da Valedora do Pobo, son informes públicos, non ameace en dalo a coñecer cando consideren oportuno, pode miralo

na relación de informes da Valedora do Pobo calquera persoa, é un informe non vinculante e público, así que todos podemos acceder a el e coñecer o seu contido.

O que está claro é que o que nos interesa realmente é poñer en valor o traballo inxente que realiza este Concello con máis de dous millóns de euros en subvencións e que agora o que vimos facer é esa modificación para garantir o cobro de subvencións que, ao mellor, no momento en que se pensou ou se planeou o orzamento non se tiveron en conta porque non sabiamos das necesidades que poderían xurdir, como algunhas subvencións en deportes, outras en servizos sociais ou outras en Desenvolvemento local. Polo tanto, vólvolle dicir, nós non improvisamos, temos esa capacidade a través dese suplemento de crédito e estas modificacións de orzamento para dar ou facer realidade o interese xeral que neste caso vén polo traballo que realizan os colectivos sociais e que necesitan deses cartos para realizar as actividades e moitas veces para axudar ás administracións ou incluso suplir ás administracións que non alcanzamos a poder facer todas as actividades que nos gustaría, e grazas ao traballo destas institucións sociais e deportivas pódense levar a cabo.

Sobre a modificación das bases, téñolle que dicir de que se trata, que non soamente é que non a deixarán entrar nun evento, senón que á Universidade de Santiago dáselle esa cantidade mencionada que, por certo, tamén lle recordo que a Universidade, grazas á participación das administracións locais, como o Concello de Lugo e a Deputación, o Campus Terra mantense vivo aquí nesta cidade. Polo tanto, eu creo que utilizar a modificación de crédito para criticar o traballo, que entendemos se fai ben dende o Concello de Lugo, pode ser oportunista, señora Carballas, se mo permite dicir.

A modificación que se fai en Desenvolvemento local de 2000 euros para a Asociación de Veciños da Milagrosa é simplemente unha modificación porque o CIF era erróneo, modificouse ese CIF, entón vostede utilice o argumentario como considere oportuno.

Despois, en canto ás axudas de Deportes, á Federación Galega de Judo, Campionato Galego de Judo, 6000 euros, porque non estaba contemplado que se chegará a el; o descenso do Miño, á Federación Galega de Piragüismo, outros 6000 euros; á Federación Galega de Atletismo, xornadas de promoción do Atletismo, 3000; á Asociación Española contra o Cancro, a Carreira Solidaria, que se decidiu apoiar e participar dende o Concello, 3000; á ALCER, a Carreira Solidaria tamén, que non se sabía cando se elaboraron os orzamentos se se ía facer ou non, 3000 euros; á AGASEDE, premios de Galicia, ... 12000 euros...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:... Rematou o sen tempo. Ten agora a palabra a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señora González Abelleira, eu non sei porque pon palabras na miña boca que eu non digo, nin falei de improvisación, igual que antes tampouco dixen que pedir un crédito fose unha catástrofe.

Se coñecen ese informe da Valedora do Pobo aínda é máis grave, van vostedes seguir adiante coa subvención, pese a recomendación desta Valedora do Pobo? Porque entón é máis grave. E se tanto lles preocupan a subvencións, non entendo porque o ano pasado non as convocaron na área de Benestar, tanto lle preocupan e non as convocan.

Eu en ningún momento critiquei as subvención á Universidade de Santiago de Compostela, reitérolle e pídolle por favor que non poña na miña boca cousas que eu non digo, igual que non estamos en contra de que se axude aos clubs deportivos e que se fomenten as actividades deportivas, non poña na miña boca cousas que no, eu non digo. Saben que apoiamos os clubs, saben que estamos a favor das actividades que fomentan a práctica deportiva. Se no me escoita despois, claro, vai dicir cousas que eu non dixen, pero ben, eu sigo... A Lei xeral de subvencións, no seu capítulo un, establece como réxime xeral de concesión o de concorrencia competitiva, e vostedes fans ao revés, fan todo ao contrario, e por que o réxime xeral é o de concorrencia competitiva? Porque permite unha distribución transparente, equitativa, priorizan proxectos que mostren maior calidade e viabilidade, impacto, porque se poden comparar as solicitudes entre si, o que asegura que as axudas se destinan os proxectos máis eficientes, aos que mellor cumpren os obxectivos e se evitan arbitrariedades, favoritismos. Pero, sen embargo, vostedes na área Deporte destinan case o dobre ás subvencións nominativas, e noutras áreas, como dixen, nin as convocan, e o peor de todo, repítolle, como ían facer se non tiveran o diñeiro do suplemento de crédito. Explicáronlle aos clubs, aos lucenses que non tiñan diñeiro para pagarlles pese a convocalos?, que comprometeron unhas axudas, unhas subvencións, un diñeiro que non tiñan? En resumo, modifican a liña de subvencións e engaden subvencións a entidades para que se desenvolven as súas actividades, cando aínda non tiñan o diñeiro, prometen cantidades económicas que aínda non tiñan. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Carballas. Pasamos agora, última quenda, para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Mire, señora Carballas, debater con alguén que non quere entender, é dicir, é perder o tempo. Vostede segue querendo falar que lle é máis importante se lle deixaron ou non entrar nun sitio cás subvencións. E as subvencións estaban previstas, sabíase que a través destas figuras que se podía falar, dicíao antes o alcalde, é que somos un goberno de palabra. Se dicimos que podemos facer é porque o podemos facer. A ver se así o

entende e, a través tanto do suplemento como destas modificacións de crédito, vaise facer. Póñase en vez de no pasado, no futuro, porque é que xa se vai facer, porque hoxe van refuxiarse na figura da abstención para sacar isto adiante, que a acción que imos facer o goberno. Sexan valentes e voten entón que non, e no suplento de crédito tamén.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o tempo. Moitas grazas. Ben, pois tal e como lles dicía, debatidos conxuntamente estes tres puntos, vamos a pasar a votación separada de cada un deles.

7/92 MODIFICACIÓN BASE EXECUCIÓN ORZAMENTO: MODIFICACIÓN CONTIDO BASE 24.E). SUBVENCIONES NOMINATIVAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 18 de xuño de 2025, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES

- Acordo núm. 4/4 do Pleno ordinario do 30.01.2025 de aprobación inicial do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2025.
- BOP núm. 30, do 06.02.2025 de publicación da aprobación inicial do expediente.
- Acordo núm. 4/43 do Pleno ordinario do 27.03.2025, de aprobación definitiva do expediente.
- BOP núm. 75, do 01.04.2025, de publicación da aprobación definitiva do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2025.
- Base núm. 24.E das de execución do Orzamento Xeral do Concello de Lugo para o 2025 “*Subvencions nominativas: Anexo*”, na cal se inclúen na área de Desenvolvemento Local, e aplicación orzamentaria 24100.48900, as seguintes subvencións nominativas:

24100.48900 DESENVOLVEMENTO LOCAL

“	Asociación de Veciños da Milagrosa	G27144856	Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro	2.000,00
---	------------------------------------	-----------	---	----------

- Informe proposta da área de Desenvolvemento Local, do 11.06.2025 asinado por César Castiñeira Muíña, coa conformidade do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez:

“Unha vez aprobado o Plan Estratéxico de Subvencións pola Xunta de Goberno, desde este Servicio, nos dispoñiamos a tramitar a subvención nominativa recollida no Título IV (Subvencións) - base 24 de execución do orzamento 2025 (Subvencións), apartado E) ANEXO, seguinte:

- Subvención nominativa 2025:

Aplicación orzamentaria: 24100.48900

Área: Desenvolvemento Local

Entidade beneficiaria: Asociación de Veciños da Milagrosa

NIF: G27144856

Finalidade: Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro

Importe: 2.000,00€

Detectado erro nos datos da Asociación beneficiaria da subvención, facilitados por Alcaldía ao Servicio de Intervención, dado que non é correcto o nome da entidade nin o CIF da mesma, sendo correctos, iso si, o resto dos mesmos (finalidade e importe), compre realizar os cambios oportunos, mediante aprobación polo órgano competente (Pleno), e que a continuación se propoñen:

Subvención nominativa 2025 CORRECTA:

Aplicación orzamentaria: 24100.48900

Área: Desenvolvemento Local

Entidade beneficiaria: Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa.

NIF: G27159110

Finalidade: Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro

Importe: 2.000,00€

- Proposta da Alcaldía-Presidencia, do 16.06.2025, asinada por D. Miguel Fernández Méndez:

“Iniciar o expediente de aprobación da modificación da Base de execución Num 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, na área de Desenvolvemento Local aos efectos de efectuar a modificación proposta, quedando do seguinte xeito:

24100.48900 DESENVOLVEMENTO LOCAL

Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa	G27159110	Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro	2.000,00
--	-----------	---	----------

- Informe da Intervención municipal Ref 942/2025, do 16.06.2025.

- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 1/230 APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24 DO ORZAMENTO XERAL

MUNICIPAL 2025. SUBVENCIONS NOMINATIVAS, adoptado en sesión de 18.06.2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A) Lexislación específica local:

- *Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003 e lei 27/2013*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local*
- *RD Lei 4/2013 modificando a disposición adicional décimo sexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais*
- *Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria.*
- *Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, Regulamento Presupostario.*
- *Orde 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura presupostaria das Entidades Locais*
- *Orde EHA 1781/2013 do 23 de novembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de contabilidade local*
- *Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Regulamento da Lei 38/2003, Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, Regulamento de Subvencións*

B) Lexislación supletoria de Estado:

- *Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria*
- *Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada por LO 9/2013*

C) Normativa Comunidade Autónoma

- *Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: art 294*

D) Normativa propia

- *Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións*
- *Plan Estratéxico de Subvencións Concello de Lugo: Pendente de actualización ano 2025*
- *Bases de execución*

En consecuencia, vistos os antecedentes e os informes emitidos, singularmente o Informe da Intervención municipal Ref 942/2025, do 16.06.2025, o acordo da Xunta de Goberno Local nº 1/230 APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24 DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2025. SUBVENCIONS NOMINATIVAS, adoptado en sesión de 18.06.2025.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:

Primeiro. Aprobación da modificación da Base de execución Num 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, na área de Desenvolvemento Local aos efectos de efectuar a modificación proposta, quedando do seguinte xeito:

24100.48900 DESENVOLVEMENTO LOCAL

Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa

G27159110

Feira de produtos do campo e artesanía 2.000,00
San Isidro

Segundo: Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2025.

Tras a deliberación conxunta dos puntos 6/91, 7/92 e 8/93 da orde do día, antes de someter a votación este asunto, dona Elena Candia López manifesta que, ante a ausencia do señor Permuy, o seu grupo municipal vai manter o posicionamento da sesión anterior no que coa finalidade de non romper o equilibrio de maiorías existentes na corporación, así como para non dilatar a duración da sesión naqueles asuntos que se produza un resultado de empate, deberá entenderse o seu voto como de abstención e que non o advertiu antes porque non se dera este suposto.

Agradece o xesto o Excmo. Sr. alcalde e sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, polos motivos antes expostos. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobación da modificación da Base de execución núm. 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercicio 2025, na área de Desenvolvemento Local aos efectos de efectuar a modificación proposta, quedando do seguinte xeito:

24100.48900 DESENVOLVEMENTO LOCAL

Asociación de Veciños, Comerciantes e
Industriais do Distrito da Milagrosa

G27159110

Feira de produtos do
campo e artesanía 2.000,00
San Isidro

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 6/91 e 8/93. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto 6/91.

8/93 MODIFICACIÓN BASE EXECUCIÓN ORZAMENTO: MODIFICACIÓN CONTIDO BASE 24.E). SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DE DEPORTES.-
Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 19 de xuño de 2025, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES

- Acordo núm. 4/4 do Pleno ordinario do 30.01.2025 de aprobación inicial do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2025.
- BOP núm. 30, do 06.02.2025 de publicación da aprobación inicial do expediente.
- Acordo núm. 4/43 do Pleno ordinario do 27.03.2025, de aprobación definitiva do expediente.
- BOP núm. 75, do 01.04.2025, de publicación da aprobación definitiva do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2025.

- Base núm. 24.E das de execución do Orzamento Xeral do Concello de Lugo para o 2025 “*Subvencións nominativas: Anexo*”, na cal se inclúen na área de Deportes, e aplicación orzamentaria 34100.48900, as seguintes subvencións nominativas:

34100.48900	DEPORTES			
"	C. B. Estudiantes	G27032127	Financiar os gastos da tempada e promoción do deporte base	18.000,00
"	Club Fluvial de Lugo	G27008549	Colaborar na organización dos torneos de natación, piragüismo.	20.000,00
"	Ensino Lugo Club de Baloncesto	G27324284	Financiar os gastos da tempada e promoción do deporte base	90.000,00
"	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial	G27139013	Financiar os gastos da escola e gastos da tempada e promoción do deporte base	40.000,00
"	Club voleibol EMEVE	G27041490	Financiar os gastos da tempada e promoción do deporte base	75.000,00
"	Club Escudería Miño Lucense	G27515717	Colaborar na organización do Rallye San Froilán	25.000,00
"	C.N. Portamiñá Lugo	G27268531	Financiar os gastos da tempada e promoción do deporte base	10.000,00
"	Asociación Deportiva Cultural Lugo Sala	G27456623	Financiar os gastos da tempada e promoción do deporte base	40.000,00
"	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	G27161496	Feira do cabalo e feira canina	7.500,00

- Informe proposta da área de Deportes, asinado por Isabel Longarela Ceide, coa conformidade do Concelleiro Delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude, don Jorge Bustos Atanasio, cuxa parte dispositiva é a seguinte (da que se exclúen provisionalmente dúas subvencións a falta da concreción de certos datos asociados):

“PRIMEIRO.- Modificación das BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LUGO PARA O 2025, Base número 24, aos efectos de inclusión como SUBVENCIONES NOMINATIVAS as seguintes: (...)

- *FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO: Organización "CAMPIONATO GALGO DE JUDO", con ampla participación e gran impacto positivo para o Concello, promocionando o Municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade: 6.000,00 €*

- *FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGUISMO: Organización "DESCENSO DO MIÑO", regata de gran transcendencia e cunha traxectoria histórica relevante, considerado o evento máis antigo dos que se celebran en España tralo "Descenso Internacional do Sella": 6.000,00 €*

- *FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO: Organización de xornadas de promoción do atletismo: 3.000,00 €*

- *ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO: Carreira solidaria "EN MARCHA CONTRA O CANCRO", evento deportivo solidario para recadar fondos para a loita contra o cancro: 3.000,00 €*

- *ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA ENFERMIDADES RENAI (ALCER): Carreira solidaria "DONAR É AMAR", para promover a actividade física e sensibilizar sobre a importancia da doazón de órganos e tecidos: 3.000,00 €*

- *AGADEXE: Organización "PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA", que se celebrará en Lugo no ano 2025, coa asistencia de persoas e institucións relacionadas con diversos ámbitos do deporte: 12.000,00 €*

- *FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE VOLEIBOL: Organización pre-europeo de voleibol: 10.000,00 €*

- *COLECTIVO HÉRCULES: Organización "POSEIDÓN GAMES SERIES", primeira carreira deportiva en formato OCR (carreiras de obstáculos) do Concello de Lugo, sendo unha das 4 sedes galegas para a competición: 12.000,00 €*

- Visto que as consideracións xustificativas da necesidade da tramitación do presente expediente sintetízanse na proposta que se xunta ao expediente en base á relevancia dos papeis das entidades como colaboradoras con esta administración na procura da satisfacción das demandas cidadáns na prestacións de servizos de interese xeral.

- Proposta da Alcaldía-Presidencia, do 17.06.2025, asinada por D. Miguel Fernández Méndez:

Iniciar o expediente de aprobación da modificación da Base de execución núm. 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercicio 2025, aos efectos de incluír como subvencións nominativas as seguintes na área de

Deportes, condicionado á anterior aprobación inicipal por este Excmo. Concello Pleno do expediente de Suplemento de Crédito/Crédito Extraordinario 1/2025:

34100.48900 DEPORTES

"	Federación Galega de Judo	G15109267	Organización do Campionato Galego de Judo	6.000,00
"	Federación Galega de Piragüismo	G36040764	Organización do Descenso do Miño	6.000,00
"	Federación Galega de Atletismo	G15103500	Organización de xornadas de promoción do atletismo	3.000,00
"	Asociación Española contra o Cancro	G28197564	Carreira solidaria "EN MARCHA CONTRA O CANCRO"	3.000,00
"	Asociación de loita contra Enfermidades Renais (ALCER)	G27015866	Carreira solidaria "DONAR É AMAR"	3.000,00
"	Asociación Galega de Xestores Deportivos	G15666746	Organización "PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA"	12.000,00
"	Federación Española de Voleibol	Q2878044C	Organización pre-europeo de Voleibol	10.000,00
"	Colectivo Hércules	G72822158	Organización POSEIDÓN GAMES SERIES	12.000,00

- Informe da Intervención municipal Ref. 963/2025, do 17.06.2025.
- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 3/248 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24.E) DO ORZAMENTO DO 2025: SUBVENCÍONS NOMINATIVAS. ÁREA DE DEPORTES, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 19.06.2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A) Lexislación específica local:

- Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003 e lei 27/2013
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- RD Lei 4/2013 modificando a disposición adicional décimo sexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria.
- Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, Regulamento Presupostario.

- Orde 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura presupostaria das Entidades Locais
- Orde EHA 1781/2013 do 23 de novembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de contabilidade local
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Regulamento da Lei 38/2003, Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, Regulamento de Subvencións

B) Lexislación supletoria de Estado:

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria
- Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada por LO 9/2013

C) Normativa Comunidade Autónoma

- Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: art 294

D) Normativa propia

- Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións
- Plan Estratégico de Subvencións Concello de Lugo : Pendente de actualización ano 2025
- Bases de execución

En consecuencia, vistos os antecedentes e os informes emitidos, singularmente o Informe da Intervención municipal Ref. 963/2025, do 17.06.2025, o acordo da Xunta de Goberno Local nº 3/248 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24.E) DO ORZAMENTO DO 2025: SUBVENCIONES NOMINATIVAS. ÁREA DE DEPORTES, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 19.06.2025.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a modificación da Base de execución Num 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, aos efectos de incluír como subvencións nominativas as seguintes na área de Deportes, condicionado á anterior aprobación inicial por este Excmo. Concello Pleno do expediente de Suplemento de Crédito/Crédito Extraordinario 1/2025:

34100.48900	DEPORTES				
"	Federación Galega de Judo	G15109267	Organización do		6.000,00
			Campionato Galego		
			de Judo		
"	Federación Galega de Piragüismo	G36040764	Organización do		6.000,00

"	Federación Galega de Atletismo	G15103500	Descenso do Miño Organización de xornadas de promoción do atletismo	3.000,00
"	Asociación Española contra o Cancro	G28197564	Carreira solidaria "EN MARCHA CONTRA O CANCRO"	3.000,00
"	Asociación de loita contra Enfermidades Renais (ALCER)	G27015866	Carreira solidaria "DONAR É AMAR"	3.000,00
"	Asociación Galega de Xestores Deportivos	G15666746	Organización "PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA"	12.000,00
"	Federación Española de Voleibol	Q2878044C	Organización pre- europeo de Voleibol	10.000,00
"	Colectivo Hércules	G72822158	Organización POSEIDÓN GAMES SERIES	12.000,00

Segundo: Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da Base de execución núm. 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercicio 2025, aos efectos de incluír como subvencións nominativas as seguintes na área de Deportes,

condicionado á anterior aprobación inicial por este Excmo. Concello Pleno do expediente de Suplemento de Crédito/Crédito Extraordinario 1/2025:

34100.48900	DEPORTES				
"	Federación Galega de Judo	G15109267	Organización do Campionato Galego de Judo	6.000,00	
"	Federación Galega de Piragüismo	G36040764	Organización do Descenso do Miño	6.000,00	
"	Federación Galega de Atletismo	G15103500	Organización de xornadas de promoción do atletismo	3.000,00	
"	Asociación Española contra o Cancro	G28197564	Carreira solidaria "EN MARCHA CONTRA O CANCRO"	3.000,00	
"	Asociación de loita contra Enfermidades Renais (ALCER)	G27015866	Carreira solidaria "DONAR É AMAR"	3.000,00	
"	Asociación Galega de Xestores Deportivos	G15666746	Organización "PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA"	12.000,00	
"	Federación Española de Voleibol	Q2878044C	Organización pre-europeo de Voleibol	10.000,00	
"	Colectivo Hércules	G72822158	Organización POSEIDÓN GAMES SERIES	12.000,00	

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 6/91 e 8/93. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto 6/91.

PROPOSICIÓNS

9/94 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 165/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A SOLICITUDE DE RESIDENTES E XERIATRAS NA ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE

LE MOS (Exp. 2025/G004/000287).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na provincia de Lugo, un terzo da poboación é maior de 65 anos. A media de idade na provincia é superior aos 50 anos. En concreto, o 28,7% da poboación lucense ten máis de 65 anos, o que sitúa a Lugo como unha das provincias con maior envellecemento de España. Dar máis anos á vida foi o froito das melloras sostidas en materia de saúde pública, alimentación, sanidade e educación. Pero semellante conquista só alcanzará o seu sentido pleno se somos capaces de contemplala como unha etapa chea de posibilidades, de novas oportunidades e calidade de vida. Según datos do Instituto Galego de Estatística en 2039 haberá 263 persoas que superarían a barreira dos 65 por cada 100 persoas manores de 20 anos. Este crecemento das persoas maiores na sociedade comporta un maior número de persoas maiores complexas que se benefician da especialidade de Xeriatria nos hospitais e áreas de atención sanitaria.

En Galicia xa se vai moi tarde respecto a outras Comunidades Autónomas que comezaron a introducir a Xeriatria na carteira de servizos públicos hai máis de 50 anos. Hoxe en día, todas as comunidades autónomas de España dispoñen de Xeriatria nos seus servizos sanitarios públicos, excepto Andalucía. E poder acceder a este tipo de atención debería ser unha prioridade para as políticas públicas sanitarias dirixidas á poboación máis vulnerable.

A xeriatria é a rama da medicina que se encarga do estudo da prevención, o diagnóstico e o tratamento da especificidade das enfermidades propias do envellecemento. A xeriatria non só considera os aspectos clínicos, senón todos aqueles que poidan contribuír a unha prevención, tratamento e rehabilitación axeitado ao paciente maior integrando á familia e á sociedade na que viven. A xeriatria non é unha especialidade médica que poida ser substituída por outras, senón que as complementa, facendo unha atención holística da persoa doente. Segundo a información que a Consellería de Sanidade lle facilitou á Valedora do Pobo, o Servizo Galego de Saúde conta con 22 facultativos especialistas en xeriatria: 11 en Lugo, 9 en Vigo, 1 en Ourense e 1 en Ferrol. Tendo en conta esta información, o ratio por habitante que atende cada xeriatra é de 8.772 persoas, o que imposibilita que todas as persoas de idade poidan ter acceso a servizos de atención de saúde que lles axude a manter un bo nivel de benestar tanto físico como mental e emocional, así como previr ou atrasar o máximo posible a aparición de enfermidades; as políticas públicas deben ir dirixidas a proporcionarlles protección, rehabilitación e estímulo social seguro e non o están a garantir. Outra proba diso é a reforma das áreas sanitarias levada a cabo pola provincia constitúe unha única área: Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, suprimindo as áreas sanitarias de Monforte e Burela. Todo elo supuxo que o único servizo de xeriatria que existe na provincia sexa o do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), que atende non só á cidadanía do Concello de Lugo, senón tamén a toda a provincia. Como xa explicamos na proposición elevada a este pleno en 2022, a citada reforma

non veu acompañada dun incremento de número de xeriatras. Pola contra, sufríu un estancamento de persoal xeriatra inxustificado se atendemos ás características da poboación; tras 3 anos en 2025, a situación non mudou.

Reiterando o dito en 2022, supón unha merma da atención aos veciños e veciñas do Concello de Lugo que ven como o número de xeriatras é insuficiente para atender toda a demanda da área sanitaria.

Este incremento de xeriatras foi solicitado en varias ocasións polo propio servizo e por diversas forzas sociais. Tamén foi solicitado un incremento de médicos residentes en xeriatria, feito que foi denegado polo Goberno de Núñez Feijóo e agora o do Sr Rueda, en varias ocasións.

É coñecido que especialistas en xeriatria vense obrigados a traballar noutras áreas de especialidade médica ante a falta de contratación de xeriatras. Feito paradoxico se temos en conta as características poboacionais expostas anteriormente. É necesario que se formen novos residentes a fin de dispor dos profesionais suficientes, polo que a Comunidade Autónoma debe solicitar a acreditación e asumir nos seus orzamentos o incremento económico que supón a incorporación de residentes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Lugo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

- Solicitar á Xunta de Galicia que a través da Consellería de Sanidade conceda ao HULA máis residentes de xeriatria, tal e como se lle solicitou dende o propio servizo.

- Solicitar á Xunta de Galicia, a través da xerencia do HULA, que incremente o número de xeriatras no HULA a fin de ratios axeitados á poboación que se atende e así mesmo se xeren servizos satélites nos hospitais comarcais de Burela e Monforte."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|---|
| - Votos a favor: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia que a través da Consellería de Sanidade conceda ao HULA máis residentes de xeriatria, tal e como se lle solicitou dende o propio servizo.

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta de Galicia, a través da xerencia do HULA, que incremente o número de xeriatras no HULA a fin de ratios axeitados á poboación

que se atende e así mesmo se xeren servizos satélites nos hospitais comarcais de Burela e Monforte.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra, en primeiro termino a voceira municipal, señora Olga López Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: A provisión de coidados axeitados debe coñecerse como unha responsabilidade compartida entre o Estado, as administracións, a comunidade e as mesmas familias. Este é o modelo: a aposta polo benestar das persoas. Buscan organizar a sociedade por coidados e apoiar a quen o necesita, facer o coidado accesible a todas as persoas que o necesiten. Estes son modelos políticos, son modelos de organización da sociedade, de organización da sanidade, dos servizos sociais e doutras competencias que nos son propias ás administracións, diametralmente opostas na organización de seu as propostas do Partido Popular e do Partido Socialista deste goberno para levalas a cabo.

É de todos coñecidos, a poboación maior de 65 anos que temos na nosa cidade, a media na provincia, e digo na provincia porque a nosa área sanitaria, dende que se eliminaron o resto de áreas, inclúe os distritos da Mariña e de Monforte de Lemos, é superior ao 28%, en concreto o 28,7%. Dar máis vida, máis anos á vida é necesario, pero moito máis é dar calidade de vida a eses anos. A xeriatria é unha especialidade que naceu no 1978, me parece recordar, e é aquela especialidade médica que atende de forma integral ás persoas maiores. De feito, o fundamental da súa acción é a valoración integral destas persoas cos seus síndrome máis notables. A situación da xeriatria no hospital Lucus Augusti de Lugo, referencia da área sanitaria, xa que en toda a provincia é a única que dispón dun servizo de xeriatria, é lamentable. Cada xeriatra chega a valorar máis de 80 pacientes diarios; prolongase as xornadas e as baixas laborais por sobrecarga de traballo son asiduas, e esas baixas non sofren coberturas. É unha demanda do propio servizo de Xeriatria dende hai anos, que se incrementa a dotación de xeriatras e que se incrementa a dotación de residentes nesta área. Quero recalcar que a dotación de residentes e a solicitude ao Ministerio de Sanidade e Educación, conxuntamente, corresponde á Comunidade Autónoma, que é quen financia e quen paga o salario dos residentes, e ten que, o Hospital primeiro e o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade dar o visto bo para elevalo ao Ministerio de Sanidade. Pese as demandas xeriatras lexos de facelo posible, levaron para atrás, e áreas que atendían as persoas maiores e que fai máis de oito ou nove anos, baixo o Goberno xa de Núñez Feijóo, se suprimiron. Non chego a entender, direilles, como hai diñeiro para festexos, como hai diñeiro para ver que barrios teñen o camiión

máis grande de cara as festas, pero non os vexo coa mesma intención, e non os vexo nos servizos sociais, non os vexo nas garderías, non os vexo na sanidade, non os vexo aí. Isto é a diferenza de modelos. E mesmo dicíao agora na anterior intervención hai informes de Intervención, home, hai informes de Intervención porque hai control, e sabe quen non ten controles do Consello de Contas, porque así o votou o Parlamento de Galicia, o propio Parlamento, que anulou o control do Parlamento polo Consello de Contas. Iso si que grave. Digo eu, cando non se ten nada que tapar, non se anula, verdade? Non se anula. Entón, adiquen, adiquen... Estou equivocada, dálle a risa, non? se estou equivocada, dalle a risa... e non hai control, non se votou ... ese control, xa... supoño que poderán fundamentalo. Vostede esquécense das persoas, esquécense da saúde e da enfermidade, esquécense das persoas maiores, esquécense, porque mentres están debendo ás persoas maiores máis de cinco millóns de euros en atención a domicilio, dedícano a festexos e a outras cuestións que lle rematarei a decir despois na próxima intervención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a voceira do BNG, Cristina López. Cando queira.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Moi bo día a todos e a todas. Se nos metemos na páxina web do Servizo Galego de Saúde e accedemos a área esta de Xeriatría, vemos como nuns parágrafos moi instruídos recolle que o seu obxecto prioritario é que haxa unha recuperación funcional do ancián enfermo e incapacitado para conseguir o máximo nivel posible de autonomía e independencia, facilitando así a súa integración a unha vida autosuficiente no seu domicilio e entorno habitual. Despois tamén podemos ver todos os fins que leva esta especialidade e, a verdade, é que sobre o papel queda todo moi ben, pero logo despois vemos a realidade que, a verdade, é que é moi teimuda neste caso. Vemos como as políticas do Partido Popular desde que accederon á Xunta de Galicia, a nosa comunidade, no ano 2009, vemos como o deterioro no que é a sanidade pública é moi significativo, vémolos día a día, e vemos como o Partido Popular é un experto convencido privatizador cunha traxectoria que cos resultado que vemos a día de hoxe, despois de 16 anos, aquí non se está avalando. Así, coa chegada do Partido Popular, no ano 2009, xa despregou un plan convertedor da sanidade nunha mercancía. Así nos trata. A sanidade para o Partido Popular é unha mercadoría. Así, unha das primeiras iniciativas que puxo en marcha xa foi a de despregar a implantación do Plan de mellora da atención primaria, xa estaba orzado, e decidiron non seguir implementando este este plan e así ter e poder ver cal sería a mellora na atención primaria, e así está pasando con todos estes servizos. Vemos que na área de xeriatría, a día de hoxe, temos 11 profesionais, soamente hai dúas áreas dos servizos de xeriatría de Galicia, podíamos dicir que somos afortunados porque de todas as provincias somos a segunda, é dicir, soamente Vigo e Lugo son as únicas áreas nas que temos este servizo, o resto

absolutamente nada. Pero claro, como está este servizo? Como temos este Servizo na cidade de Lugo? Pois os propios profesionais que están desenvolvendo a súa labor vemos como están totalmente desbordados co incremento; sabemos na cidade na que estamos, temos unha cidade cunha poboación moi envellecida, a esperanza de vida, despois de todos os traballos que se veñen facendo, vemos que cada día é maior, entón a poboación cada día envellecemos máis, pero queremos envellecer con calidade, cuns servizos que nos teñen que atender. Así vemos como estes profesionais, estes 11 profesionais, teñen unha media de pacientes de 50 pacientes diarios, a maiores disto teñen que atender non soamente a propia consulta, senón que teñen que atender a todos aqueles pacientes que teñen hospitalizados, tamén teñen que atender o hospital de día, un servizo de urxencias que funciona de oito a 15 horas, pero que os propios profesionais din que sería moi que atenderá como pouco as 20 horas.

Sabemos que a prevención nos doentes, nos doentes anciáns neste caso, é moi importante. O deterioro, sobre todo en todas aquelas enfermidades de carácter dexenerativo, como se producen co tema do paso dos anos, é moi importante atallalas a tempo e ter unhas medidas preventivas axeitadas para evitar el deterioro, porque este tipo de pacientes non soamente son eles os que sofren a súa propia enfermidade, senón que é algo intrínseco a toda a familia. Toda a familia sofre as doenzas. Vemos como a carón desta falta de atención e de esta falta de atención por parte do Partido Popular dos servizos sanitarios, como están medrando todas estas iniciativas privadas, vemos como estes propios profesionais, que están desenvolvendo a súa labor no Servizo Galego de Saúde, crean consultas de carácter privado que, en vez de ser un complemento á sanidade pública, vén ser a de cubrir unha necesidade que a sanidade pública obviamente non está atendendo. Así vemos, como como dicía, estes profesionais crean consultas privadas que o primeiro que eles vén, que esa é a demanda que teñen nas súas consultas públicas, a avaliación do paciente, ese paciente ancián, esa valoración integral de todos os aspectos da vida deste paciente, como son a súa situación social, se vive só ou acompañado, se precisa axudas sociais e información de como acceder a elas, tamén se vai a unha valoración da súa situación emocional: se teñen depresión, se teñen malestar ou se teñen un trastorno cognitivo ou unha demencia. Claro, se vemos todo isto nun anuncio dunha empresa privada, vemos como estas son as carencias que temos na sanidade pública, sanidade pública que, como ben dicía, desde o ano 2009 a Xunta de Galicia, a través do Partido Popular, vén, bombardeando para acabar cos servizos públicos. Continúo na próxima intervención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a señora Goas. Cando queira.

DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO: Bos días señor alcalde e compañeiros de Corporación. Desexo iniciar a miña resposta facendo fincapé en primeiro lugar nun

punto moi importante, e que vostedes as dúas compañeiras non fixeron mención. O Ministerio de Sanidade, como todos sabemos, está dirixido por dona Mónica García, pertencente ao partido político Más Madrid, que nas últimas eleccións xerais celebradas en xullo do ano 2023 integrou o proxecto de Sumar. A nosa ministra é médica especialista en anestesioloxía e reanimación. Por outro lado, o día 25 de xaneiro deste ano celebrouse o exame para médicos internos residentes coñecidos para todos como MIR. Todos sabemos que é fundamental neste exame a provisión de prazas para as diferentes especialidades para que non existan déficit de médicos.

Despois desta aclaración, o Ministerio de Sanidade ofertou 120 prazas de médicos para xeriatria e xerontoloxía para todo o Estado español, 120, prazas. A todas luces son insuficientes para toda a poboación de España, que dispón de 449 hospitais, aproximadamente, no sistema nacional de saúde. Se fóramos a realizar o cómputo entre prazas ofertadas e hospitais, a cifra é ridícula. Temos que contar con que os xeriátricos do sistema nacional de saúde tamén deberían de dispoñer dun xeriatra para a atención médica dos seus residentes, así como, avanza outros estudos científicos avalados por importantes sociedades que tamén sería necesario dispoñer dun xeriatra en centros de saúde onde a poboación maioritariamente fose anciá ou anciáns de alto risco, porque se beneficiarían moito máis da atención médica que se lles puidera proporcionar. Ben, ademais de todo isto, aporoto outro dato, hai 52 unidades docentes acreditadas para xeriatria en todo o sistema nacional de saúde español, e se facemos unha división sinxela que consiste en 120 prazas de xeriatria entre 52 unidades docentes de xeriatria, o resultado é 2,307 residentes de xeriatria por unidade. O número díto todo, todo todo, e non imos repartir aos residentes en anaquiños. Ben, sabemos que a especialidade xeriatria ten unha duración de catro anos que é o atraso co cal o Ministerio ten que contar para poder dispoñer destes profesionais no mercado laboral.

Paso ao segundo punto. O Ministerio de Educación e Formación Profesional está dirixido por dona Pilar Alegría Contente, que é unha ministra do PSOE e, se non recordo mal, portavoz. Este ministerio é o responsable de realizar a homologación dos títulos, de todos os títulos. Con respecto a homologación dos títulos que nos atinxen nesta proposición, os títulos dos médicos especialistas en xeriatria, esta homologación está atrasada en 24 meses, de forma máis sinxela, dous anos dende que un médico quere homologar o seu título no noso Estado, introduce os papeis na Administración do Estado, e cando se resolve a duración mínima de dous anos. É dicir, hai médicos que están no limbo durante dous anos podendo estar exercendo como xeriatras. Co cal a suma destes dous factores explican o problema de falta de xeriatras. Un factor, poucas prazas MIR; outro factor, atraso na homologación de títulos de médicos xeriatra é igual a non hai xeriatras no sistema sanitario español. O Servizo de Xeriatria do HULA atende a área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, dos médicos xeriatras que nel traballan, neste momento, hai un residente de cuarto ano...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Rematou o seu tempo, Sra. Goás. Moitas grazas. Ten agora quenda de réplica o grupo propoñente, señora Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Bos días de novo. Grazas, alcalde. Eu traio escritas cousas e na miña intervención dixen claramente: a solicitude e o pagamento das prazas de residencia compete á comunidade autónoma e a aprobación ao ministerio. Mire, consulte a documentación, di textualmente: para solicitar a alta dunha nova comisión de docencia ou ben incrementar as prazas de residente, necesítase un informe de conformidade e de solicitude da comunidade autónoma que se transferirá ao ministerio correspondente que fará a súa aprobación. O que falta neste caso, señora Goás, de forma inequívoca é o compromiso do Servizo Galego de Saúde da Consellería, porque non tramita, nin solicita, nin presuposta prazas de residentes de xeriatria. Isto é así. A documentación, consúltea, ben, ... colgamos a documentación para que se poida ver, vale? Entón non falseen a verdade, non a falseen, por favor. E mesmo o que di vostede dos xeriatras, aínda nestes meses que nos acontecen fai nada, intentaron contratar a xeriatra por mes, e o propio xeriatra, home ou muller descoñézoo, foise porque os contratos era moito mellores en comunidades limítrofes.

Aquí o que hai é unha aposta por un modelo, ou ben por un modelo público, como lle dixen ao principio, que aposte polos coidados, que aposte polas persoas, ou ben un modelo económico que aposte pola privatización, por desvanecer os servizos públicos, pola demagogia pública, facendo pachangas en vez de atender ás necesidades dos cidadáns, e niso se fundamentan as diferenzas das políticas. E iso vese. O noso Servizo de Saúde leva un desmantelamento dende que o señor Feijóo accedeu ao goberno da Comunidade Autónoma, e a falta de provisión de postos de traballo, a falta de atención á atención primaria e ás especialidades relevantes está facendo que a atención sanitaria sufra e cando non sofre é a costa do sobreesfuerzo que fan os propios profesionais sanitarios polo compromiso que teñen coa cidadanía. Así que, retrátense, retrátense, porque ademais isto só di solicitar á Xunta máis residentes y solicitar máis xeriatras. Non sei que problema ten levantar a man ser comprometidos cos nosos veciños e veciñas de Lugo para apostar por iso. Eu felicitareinos se así sucede.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Racamonde. Ten agora a palabra a señora López. Cando queira.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Ben, a deriva do Partido Popular con respecto ao tema da sanidade, non sei por que se rachan as vestiduras, porque de todos é coñecido. Vemos como recortes orzamentarios estamos falando de máis de 1000 millóns de euros que reduciron na sanidade pública para derivar na sanidade privada. A sanidade privada, a día de hoxe, vemos como está medrando de forma

imparable e nestes intres xa o 25% da xente hospitalizada está na atención privada. Está claro que é unha política muy clara levada desde o Partido Popular, non enganou desde o principio, xa desde o ano 2009, como ben dicía, xa puxo as cousas moi claras no que era a xestión e como de forma paulatina foi derivando todas aquelas cuestións de carácter público a externalizacións, a empresas privadas. Vemos un claro exemplo, como teño manifestado noutras intervencións, o crecemento que ten na nosa cidade os hospitais privados. Temos unha cidade cunha poboación de máis de 100.000 habitantes, pero se fixeramos números, se non fose polas millonarias, pero millonarias, millonarias, aportacións da Xunta de Galicia serían totalmente insostibles. Se miramos o número de pólizas privadas que temos na nosa provincia, os números non saen, soamente coa garantía, cunha garantía clara, clara, muy muy clara por parte do Partido Popular a poder a poder financeiro, se non serían sustentables. Vemos como en plena pandemia, no ano 2020, o Hospital Polusa, un hospital de xestión sobre todo de profesionais na nosa cidade como foi vendido no mesmo ano dúas veces, non creo que ningún fondo, destes fondos voitre, moitos dos casos viñera a Lugo a facer donacións e, de carácter altruísta, a atendernos, se non tiveran, está claro, as garantías que desde a Xunta de Galicia ían ter unha inxección importante de diñeiro. Se falamos con calquera dos seus directivos, de verdade, que están moi, moi satisfeitos coas políticas económicas que se está levando desde a nosa comunidade Comunidade, por certo, que se paga cos nosos impostos, é dicir, que estamos financiando cos nosos impostos que medren ás nosas costas e debido ao importante deterioro que hai da nosa necesidade, estes fondos que veñen desde Estados Unidos, desde de Francia ou de onde procedan, como dicía de forma altruísta non veñen aquí. Entón que agora que nos veñan aquí a dicir de que non hai máis xeriatras polo tema do Goberno do Estado, cando resulta que vostedes están pechando centros de saúde, pois a verdade é que non me estraña que non os soliciten, para que os queren, se a súa política é ir pechando e pechando e pechando, pechando. Temos aí o centro de Nadela, cada día, en nada, non teremos nin atención, agora no verán que atende dous días á semana, tres días á semana? Pois iso é a política do Partido Popular. Deterioro sistemático das institucións públicas para pagar aos seus amigos na privada e isto é o que temos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a continuación a palabra a señora Goás.

DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO: Continúo onde o deixei. Ben, este ano, nos próximos días, finalizará a un residente de xeriatria, co cal teremos un residente máis na área sanitaria que poderá traballar se desexa quedarse. Tamén hai outros cinco ou seis residentes en diferentes anos de formación. O Servizo de Xeriatria do HULA está acreditado como unha unidade docente, que está dotada de dúas prazas de médicos internos residentes. Quero dicir por outro lado que sempre, sempre, sempre os residentes que saen formados en xeriatria acaban

conseguindo o traballo que máis ou menos desexan. De todas maneiras, hai un feito que quero poñer sobre a mesa, que moitos residentes que rechazan ao HULA, non só o servizo de xeriatria, senón outros servizos, para realizar a súa formación especializada na nosa cidade, argumentan que Lugo non é unha cidade atractiva para traballar e para vivir. explican que as infraestruturas que temos son muy deficientes; a autovía A-6, por exemplo, está en continuo estado de obras, case permanente.

Non vou falar deste tema porque disto falará a continuación o meu compañeiro, o señor Ameijide.

E quero dicir, que por outro lado, a área sanitaria de Lugo, Monforte e A Mariña, esta área sanitaria ten máis xeriatras que calquera área sanitaria de Galicia, polo tanto, contando co déficit de xeriatras e a oferta que se fai desde a Xunta e á xerencia coa captación proactiva de sería xeriatras e médicos para atención primaria e doutras especialidades, estamos tratando de conseguir o 100% da cobertura de prazas.

O que dicía a miña compañeira do BNG con respecto ao consultorio de Nadela, hai que respectar os dereitos laborais de todos os compañeiros, por iso hai que axustarse o mellor posible, todos sabemos a deficiencia de médicos que temos. Por outro lado, a miña paixón é a sanidade, pero involucreime na política para axudar e para mellorar a miña cidade. Acabamos de ver, por exemplo en Evislusa, os problemas que se eternizan e se eternizan anos e anos e vostedes enredan, enredan e non saen para adiante. Estou convencida de que Lugo necesita un cambio, que hai aspectos da súa iniciativa que non estamos de acordo. De feito, boto en falta nos seus argumentarios algunha alusión aos ministerios tanto de Sanidade como de Educación e Formación Profesional e que, como expuxen anteriormente, teñen moito que dicir. De todas as maneiras, o importante é pensar nos nosos maiores e...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Rematou o seu tempo señora Goás. Moitas grazas. Última quenda para a voceira municipal.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Ben, pois como o importante son os nosos maiores, as cousas, as actitudes, as políticas demóstranse cos actos, non coas palabras, así que vereinos. Non me contestou á solicitude de residentes nin ao pago dos mesmos. É certo que a unidade docente de Lugo ten dous residentes, do cal se convoca un solo, porque se oferta un só, a palabra ademais axeitada é así, porque a Comunidade autónoma non está disposta a pagar o segundo residente, precisamente ese é a demanda de xeriatria dende hai anos. Eu dígolle que me diga cantos residentes por ano hai, se hai dous residentes de xeriatria ou hai un, dígolle que me diga cantos hai. Entón escudarse en que hai máis que noutros sitios e que noutros sitios é trágico, aquí é deficitario e un maltrato aos profesionais. Pero eu volvo a insistirles, a política que facemos en sanidade marca o compromiso que

temos coas persoas, o compromiso que temos coa saúde e o compromiso que temos coa enfermidade e que queremos para a sociedade lucense. Que queren vostedes?.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematado o debate, votamos.

10/95 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 191/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO E EN REPULSA DA CORRUPCIÓN QUE AFECTA Á CONTORNA DO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA (Exp. 2025/G004/000355).- Vista a citada proposición do seguinte teor:

“Vivimos unha das etapas máis escuras en termos de deterioro institucional e de casos de corrupción. As investigacións xudiciais acurralan, por primeira vez en Democracia, á contorna persoal e política máis próxima do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez. A súa muller; o seu irmán; os dous últimos responsables da Secretaría de Organización do PSOE, e polo tanto, os número dous do seu partido; e a persoa que nomeou como Fiscal Xeral do Estado, están inmersos en diferentes dilixencias xudiciais relacionadas con presuntos delitos de corrupción.

Ademais do dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado, afóndase nunha situación de crise de confianza nas institucións e na neutralidade institucional sen precedentes na nosa Democracia.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moi diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes á actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón, acusan á Xustiza de incorrer en lawfare na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.

Neste contexto, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia na labor xudicial.

Máis aló do contexto nacional xeneralizado de vergoña e despropósito, a situación está provocando unha perda de lexitimidade institucional gravísima, a degradación do marco democrático e a ruptura da confianza cidadá no Executivo e nos representantes que o sustentan, feitos que só poden superarse coa inmediata convocatoria de eleccións xerais.

Con todo, as recentes declaracións de Pedro Sánchez, ademais dun tufo ditatorial, ofrecen unha mensaxe desoladora: admite que non adianta as eleccións porque o pobo non está con él. Dun xeito implícito recoñece que ten secuestrada a vontade cidadá co único obxectivo de impedir a alternativa de goberno. Nunca antes un presidente afirmou algo parecido consciente de que se trata dunha actitude de extrema gravidade nun país democrático como o noso.

Todo isto cobra especial importancia na provincia de Lugo, unha provincia que no ano 2018 tiña comprometidos 1.600 millóns de euros para a conexión ferroviaria, pero unha provincia que segue perdendo servizos ferroviarios e aumentando a súa posición de desvantaxe respecto doutros territorios. As decisións do Goberno de España e de empresas públicas directamente dependentes do Ministerio de Transportes como Renfe ou Adif, fan que Lugo sufra novos agravios.

Así por exemplo, é a única capital galega que queda á marxe da alta velocidade, unha decisión que non só impide a conexión co resto de Galicia e de España en tempos competitivos senón tamén a imposibilidade de acceso a descontos que benefician a outras partes de Galicia, como os bonos de 9 euros anunciados este verán para trens Avlo e Ave, porque Lugo carece destes servizos. Se a todo isto lle engadimos o feito de que o alto esforzo investidor na mellora das vías que cruzan a provincia non garante tecnicamente a circulación dos trens de alta velocidade, entre outras razóns pola negativa para recuperar as variantes ferroviarias de Os Peares-Canabal e Rubián, suprimidas polo Goberno que preside Pedro Sánchez, temos o caldo de cultivo ideal para condenar a esta provincia ao illamento ferroviario, a que non poida fixar industria, nin poboación e a perder oportunidades de futuro.

A día de hoxe esta situación toma especial relevancia xa que cidades desta provincia ocupan liñas nas noticias publicadas nos medios de comunicación que cuestionan a imparcialidade e equidade das medidas adoptadas polos cargos que ostentaron cargos no Ministerio de Transportes nos últimos anos.

Esta Corporación, facéndose eco da vontade e opinión da inmensa maioría da cidadanía que representa, non pode permanecer en silencio ante esta situación que esixe un pronunciamento firme en contra da corrupción, das acusacións e presións realizadas fronte á Xustiza e os xornalistas e en apoio da súa independencia.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1º- Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seno do PSOE, no Goberno de España e na contorna persoal e política máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.

2º- Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando á Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.

3º- Esixir ao Goberno de España a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas

últimas datas e solicitar dos seus socios nas distintas institucións a revisión dos acordos de goberno ou apoio político.

4º- Requirir ao Goberno de España que, de xeito urxente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión.

5º- Solicitar ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político.

6º.- Rexeitar e retirar todos os nomeamentos e recoñecementos protocolarios ou condecoracións en favor de persoas vencelladas con estas tramas de corrupción e, particularmente, a Isabel Pardo de Vera.

7º.- Garantir a conexión da provincia e da cidade de Lugo co resto de España recuperando os proxectos que estaban previstos e que inclúa as obras, investimentos e prazos que garantan:

- A conexión ferroviaria de Lugo en igualdade de condicións que o resto de capitais e provincias galegas e do entorno.
- Que na rede ferroviaria da provincia de Lugo poidan circular trens AVE, en condicións de igualdade que no resto das capitais galegas, e que tanto a cidade como a súa provincia non queden á marxe da rede de alta velocidade ferroviaria, e das vantaxes asociadas a esta tecnoloxía, como son a redución de tempos de viaxe, maior conectividade, beneficios económicos e ambientais, así como un impacto positivo no turismo, o urbanismo, e na capacidade de asentar poboación e atraer novas oportunidades industriais e empresariais propias dos territorios mellor conectados; para o que é imprescindible a execución das variantes de Os Peares – Canabal e de Rubián.

8º.- Garantir que se leve a cabo a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago e reforzar e mellorar a xa existente con A Coruña e o resto de Galicia así como mellorar as condicións e o servizo das demais vías na provincia.

9º.- Incrementar a oferta de horarios e percorridos para garantir a conexión de Lugo co resto do territorio."

E tendo en conta, así mesmo, a emenda de substitución "in voce" presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, no sentido de reemprazar a parte resolutiva do acordo polo seguinte texto: "1. Amosar o noso rexeitamento expreso a calquera tipo de corrupción que se produza, esixindo a todas as administracións a depuración das responsabilidades políticas derivadas deses tipos de comportamentos e adoptando as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xurídicas, parlamentarias e administrativas que investiguen posibles irregularidades", manifestando o Grupo Municipal do Partido Popular que a aceptaría como emenda de engádegas, pero non de substitución, polo que queda rexeitada.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 11 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 1 de dona Elena Candia López, segundo as manifestacións efectuadas no punto 7/92 desta sesión.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra o voceiro municipal, señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas alcalde. Ben, como cando se trata de escoller entre o ben dos lucenses e o do partido, non sempre escollemos o ben dos lucenses, agardo que nesta iniciativa sexan capaces de ter a mesma responsabilidade e a mesma valentía, agardo que sexa así.

Vou comezar cunha frase do señor Sánchez. Estes días andaba de gira internacional, saíu do seu escondite, foi de xira internacional a intentar tapar a corrupción e todos os problemas que tiña aquí en España, en Madrid. Intentou montar varios leas con diversos conflitos internacionais, pero nun deles chamoume a atención a frase que utilizou, e eu voua facer propia, que é *basta xa*, e eu creo que *basta xa*, non Miguel? Eu creo que *basta xa*. Rubén, creo que estarás comigo tamén, que *basta xa*, *basta xa* do esperpento que estamos vivindo en Madrid, de ver como temos por primeira vez un presidente cercado totalmente pola corrupción, absolutamente pola máis repugnante e profunda corrupción. Corrupción do máis cutre, como enchufar o irmán nun traballo que non sabe nin onde está o sitio; corrupción torpe como usar ao fiscal xeral do Estado para atacar a rivais políticos; corrupción noxenta e casposa, como pagar con diñeiro público ás prostitutas dous ministros; como utilizar diñeiro público e empresas públicas para contratar esas mesmas prostitutas. O partido do feminismo, o que tiña de número dous a un putero, falando así de claro, e de xefe de gabinete ao porteiro do puticlub. Ese é o partido do feminismo do Partido Socialista. Eu pensei que aprenderán con Andalucía, pero nese tridente, nesa ecuación de corrupción, gambas e prostitutas, o único que foron capaces de deixar foron as gambas, o resto seguen facendo

exactamente o mesmo. Mentres se divertían, tamén tiñan tempo non só para enchufar a esas mulleres en cargos públicos nas empresas públicas nas que dirixen, senón que ademais roubaban aos españois, estaban roubando aos españois. É unha evidencia recoñecida, ata a Sexta o recoñece, falta que o recoñezan os cargos do Partido Socialista e os socios do Bloque Nacionalista Galego. Foi malo o número dous do PSOE, e cando cheiraba demasiado apartouno do cargo o señor Sánchez, pero é que seguinte número dous do PSOE foi peor, é que foi peor, parece que teñen un manual para escoller a ladróns para eses postos. Pero, claro, que lle imos pedir a Pedro Sánchez se non sabía nada, pero se nin sequera sabía que a persoa coa que comparte alcoba usaba a Moncloa tamén para os seus texemanexes, para os seus másteres, para as súas conversacións coas aerolíneas. Danlle a todo, a verdade é que non deixan puntada sen fío. Pero pobre Sánchez engánano todos, engánano todos. E eu non sei se é tan malo que este home sexa o xefe da banda de corruptos, ou que sexa o que non se decata de nada, porque no peor dos casos a festa pagámola os españois. Non sei se é mellor ter o capo da mafia ou o parvo útil da clase. Non o sei. Pero teranmo que dicir vostedes. E eu preguntolles aquí, políticos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, Miguel, Rubén, que tipo de políticos sodes? Dos valentes, que hoxe sodes capaces de dicir basta xa, ou queredes seguir tocando como a banda do Titanic ata que isto se acabe, ata que a podredume máis absoluta termine con este Goberno, porque o afundimento de Pedro Sánchez xa comezou, sábeo ata a Sexta. Volvo a usar ese medio de comunicación. Os únicos que non se decataron son os membros do Partido Socialista, Algún si, porque hai políticos dentro do Partido Socialista valentes, que están dando a cara, porque na esquerda deste país segue habendo xente valente, xente honesta e honorable. Falta ver se vostedes están nese club ou están no club dos palmeiros de Pedro Sánchez que prefiren seguir aplaudindo a que siga na Moncloa, porque xa recoñeceu el que non convoca eleccións, porque sabe que as perde. Miguel, hoxe toca escoller, hoxe toca escoller. E mentres estes se divirten, mentres nos rouban, Lugo sofre o illamento máis absoluto, seguimos sen alta velocidade e seguimos sen conexións por estrada, seguimos sen conexións por ferrocarril. O propio alcalde o recoñecía, foi a Madrid a solucionar este problema, foi a Madrid e veu cunha frase que era *cando se poida*, pois nada, cando se poida, aquí seguimos, porque preguntáronlles a estes señores corruptos onde van os 1100 millóns de euros que comprometera 15 días antes da moción de censura o Goberno de Mariano Rajoy, preguntáronllo? Preguntáronlle ao señor Cerdán, cando paseaban con el pola cunca do Sil? Preguntáronlle á señora Pardo de Vera, cando a nomeaban pregoeira? Preguntoullo vostede en Madrid cando estivo con...? Porque de Madrid non trouxo nin mantecados, cando veu desa viaxe non trouxo absolutamente nada. E eu dígolles que hoxe é un día de valentía, dicíao a señora Racamonde, agardo que sexan valentes e eu agardo que sexan valentes hoxe e que fagan boa esa frase de Pedro Sánchez de basta xa.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo, señor Ameijide. Moitas grazas. Quenda agora para o señor Alex Penas. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBAS: Moitas grazas, señor alcalde. Mestura nesta proposición dous temas, un tema de corrupción e outro tema das necesidades do tren da nosa provincia. Da corrupción parece que só falan dunha, da corrupción cutre que un brillante parlamentario dixo aí que vostedes eran expertos na corrupción premium. Non sei se van por aí os tiros, non? O que fastidia é que sexa cutre esa corrupción e non tan ben elaborada como nos ten acostumados o Partido Popular.

En canto ao tren, vou empezar por aí, son dous temas, que si que é certo que unha mestura bastante artificial nesta proposición, pero que si que son estruturais, digamos, no Estado español, as necesidades do tren na nosa provincia e de que historicamente pois están aí, digamos que isto non se soluciona cun exercicio orzamentario nin con dous, a dereita nas últimas decenas de anos, século 20 e século 21, gobernou moitísimas veces e as necesidades do tren sempre seguiron aí. Ou non son moi eficaces ou nunca tiveron a ansia por solucionalo. Desde logo tamén citan nesa proposición os acordos do BNG de investidura, é certo é un acordo de investidura, no que gracias a el hoxe hai unha serie de medidas para mellorar o tren na nosa provincia que se están a executar: nós, electrificacións, o estudo con Santiago, cousa que dende logo co Partido Popular nunca pasou e que eu reivindico desde aquí.

En canto á corrupción, e xa imos por aí, falan da corrupción instalada no PSOE e non hai nin unha soa medida nova no texto que vostedes propoñen, foxen como o demo de propor uns mínimos criterios éticos estruturais dentro da política estatal, que desde logo aí si que poderíamos ter un debate serio do que é a corrupción. Pois, como digo, non propoñen ningunha medida concreta para porllo difícil aos corruptos, para porllo difícil ás estruturas que promoven esa corrupción. Dende logo, a min encantaríame que o PP algún día estivera aí, pero creo que non o vou ver, ao PP nunca porá unha medida clara na mesa para combater a corrupción, nin cando gobernan nin cando están na oposición.

Para nós a corrupción actual é unha deriva da chamada transición política española, é un síntoma da escasa calidade democrática do modelo do Estado que resultou do 78, ... a restauración monárquica, unha mestura completa de empresas, portas xiratorias, intereses de elites e unhas estruturas políticas e sociais que están ao servizo dese sistema. Eu creo que si que podemos dicir que no seu día na transición había moitísimas cousas que facer e habería que apostar por un modelo, que moita xente si que apostou por el honestamente, pero que a día de hoxe, e eses síntomas de como funcionan os poderes económicos no Estado español son evidentes de que son corruptos e que hai que tomar medidas radicais para volver a ter unha verdadeira democracia no Estado español. Para min é moi evidente, pero coido que ao Partido Popular aí nunca o veremos, e digo por desgracia. A

corrupción é unha lacra. Esta situación provoca dende logo un descrédito e unha desafección política nas sociedades, e cando hai esa desafección pois tamén se aproveita para meter mensaxes, como estamos vendo, de retroceso de avances sociais, desde machismo, desde fracturación social, desde, incluso, os nostálxicos da ditadura asoman cabeza e moitos deles do Partido Popular.

Fronte ao discurso de que todos sodes iguais, eu teño que defender aquí que o BNG reivindica con orgullo que nos seus 43 anos de historia, pasando por moitos gobernos municipais, da Deputación, da Xunta de Galiza, non tivo nin un só, cero, cero cargos públicos electos condenados por corrupción. Hai outra maneira de facer política honesta, con coherencia, e esa é a que defende o BNG. A loita contra a corrupción, veña onde veña, forma parte da nosa práctica política. O BNG ten un compromiso inequívoco cunha verdadeira rexeneración democrática que avance en dereitos e liberdades e desterrando a corrupción da vida pública, do Estado e de calquera institución, e así o demostramos onde estamos.

Diante dos recentes casos que se citan na proposición, e que afectan á dirección do Partido Socialista, tanto a nivel do partido como do Goberno, con un ministro, pois a reacción do Bloque foi inmediata e contundente, esixindo respostas claras, depuración de responsabilidades e medidas efectivas. Calquera caso de corrupción debe ser investigado dende logo en profundidade e ata as últimas consecuencias, por iso demandamos no Congreso a comparecencia urxente do presidente do Goberno, solicitamos unha auditoría de toda a contratación do Ministerio de Transportes e que se poñan en marcha medidas firmes e contundentes que garantan o estrito cumprimento da lei e o manexo de cartos públicos, con accións concretas para os corruptores, a esa trama empresarial que se vale de mordidas e subornos para lograr irregularmente contratacións públicas e outros beneficios, como en moitas administracións que goberna o Partido Popular en casos abertos.

A este respecto, oxalá vostedes, reitérome, fixesen algunha medida nese sentido, pero creo que vostedes discrepan y que anuncian e proporán unha proposición nesa liña...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Pena, ten a palabra a voceira municipal Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Pois non estou de acordo con vostede, señor Ameijide, de que toca escoller. Este grupo municipal ten máis que escollido o seu posicionamento e é a repulsa total e absoluta da corrupción e de moitos comportamentos que están saíndo agora á luz por ser recentes e que non por novidosos, E non é día de valentía tampouco, eu creo que é día de pedagogía tamén, porque a corrupción manifesta das persoas, eu creo que hoxe estamos aquí chamados para falar dun tema crucial para a saúde da nosa democracia, como é a corrupción.

Tamén teño que dicir que non entendo moi ben a estrutura da súa proposición porque mestura o ferrocarril coa corrupción e eu creo que son temas con suficiente envergadura como para tratalos por separado, pero vostedes deciden presentalo así e buscaranlles a súa conexión, nunca mellor dito.

Eu creo, como viña dicindo, que a corrupción erosiona a confianza nas nosas institucións, desvía os recursos esenciais da sanidade, da educación, as pensións e prexudica a igualdade de oportunidades. Por iso eu falo de, ou creo, que debemos ser conscientes e pedagóxicos para que estas prácticas non se volvan a repetir nunca, teñan ou tiveran sucedido. Ninguén queremos, eu creo que é evidente, que os esforzos colectivos de tantas e tantas persoas que levan traballando arreo se queden en petos sucios, como se está demostrando e como se demostrou noutras situacións.

É unha realidade que nos doe. A min, creo que podo falar en boca de todas as miñas compañeiras e compañeiros, e que dende logo non podemos calar, é pouco ata pedir perdón, é pouco, porque como sociedade, como Goberno, debemos ser implacables. Eu creo que este Goberno están demostrando, este de Lugo, e temos que seguir loitando, e podo asegurar e poñer a man polos meus compañeiros e compañeiras que o seguiremos facendo e será unha loita inquebrantable. E non vai quedar só en palabras, porque moitas veces, e eu creo que socialmente tamén a cidadanía estará cansa de oír estas estas palabras, pero temos que seguir reforzándonos, porque que unhas persoas o fagan non significa que todas e todos o sexamos ao contrario. Para iso están os órganos de control, de fiscalización e o poder xudicial, que demostrará o que cada un fixo ou fará, e terá a súa condena no caso de ter que que tela, Pero temos que seguir loitando por eses piares fundamentais para erradicar estas prácticas. Eu creo que a confrontación neste caso non é a solución. Trabállase para reforzar a Lei de transparencia, son leis que saíron a raíz doutros casos do bo goberno. Eu creo que temos que seguir e amparándonos nestas leis e no sistema xudicial que nos protexe. Cada euro público ten que ser rastrexable e a información accesible a todas as persoas e todos os cidadáns e cidadás. A dixitalización, temos que seguir traballando nela, porque iso permítenos saber en cada momento o que se está facendo en todas as administracións e todas as persoas que manexan eses procedementos. É unha ferramenta moi eficaz contra a manipulación e contra a discrecionalidade que aínda se segue utilizando en moitos casos. E creo que temos que traballar nesta liña, non confrontar, senón dar explicacións, porque nós non podemos actuar na vontade das persoas nin se son malas ou boas. Iso demostra os seus comportamentos, e aínda falta traballo por facer, porque, senón, non seguirían pasando estas cousas, ou ou ter menos *jeta*, se me permiten a expresión, Continúo na seguinte intervención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Ana, concordo na maioría de cousas que dis, o que pasa é que, claro, soprar e sorber é moi complicado. É unha mágoa que todo isto que hoxe afirmas hoxe aquí non llo explicarades no voso partido. A muller do presidente, o irmán, o fiscal xeral do Estado, o número dous, o secretario de organización, o seguinte secretario de organización, o ministro, o xefe de gabinete, a toda esa *cosa nostra* en que se converteu o Partido Socialista en Madrid. Hai moitos compañeiros teus que si o están facendo, presidentes autonómicos, altos dirixentes que no seu día tiveron a valentía de dicir as cousas e que seguen tendo a valentía de dicir as cousas. Pero vós, ti hoxe, que che tocou facer de portavoz, xunto co resto doutros compañeiros de equipo, hoxe parece que queredes seguir perpetuando ese modelo. É imposible que o pirómano vai a apagar un incendio, o número un de todo isto todos sabemos quen é, porque é imposible ser tan parvo de non decatarse de nada, é imposible, pero o tempo dará e quitará razóns. Niso estou totalmente de acordo contigo. Por tanto, hoxe non é tempo de pedagogía, é tempo de dicir basta xa de rirse dos españois, basta xa de dicir unhas cousas e facer exactamente as contrarios nas institucións, basta xa de ser covardes, como está sendo unha parte do Partido Socialista que prefire seguir asistindo ao afundimento tocando mentres o barco non ten xa reparación posible, nin a Sexta, nin a Sexta o salva.

Non mesturamos nada nesta moción, mesturouno a UCO, a UCO é a *unidade de crime organizado*. Crime organizado é o que é agora mesmo o Partido Socialista en Madrid, é a realidade, e a UCO di que parte dos cartos da conexión entre Lugo e Ourense foron a pagar mordidas, mordidas destes ministros corruptos, destes xefes de gabinete, antaño porteiros de puticlub, destas presidentas de Adif que contrataban ás prostitutas dous ministros, de toda esta banda que se creou en Madrid, dos que viñan a limpar todo, e enlamaron todo canto puideron. E si, evidentemente Alex, si, evidentemente digo cutre porque Torrente era un tipo con clase ao lado desta xente, era un tipo con clase, porque dá noxo ver en que se converteu ao goberno central, noxo. E eu pídolles valentía, pídovos valentía ao Bloque Nacionalista Galego, rompede con isto e deixade que os cidadáns españois voten, que votemos os galegos, os españois, que todo o mundo votemos, porque é a única forma de salvar esta situación, porque é a única forma de recuperar infraestruturas para a nosa comunidade autónoma, para a nosa provincia, para a nosa cidade, porque estámonos quedando totalmente illados. E o que non pode ser é que os socios sigan sendo cómplices e que os compañeiros de partido sigan asubindo e mirando para outro lado, porque así está facendo Pedro Sánchez, porque é insostible esta situación, porque internacionalmente chamano don Teflón, o xefe da mafia neoyorquina, iso é o que lle di o New York Times e vostedes seguen aplaudindo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Señor Ameijide rematou o seu tempo. Ten agora a palabra, tres minutos, o señor Pena, Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas, señor alcalde. Ben, o BNG dende logo sempre será esixente coa depuración de toda responsabilidade, e así tamén llo trasladamos nestes casos que saíron tan tan noxentos, concordo, no Estado e si que solicitamos que se demostre e que caia quen caia, que se depuren todas as responsabilidades.

Eu dicíalles que botaba en falta propostas serias para que isto non volva pasar, porque podemos tirar de hemeroteca e en casos, que igual non son cutres, igual son premium, eu creo que tamén son cutres, do Partido Popular, que hai a diario, a diario, aínda saian hoxe outros, eu nin aos traio hoxe aquí, que vostedes os xustifican e os avalan coa súa política. Dá a sensación de que o eu creo que nunca PP presentara una iniciativa seria para acabar coa corrupción, porque eu creo que se beneficia dela, se incluso vas para atrás e ves os casos de corrupción e como defendeu sempre o Partido Popular eses casos e como se librou deles, parece que é un fin en si mesmo, o Partido Popular e a corrupción case se creou, digamos, para para avalala e para impulsala. Poderían facer moitísimas cousas e non lle vou pedir que se disolvan, que devolvan o diñeiro que roubaron, pídollelo a todos os corruptos, incluso a sede esa que pagaron en negro.

A min preocúpame moito que ninguén poña medidas serias á hora de falar da corrupción, e o que queiran é poñerse vostedes introducindo incluso certos mensaxes. Temos exemplos en Galiza, co sobrecusto do Álvaro Cunqueiro, con 1500 contratos da irmá de Feijóo, que vostedes boicotean, digamos, a comisión de investigación que propuxo o BNG e que intentan de que iso non sexa para nada. Utilizan as institucións directamente para iso, entón digamos que o PP neste caso é parte do problema. Existen outros espazos e poderían crear outro partido e que a xente de centro os votara ese centro dereita, pero dende logo non espero que o fagan. Dáme medo cando se aproveita esa desafección social que saian xente do Partido Popular, como Esperanza Aguirre, a falar ben da ditadura, unha ditadura que “en tempos de paz”, abro aspas, matou a 40.000 persoas, e que diga que era mellor ca democracia e vostedes a avalen. Iso pasa en calquera partido serio e os largamos, os largamos en calquera democracia e vostedes avalan. Dáme medo que un alto cargo da Educación diga cousas fascistas en prol da naturalidade. Dáme medo que Paula Prado, esa que ascenderon despois dos regalos da hostia, e cuestione os asasinatos machistas. Nesta proposición, cero propostas para blindar o sistema contra a corrupción, cero medidas adoptadas por vostedes mesmos que podían dicir nós facemos isto e isto, non, cero, porque non teñen ningunha, moitas ganas de instalarse, sobre todo para recortar dereitos, e ir en contra das clases populares e dos avances que podemos facer os progresistas. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Pena. Ten agora a quenda de palabra a compañeira Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Isto de que basta xa, di de valentía. Nós, dende o grupo propoñémoslles unha emenda de substitución na moción da corrupción, quedando como punto de acordo un único punto que é *amosar o noso rexeitamento expreso a calquera tipo de corrupción que se produza, esixindo a todas as administracións a depuración das responsabilidades políticas derivadas destes tipos de comportamentos e adaptando as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investiguen as posibles irregularidades*. Creo que así se manifesta totalmente a nosa repulsa e tolerancia cero contra a corrupción e contra as corruptelas, ímoslles chamar, que creo que é unha obriga de todas e todos loitar contra este tipo de comportamentos. Creo que imos ser firmes e debemos ser firmes que, por certo, con descualificacións como vostede utiliza tamén desacredita o seu argumento: Unha persoa parva, di vostede, unha persoa que non sei cantas lle chamou.

Mire, aquí estamos falando da corrupción e de ferrocarril, non das cualidades ou capacidades das persoas, e cando se utilizan este tipo de insultos, que acostuma a facer habitualmente, desacredita os argumentos e, polo tanto, creo que son temas suficientemente claros como para que acepten a nosa emenda e así votaremos a favor da proposta, ou ben seguir mantendo, porque nos mete todos no mesmo saco e eu non llo podo permitir, señor Ameijide, porque non me considero ningunha corrupta nnin con prácticas de corruptela. En ningún caso espera a que xustiza fale e diga si son culpables o inocentes, pero vostede, como sempre, é xuíz e parte, pois xa o dá por feito. Aínda creo na presunción de inocencia e senón que os condenen a todo aquilo que os teñan que condenar polo que están a facer. E, como lles dicía, eu creo que temos que seguir traballando en transparencia, en responsabilidade e escoitando as demandas da cidadanía e non esta loita continua de e ti máis e ti máis, porque creo que a corrupción, tal e como se está demostrando actualmente, merece responsabilidade, responsabilidade de quen a teña e, desde logo, pola miña parte, vergoña da situación que estou vivindo, Pero non nos meta a todos no mesmo saco porque o que espera de nós a cidadanía son comportamentos exemplares, e eu creo que é o que temos que facer, e non soamente falando da corrupción...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Grazas, rematou o seu tempo. Última quenda para o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Grazas alcalde. Álex, eses avances progresistas trouxéronnos precisamente a vivir esta etapa de corrupción que estamos vivindo a día de hoxe e o sectarismo progresista e o que vos leva a non poder nin recoñecer que está mal o que está facendo Pedro Sánchez e o seu goberno.

Ana, encantadísimos de aceptar esa emenda, pero como engádega, porque do contrario estaríamos deixando fóra da proposición condenar o acoso que se está facendo dende o Goberno do Estado á xustiza e aos xornalistas; non poderíamos permitir que se quite da moción exixir a colaboración coas instancias xudiciais para esclarecer toda esta corrupción; nin disolver as Cortes para convocar eleccións e que os españois poidan votar nas eleccións. Tampouco estamos dispostos a retirar da moción o punto de retirar os nomeamentos aos corruptos, os que lles deron vostedes nas institucións. Evidentemente non imos renunciar a un punto fundamental desta iniciativa, que é exixir infraestruturas de alta velocidade e ferrocarril para Lugo, que precisamente é un dos puntos centrais. Pero, evidentemente, o PSOE hoxe demostra que cando toca escoller entre Sánchez e o resto de España e os cidadáns, vostedes escollen a Sánchez e así lles vai a ir, vanse afundir con eles.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Ameijide. Miren, de verdade, desde o Partido Popular teñen o *cuajo* de pretender vir aquí dar leccións en materia de corrupción ou de trens? De verdade que está ocorrendo iso? O único partido, o Partido Popular, que foi condenado por financiamento ilegal, condenado por financiamento ilegal lucrativo. Vostedes non ven o alugueiro no ollo propio e ven a viga no dos demais. Miren, o que se está vendo, que nos doe profundamente, como ben dicía a nosa portavoz, é un tema de persoas individuais. Esa presunta corrupción terán que xulgala os xuíces, eles determinarán. E saben que nos diferencia a nosoutros do Partido Popular? En que nós actuamos, tomamos medidas, imos ata as últimas consecuencias, mentres vostedes o que trataron nos seus múltiples casos de corrupción, incluso como partido, foi de ocultar e disimular. Acórdase vostede daquela frase do señor Rajoy: *Luis resiste se forte* pois iso, leccións ningunha.

E logo, en relación ao tren, de verdade nos veñen exixir algo cando a señora Pastor é a responsable directa de que non existe a dobre vía desde Zamora? De verdade? Ou que deixase a intermodal nun caixón e tivera que rescatala este Goberno, abonando unhas indemnizacións millonarias? De verdade? Recorda vostede cando o señor Feijóo en época electoral prometeu a bombo e platillo que se gañaba na Xunta, ía traer o AVE en seis meses, creo que era fecha? Recórdase diso. Polo tanto, mire, leccións ningunha.

Despois sorpréndeme moito que dá a impresión de que lles importa moito o tema dos servizos ferroviarios, porque o enmascaran dentro doutra moción. Eu creo que ten, como dixo moi ben a voceira, suficiente entidade como para tratalos directamente. Vostedes durante anos non fixeron nada e asegúrolle que nós agora ímolo intentar e ímolo conseguir. Pasamos á votación.

11/96 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 192/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE

LUGO ELABORE UN PLAN DE REVISIÓN E MANTEMENTO DOS PARQUES INFANTÍS (Exp. 2025/G004/000356).- Vista a devandita moción cuxo teor é o seguinte:

“Numerosos parques infantís de Lugo presentan síntomas de abandono e deterioro como consecuencia da súa falta de mantemento. O longo deste mandato fixémonos eco en numerosas ocasións do seu mal estado e do perigo que conleva para os usuarios, sendo transmitidas o goberno local mediante rogos tanto a pleno como a comisións e a través do rexistro municipal, para urxir a súa reparación.

Esta é unha das reivindicacións máis frecuentes que nos transmite a veciñanza, incluso na comisión de Suxestións e Reclamacións é habitual que todos os meses figure o mal estado dalgún parque na actas.

Pese ao anterior, consideramos que o mantemento destas instalacións non debe realizarse polas queixas da veciñanza ou do grupo da oposición, senón que o goberno local debe traballar de maneira proactiva anticipándose o seu deterioro. Lonxe de facelo, o contrato da prestación do Servizo “Mantemento e Conservación Integral das Áreas de Xogos Infantís existentes na cidade de Lugo” é de fai case dez anos e caducou o pasado 31 de decembro do ano 2022, hai mais de dous anos e medio. Dende entón, o goberno local asegura que se está preparando a nova licitación, pero cremos que dous anos e medio son mais que suficientes e que non están cumprindo coa normativa vixente.

É indispensable que se elabore un plan de revisión e mantemento dos parques infantís que inclúa no so o mantemento, senón tamén a inspección, vixilancia e limpeza, así como o estudo da implantación de cubertas nalgunha destas zoas para resgardar os parques das choivas do inverno e do sol no verao.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que o concello de Lugo elabore un Plan de Revisión e Mantemento integral dos parques infantís que inclúa unha programación regular de inspección, vixilancia e limpeza, así como o estudo da implantación progresiva de cubertas nalgunha destas zonas de xogo para resgardalas da meteoroloxía.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, segundo as manifestacións efectuadas no punto 7/92 desta sesión. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben. Ten a palabra o voceiro voceiro do Grupo Popular, señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas alcalde. Hoxe a Pleno traemos unha iniciativa para que o Concello de Lugo elabore un plan de mantemento e revisión dos parques infantís. Traémolo a Pleno porque a verdade é que non nos queda máis remedio, a ver se así nos fan caso.

Levamos anos denunciando o seu estado de abandono, polo que esta iniciativa xa conta con precedentes. Dá igual que presentemos rogos a Pleno, rogos a Comisión, que rexistremos os desperfectos que hai nos mesmos para urxir a súa reparación. Dá igual, a situación que presentan os parques infantís de Lugo é moi mellorable, e non porque o diga o Grupo Municipal do Partido Popular, senón porque así nolo transmita á veciñanza. É rara a semana na que algún veciño no se queixe polo estado no que están ou pola falta de parques infantís en Lugo, incluso é frecuente ver na Comisión de Suxestións e Reclamacións queixas polo mal estado que presentan. ¿De qué nos sirve presumir que somos unha cidade con áreas recreativas, se a metade non se poden empregar? A labor da oposición é fiscalizar o traballo do Goberno, pero consideramos que o mantemento destas instalacións non debe realizarse polas queixas da veciñanza ou do grupo da oposición, senón que o Goberno local debe traballar de maneira proactiva anticipándose ao seu deterioro. Os únicos que se arranxan son os que aínda están en garantía, o resto, nada. Lonxe de facelo, o contrato da prestación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogo infantís existentes na cidade de Lugo é de fai case 10 anos e caducou o pasado 31 de decembro do ano, 2022, hai máis de dous anos e medio e, dende entón, o Goberno local asegura que se está preparando a nova licitación, pero creemos que dous anos e medio son máis que suficientes e que non están cumprindo coa normativa vixente.

É indispensable que se elabore un plan de revisión e mantemento dos parques infantís que inclúa non só o mantemento, senón tamén a inspección, a vixianza e a limpeza. Tamén debe facerse un estudo de implantación de cubertas nalgũa destas zonas para resgardar os parques das choivas do inverno e do sol do verán. Os parques ao aire libre non se poden empregar a maioría dos días de inverno en Lugo, porque ou están moi mollados ou está chovendo, nos queda o sol no verán e tampouco se poden empregar porque os nenos se queiman. Por iso urximos a que se cubran máis parques. Somos conscientes de que non todos os parques se

poden cubrir, porque non todos cumpren cos requisitos normativos, pero debe facerse un estudo dos que si se poden cubrir, e ter unha cronoloxía, un calendario, unha programación para ir cubrindo progresivamente os que si se poden.

Outro aspecto que non se pode esquecer é o de accesibilidade. Deben ter un acceso fácil e seguro, con entradas amplas, sen barreiras, acceso para carriños e persoas con mobilidade reducida. Ademais deben ser inclusivos co equipamento accesible, como xa dixen, e se debe garantir que todos os nenos, todos con independencia das súas capacidades físicas, sensoriais ou cognitivas, poidan gozar das actividades destes xogos de forma segura e inclusiva. A accesibilidade na nosa cidade é fundamental, por iso lles pedimos que o teñan en conta, que fagan parques infantís adaptados, xa que fomentan a inclusión social e o desenvolvemento físico e emocional de toda a cativada. Pedimos que non todos os xogos que se poñen nos parques infantís sexan en altura porque os nenos e nenas en cadeiras de rodas ou con mobilidade reducida non os poden empregar. Tamén é importante que teñan fontes de auga e baños cerca, xa que a melloría dos parques en Lugo non contan con baños públicos nas súas inmediacións.

A veciñanza de Lugo merece ter parques infantís que poidan empregar todo o ano e en condicións de seguridade. O obxectivo da nosa iniciativa é chegar a un acordo para que se faga dos parques infantís un espazo seguro e divertido para os nenos e nenas na nosa cidade, que recorden, son poboación vulnerable. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a palabra agora, o voceiro municipal, señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas. O Concello de Lugo, como ben saben, dispón na actualidade duns 80 parques infantís e áreas biosaudables, sendo algúns deles, nunha porcentaxe destacable, executados por promotores privados no seu día e que estas unidades de actuación e que posteriormente foron cedidas ao Concello de Lugo para o seu mantemento. Foron comprados naquel entón, segundo as normas, entendo, necesarias para a súa implantación, as homologacións, algunhas delas están deficitarias, que tamén aproveito, estes parques que se están implantando nalgúns zonas, sobre todo no rural, tampouco son homologados. Eu tamén lle diría a quen os pon, neste caso a Administración autonómica, que valore esa colocación, porque vostede fala de accesibilidade, fala de homologación, de seguridade e demais e estanse implantando zonas de xogos infantís que, eu non son experta, pero que non reúnen todas as condicións. Así que trasladen tamén esa información.

E, como lles ía dicindo, a homologación pertinente provoca continuas labores de mantemento e reposición, que se están levando a cabo dende o Concello de Lugo coas súas complicacións, porque moitos dos elementos necesarios para a substitución de pezas tardan en vir ou xa non existen pola antigüidade de determinados xogos. De todas as maneiras, vanse modificando, cambiando, e

intentando adaptalos ás necesidades de cada área. E os labores, como digo, de mantemento estanse levando a través dun contrato coa empresa Lappsett que facilita ao Servizo de parques infantís e parques e xardíns os partes diarios coas distintas actuacións necesarias, ou a través de e-mails ou información fotográfica que achegan sobre a observación de ditas actuacións. Ademais, de xeito trimestral, o Concello ten un documento resumo con todas estas notificacións e intervencións das incidencias ou dos traballos realizados co obxecto de facer un seguimento. Existe un contacto permanente con esta empresa e inmediatamente cando se comunica a incidencia, actúase. Ademais aténdense tamén ás demandas veciñais a través das canles oficiais que ten o Concello de Lugo para peticións desas áreas de esparcemento que as crianzas e as persoas adultas utilizan moi a menudo. Ademais, nos últimos anos tamén foron varias as actuacións de renovación total que se fixeron nalgúns parques, como a creación de novas áreas de xogo, co fin de seguir dotando ao noso municipio de espazos máis modernos, novidosos, adaptados, accesibles e seguros, por un investimento de preto de dous millóns de euros, o que evidencia o esforzo que se realiza e a aposta clara que ten este Goberno de seguir implantando estas zonas que tanto interese social teñen. E, por se non se lembran, nos últimos anos renovouse coa cubrición tamén de espazos a área infantil de Augas Férreas, a praza da Milagrosa, o parque Rosalía de Castro, o da avenida das Américas, ou das áreas do parque do Miño, o da rúa Mandeo, o de xardín de San Roque, o da praza San Xoán, Aviador Parga Cerezo, así como en Rey Xordo. Executáronse novas áreas de esparcemento na praza Bretaña, en Xosé Novo Freire, en Aquilino Iglesias, que contaron tamén con orzamento importante, como o da praza do Castiñeiro con máis de 350.000 euros investidos, ou o da praza do Campo Castelo cun investimento de 312.000 euros. E séguese apostando pola renovación e restauración de todos estes parques. Nestes días pasados tamén se inaugurou o do Sagrado Corazón cun investimento de 100.000 euros. Por lo tanto, a implicación do Goberno é clara. Continúo na seguinte intervención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra en quenda de réplica a señora Mar Carbalas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señora González Abelleira, os parques aos que fai referencia si que están homologados, non sei por que di iso, porque de feito un deles o fixo a mesma empresa que fixo o de Campo Castelo. Entón, o parque ao facía referencia, entón eu non sei porque di que non están homologados, si que están. É que non é só facer parques ou renovar parques, que si que o fan, é verdade, pero o resto os teñen abandonados e tamén hai que mantelos e renovalos, e, por iso, cremos que aínda teñen moito que mellorar. Insistimos en que a maioría, poden dar un paseo por eles, están rotos, sucios, faltan elementos de xogo e non poden ser empregados con seguridade. Voulle poñer un exemplo, teño aquí unhas fotos dun parque infantil, é dunha localidade que ten 10.000 habitantes, a 10ª parte que Lugo, teñen casiñas, columpios, casiñas

con xogos en altura, teñan outras casiñas a ras de chan para que poidan ser empregados por todos, son para nenos de diferentes idades, é dicir un parque bonito, é un parque ao que os nenos queren ir porque é amplo e moderno; sen embargo este é o estado dun parque ao que fun estes días, en San Fiz, roto, deteriorado, vello, con chan roto, sucio. Pero é que non é só este, podería traerlle aquí numerosos exemplos, porque é que é a veciñanza a que nolo di, que os parques non poden ser empregados porque non están en condicións. Pode comprobar o estado destes dous que lle poño de exemplo, por non falar de todos os carteis que hai en diferentes barrios anunciando dende hai anos modernos e maravillosos parques que nin se fixeron nin se farán.

Ese é o Goberno da palabra do que falaba vostede na anterior intervención, que llo digan aos veciños, por exemplo, da praza de Alicante que lles prometeron un parque que nunca chegou. Gastan o diñeiro en infografías e en poñer carteis bonitos, pero fan promesas que non cumpren. Eu creo que teñen que poñerse as pilas, porque a veciñanza de Lugo merece máis parques infantís, parques limpos, modernos, accesibles, seguros, merecen poder empregalos todo o ano e merecen os parques cubertos. Entón eu quero saber se van votar a favor o en contra desta iniciativa. Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moi ben, señor alcalde. Señora Carballas, vostede fala que a maioría dos parques infantís están abandonados, se hai 90, a maioría serían 46, e ensínanos a foto dun, pode ser que aínda non chegara a arranxarse, polo tanto eu non sei e ensínanos fotos de parques que non están aquí, por que non ensinan o recentemente feito no Sagrado Corazón, ou o do Castiñeiro? Di que eses parques non son bonitos? Vostede di da homologación tamén, eu creo que hoxe por hoxe non homologan ningún parque infantil ou a área de uso infantil co terreo de área, creo, pero ben. Por desgraza e tamén para seguir aprofundando no traballo que se realiza nos parques infantís, estas zonas non están exentas tamén de actos vandálicos que hai que ir arranxando, evidentemente, e que sofren con frecuencia. Conleva un custo tamén engadido para recuperalos e mantelos en boas condicións e ese custo hai que engadilo tamén ao mantemento e son 90, vólvollo repetir, 90 parques que hai en toda toda a cidade, faga a comparativa coas grandes cidades de Galicia, a ver cantos hai en cada cidade.

E claro que nós tamén atendemos as demandas veciñais, porque nos chegan a cotío pois que se mellore aquilo, que se faga doutra maneira, que se poñan outros xoguetes e, dende logo, ano tras ano, os modelos van cambiando e vanse adaptando tamén non soamente aos gustos persoais de cada un, senón ao que está no mercado.

O estado de conservación non é óptimo, evidentemente, porque se vai desgastando, pero pretendemos arranxalo o máis rapidamente posible e nas mellores condicións para garantir toda a seguridade que os nenos e nenas necesitan, así como as persoas que utilizan estes espazos. E, dado que se foron creando novos espazos, seguimos plantexando novos, seguimos sendo ambiciosos nese sentido e, a medida que poidamos ir traballando, vanse ir executando. É unha prioridade deste Goberno municipal manter en perfecto estado de conservación e mellorando na medida do posible as áreas infantís existentes e que sexan o máis accesibles, porque, como ben sabe, recórdolle que somos unha das cidades máis accesibles de toda España e iso tamén contempla as zonas de ocio infantil. Así que non imos aprobar nin apoiar esta moción porque son temas que se están realizando e, como sabe, ...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Rematou o seu tempo. Última quenda para a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Si. Señora González Abelleira, de que nos serve ter 80 parques, se a a metade non se pode empregar porque están rotos? E, en canto ao chan, a lexislación o que di é que ten que absorber o impacto, non lle obriga a poñer un determinado chan, ten que absorber o impacto.

Dinnos que non van a apoiar a iniciativa, ben, pois non nos están dando as costas a nós, senón aos lucenses, aos nenos e nenas de Lugo, que son os que empregan os parques infantís que merecen ter lugares onde poder pasar o seu tempo libre de divertirse, aprender e desfrutar. Entón, votando en contra, insisto, non están dando as costas ao Grupo Municipal do Partido Popular, senón aos nenos de Lugo. Pídolle que valore o voto, que recapacite e, sobre todo, que, aínda que voten en contra, que elaboren un plan de revisión e mantemento dos parques infantís que inclúa programación de inspección, vixilancia, limpeza, así como o estudo e a implantación progresiva de cubertas nalgunha das zonas de xogo para que se poida protexer da meteoroloxía. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois dígolles, señora Carballas, que canto me gustaría poder renovar e cubrir a totalidade dos parques infantís da cidade. Estámolo facendo na medida dos recursos que temos e ao ritmo que estes nos permiten, pero dígolle máis, se eses recursos millonarios que temos que dedicar a competencias impropias da Xunta de Galicia, que temos que asumir porque iso son o fan, nolo fixesen, probablemente o ritmo de mellora dos parques infantís, como outros proxectos, avanzarían a moito máis ritmo. Pasamos a votar.

12/97 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 193/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA

SITUACIÓN DOS CENTROS SOCIAIS, SOCIOCULTURAIS E DE CONVIVENCIA DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2025/G004/000357).- Vista a antedita proposición que é do seguinte teor:

“Esta iniciativa tiene por objeto poner de manifiesto la existencia de diversas deficiencias que afectan al adecuado funcionamiento de estos espacios públicos, en aspectos como las infraestructuras y su mantenimiento, los servicios, la programación de actividades o los recursos humanos.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de interés municipal que el Pleno de la Corporación Municipal acuerde:

Adoptar las medidas necesarias para garantizar que estos centros puedan cumplir con eficacia su función como lugares de encuentro, participación y cohesión social.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 11 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 1 de dona Elena Candia López, segundo as manifestacións efectuadas no punto 7/92 desta sesión.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra o voceiro Sr. Gustavo Díaz. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias señor alcalde. Traemos hoy una proposición sobre el estado de los centros sociales, socioculturales y de convivencia del Concello de Lugo. Y lo hacemos no por oportunismo, como seguro que dirán, sino por el compromiso con una realidad que muchos conocen y pocos quieren reconocer. Lugo tiene centros con serias deficiencias, centros donde trabajar o participar se ha convertido en una carrera de obstáculos. Por ejemplo, en el centro María Balteira, una claraboya, ya lo hablamos en las comisiones, defectuosa provocó una gotera constante, el agua entra cada vez que llueve, ha

destrozado el techo y los escombros bloquean la escalera de emergencia, que está inutilizada hace meses; la puerta permanece cerrada por seguridade, pero el problema sigue sin resolverse. En la planta baja dese mesmo centro humedades severas hacen del ambiente un riesgo para la salud. El personal trabaja entre ácaros y mohgo sin que el Concello haya tomado medidas, y he traido documentación gráfica de cada uno de los puntos que enumero en la proposición, ustedes ya los conocen, tengo todo tipo de fotografías e imágenes de los casos que voy a hablar ahora.

En el centro de La Milagrosa, por exemplo, cada vez que llueve el agua entra por la puerta exterior. ¿Cuál es la solución? Colocar periódicos usados que los propios trabajadores recogen y tapan como pueden, montañas de periódicos en la misma puerta. En el archivo de ese mismo centro, los materiales están cubiertos con plásticos porque cuando llueve las goteras empapan todos los documentos y equipos que hay allí.

Por exemplo, el centro de Sagrado Corazón la sala de actividades, una antigua sala impropia, fría, mal equipada, la calefacción depende dos radiadores de aceite antiguos y así se intenta ofrecer un servicio. Esto también se trata de una reivindicación de los usuarios desde hace ya muchos años.

Otros centros modernos, como el de Abella, por exemplo, las instalaciones están bien, están actualizadas, pero son los propios trabajadores los que nos dicen que la comunicación con el Concello, las comunicaciones están rotas, nos dicen ellos mismos, literalmente no existe comunicación entre trabajadores y Concello. A esto se suma un problema estructural, una reivindicación de todos los centros, de falta de personal, falta de la figura clave que antes coordinaba las citas de todos los centros, las citas previas, faltan trabajadores sociales y educadores sociales, animadores socioculturales, el contrato de animación está sin actualizar. Lo que proponemos desde nuestro grupo es una llamada a la responsabilidad. Por eso pedimos que el Concello de Lugo haga una revisión seria del estado de todos os centros, que escuche a los trabajadores y que actúe como un plan realista de mejora. Gobernar no es negar los problemas, gobernar es afrontarlos con soluciones. Como le dije, ponemos a su disposición todo tipo de fotografías y todo el documento gráfico que tenemos, sobre todas las averías y defectos constructivos que acabo de relatar. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, Sr. Díaz. Ten a palabra Olga López Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Ben. Empezarei polos comentarios que acaba de facer que din que as comunicacións están rotas. Home! están rotas que oa concelleira vai a todas as comisións de coordinación, ou sexa están tan rotas como iso. Ben, despois tamén di vostede que faltan traballadores sociais, que non hai a persoa que coordina. Mire, as traballadoras sociais están todas cubertas, neste

momento, é o filtro instaurouse, creo recordar, fai máis de tres meses ou ou dous, pero eu creo que foi xa a principios de ano, fállame un pouquiño a memoria nese sentido, así que actualice os datos, por favor. E direille que a lista de agarda desde que se fixo esta figura e outras actividades por parte desta Concellería pasou a 15 días, incluso menos nalgún centro. Estes son os datos actuais.

Con respecto ao que vostede di, eu direille que, mire, no centro social da Milagrosa, baixo a miña responsabilidade, fíxose unha mellora integral cun custo económico que superou os 400.000 euros. Parece que hai un defecto de execución desa obra, é certo que entra auga e que está tan deteriorado por esas humidades que se ofertou incluso aos traballadores mudar de centro. Instouse dende a Concellería ao responsable técnico dese contrato, porque non é da nosa Concellería é doutra, para que falase coa empresa, falou coa empresa, foina ver, falouse co director de obra e vanse a establecer os arranxos deficitarios desa obra, porque é certo que a auga que entrou, non apta para moitas cuestións, totalmente, pero actuouse.

Con respecto a María Balteira, xa fai máis de seis meses que se instou tamén ao departamento correspondente de mantemento, porque non leva Benestar o mantemento, e vostedes sábeno, para corrixir esas deficiencias. Ese centro foi pintado tamén baixo a miña responsabilidade e saneadas as humidades, creo recordar no 2020, se non me falla a memoria, ou incluso 2019, xa non recordo, Ben, é certo que abaixo volve a haber filtracións e pedimos os técnicos que nos dixeran por qué estamos agardando esa resposta, que non a temos aínda. E con respecto á claraboya o mesmo, así que xa sabe que eu non escondo nada.

Dime de Abella, ben, non sei eu cría que falabamos das obras, pero, ben, ademais o meu despacho está aberto para todos, incluso para os que discrepan comigo lícitamente. Outra cousa é, incluso así está aberto, para facer comentarios ou cuestións que son totalmente ilícitas e impropias dun traballador público, e dígoos con total claridade, porque así o son.

Abella ten un problema, que cando hai fortes correntes de auga, como sucedeu este ano, as bombas, que ten dúas bombas de achique, parece que non dan solventado toda toda esa auga, houbo un compromiso tamén pola empresa que fixo esa obra para facer unha modificación desas bombas de achique, direille que isto xa se comprometeu fai un ano, e moito antes de que vostede levasen a comisión este tema falei coa técnico responsable dese contrato e ela mesma me recoñecía que tiña que falar de novo coa empresa executora desa obra porque non había feito o compromiso que tiña que facer. Así que, desde Benestar, eu non oculto os problemas que temos a diario, pasounos con leiras, filtrouse á auga e xa está arranxada, pero que non hai actuacións, non é verdade, Aquí teño ademais todas os comprobantes que se puideran requirir e que podo trasladar e que mesmo, insisto, no centro da Milagrosas se ofertou aos traballadores a mudar de centro polas humidades tan grandes que nos quedaron desde a riada. E tamén fago un chamamento a quen lícita na obra pública, como unha empresa pode facer unha obra dunha envergadura que chegou preto dos 500.000 euros e nos está filtrando a auga. Home!, pois eu fago un chamamento á responsabilidade, porque eu, a

verdade, non sei de obra pública, o descoñezo, pero dende logo é un agravio, que esteamos investindo e que logo non se cumpra. Así que fago tamén un chamamento a esa responsabilidade para que se executen as obras conforme e que estas cuestións non sucedan, porque o Concello instou, pagou e ten dereito a esixir. Só faltaba...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, rematou o seu tempo. Ten agora a palabra en segunda quenda o señor Gustavo Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. Hace un poquito decía la concejala, la señora Abelleira, que venimos preparados para desacreditar cualquier proposición que ustedes traen a este pleno. Y lo que molesta no es que vengamos preparados, lo que molesta es que vengamos con los deberes hechos, porque mientras ustedes vienen con excusas, nosotros venimos con datos, con fotos y con la voz de los vecinos que ustedes no escuchan. No venimos a desacreditar, venimos a decir la verdad y eso es lo que les incomoda, los que vienen a desacreditar son ustedes. Desacreditan cuando les señalan una realidad incómoda como ésta. Saben que pasa? Que confunden fiscalización con enfrentamiento y nosotros no estamos aquí para hacer oposición vacía, estamos acostumbrados a escuchar, a decirnos que todo está bien, que exageramos, que hacemos política, que venimos preparados para desacreditar cualquier propuesta, como dijo, pues, si venimos preparados y lo que molesta no es que hagamos política, lo que molesta es que hagamos una oposición con argumentos, y la política en este caso es simplemente denunciar que los trabajadores de La Milagrosa tienen que taponar filtraciones con periódicos, que en María Balteira la salida en la escalera emergencia está inutilizada por escombros desde hace meses. Usted acaba de explicar los motivos, pero es así. En el Sagrado Corazón las actividades se imparten con unos radiadores de aceite en una sala antigua no preparada para eso. Ustedes lo conocen también, lo acaba de decir, está claro, y eso no es exagerado. Simplemente podemos invitarlos a acompañarnos a verlo, pero, bueno, en este caso usted conoce perfectamente todos los problemas que hay, por lo tanto lo que molesta es la forma, es el contenido, porque evidencia lo que no quieren ver o lo que no se quiere solucionar, o lo que tarda demasiado tiempo solucionarse.

Lugo no merece centros taponados con plásticos y periódicos, merece centros cuidados, accesibles, útiles y vivos, centros donde nuestro mayores y nuestros niños estén seguros, que no parezcan del pasado, sino del presente. Hoy lo que queremos que se vote aquí, es el voto por la verdad y no por la propaganda. Si no tienen el valor de mirar de frente a esta realidad, al menos tenga la decencia de no llamarla exageración, porque lo que ustedes llaman a exageración, otros usuarios lo llaman abandono. Voten con responsabilidad y con conciencia, es lo único que les pedimos en este caso.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señor Díaz. Ten agora a palabra a señora Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Ben, eu volvo a dicir, non, isto é o que ten de traer as proposicións escritas e non escoitar o que se lle responde, como o fai a súa anterior compañeira, que dicía que Lugo non é atractivo. Como se pode menosprezar a nosa cidade. E eu dígolle, vostede, dixo que eu lle dicía que esaxerara, eu admitínlle absolutamente todo, xa llo admitín na comisión informativa e dou as explicacións pertinentes, non é o estilo deste Goberno, e moito menos o meu, esconderme. E vólvolle a insistir e explíqueillo. Ademais creo que os actos me avalan, menos en María Mariño, esta concelleira actuou, desde que estou nesta responsabilidade, en todos os centros. De feito, en María Mariño estamos xa co orzamento para facer unha adecuación das instalacións. É verdade que hai riadas, eu insistín na miña intervención que pido responsabilidade ás empresas para que executen as obras tal como se debe e non pase isto. Entón, eu creo que na súa resposta se que se esaxera, oportunismo, eu non falei en ningún momento da miña intervención para nada diso.

É verdade que eu xa lle expliquei isto unha comisión informativa. Agora tráeno aquí, lícitamente, tampouco o crítico para nada, porque aválame a xestión feita, aválame todo o traballo que teño feito para que todo isto se arranxe. Eu mesma estou preocupada e non quero a traballadores, como lle veño dicindo, nunhas condicións de humidade, como foi A Milagrosa, e non teño ningún reparo en dicilo, por que? Porque, se non houbese feito nada, se me escondera, se non fora a velo, porque eu pateou os centros, ademais incluso ás veces molesta que os patee. Con respecto ao Sagrado Corazón, direille que xa se plantexou aos veciños en diferentes ocasións facer as actividades non nese espazo, senón no propio centro e non queren; están acostumados alí e negáronse a cambiar. Eu enténdoo, pero é verdade que eu pinteí, ben, eu non, eu trámiteino para que se pintará, o Sagrado Corazón. A miña casa píntoa, e pinteí o meu despacho do Sergas porque non pintaba o Sergas, pero, ben, aquí conseguín pintalo, pero o centro está ben e eles non queren. É verdade que ese espazo a min non me gusta tampouco como está habilitado, e vólvolles a ofrecer aos veciños o centro para que vaian alí senón verei tamén que solución lle dou.

Así que non me escondo, ningunha das dúas intervencións que vostede fixo son as miñas verbas, e é o que lle podo plantexar, e a miña actividade en todos estes meses respalda o que estou de dicindo, e non teño máis que dicir.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Sra. Racamonde moitas grazas. Última quenda para o Sr. Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. Como usted dice lo llevamos a la comisión, usted conoce los problemas, hay que asumir las responsabilidades, hay que solucionar estos problemas que llevan meses, incluso, como la Milagrosa, años. La entrada de auga por la puerta exterior lleva años, María Balteira lleva meses con una puerta de emergencia cerrada, bloqueada por no arreglarla. Solamente lo que pedimos es los centros se deterioran, el personal ya pierde las esperanzas de que se solucione, como son las humedades de María Balteira, como es ese problema de la salida de emergencia. Nosotros traemos esta proposición para que se apruebe y se empiece a corregir lo que no funciona, simplemente. Los centros sociales para nosotros non son un gasto, son una inversión, para ustedes imagino que también. Entonces, por eso hemos traído esta proposición y les pedimos que voten a favor. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Pasamos á votación.

13/98 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 194/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO EXECUTE O ACORDO PLENARIO UNÁNIME DO MES DE MARZO DE 2023 DE ESTUDAR AS DEMANDAS DOS VECIÑOS DO CASTIÑEIRO (Exp. 2025/G004/000358).- Vista a antedita proposición que é do seguinte teor:

“En marzo de 2023 o Grupo Municipal do Partido Popular presentou unha proposición a pleno para mellorar os servizos da zona norte da cidade, concretamente no barrio do Castiñeiro.

Froito do acordo unánime de todos os grupos que conformaban a Corporación Municipal, aprobouse o “compromiso de estudar as demandas que trasladan as/os veciños de O Castiñeiro”

No pleno de marzo de 2024, celebrado o 1 de abril, a voceira do grupo municipal socialista indicaba que esta parcela era de titularidade autonómica e omitía pronunciarse sobre o futuro da mesma .

Transcorridos mais de 2 anos dende o primeiro acordo, tempo suficiente para proceder estudar as demandas veciñais do barrio, e formalizada a permuta da parcela o pasado mes de febreiro e, con elo, adxudicada a titularidade da mesma ao Concello de Lugo, o grupo municipal do Partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de interés municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Construír na parcela con referencia catastral 6740057PH1664N0001R, situada na rúa Lorenzo Varela esquina con Ramón Piñeiro, un Centro Cívico e Deportivo Integrado, con servizos que respondan ás necesidades manifestadas pola veciñanza, tales como:

- Espazos culturais e de participación cidadá.
- Atención específica á infancia e ás persoas maiores.

- Servizos para persoas con diversidade funcional.
- Espazos para conciliación interxeneracional.
- Obradoiros, locais de artesanía e produtos típicos galegos, promovendo a dinamización económica do barrio.
- Instalacións deportivas para fomentar hábitos saudables e o aproveitamento do tempo de lecer.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 11 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 1 de dona Elena Candia López, segundo as manifestacións efectuadas no punto 7/92 desta sesión.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra o grupo propoñente, a señora Candia, entendo.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Bo día a todos e todas. Efectivamente, unha vez máis, o Grupo Municipal do Partido Popular intenta que nesta sesión plenaria se fale do que realmente preocupa aos lucenses e tamén nesta sesión plenaria que, como están gravadas, despois permítenos, ademais, que se poida contrastar o que din cando se debate en Pleno, e o que despois din cando... É unha pena, unha mágoa que se ausente, señor alcalde, porque eu creo que esta iniciativa moi importante, pero, dito iso, ... tamén é unha mostra gráfica do que importan as cousas...

As razóns que se lles dan aos veciños e veciñas cando fan unha reivindicación normalmente é que non hai recursos, excepto que haxa que defender un suplemento de crédito, que se presume dunha saúde económica brillante e dunha xestión absolutamente sen ningunha necesidade. Unhas veces, cando o tema dos recursos non se pode usar, é a falta de ritmo e iso si que é verdade, o ritmo é bastante lento e iso ademais está provocando que esta cidade perda oportunidades, como se perdeu no seu momento os fondos europeos para a construción de vivenda no Castiñeiro, unha vez que entre todos os grupos políticos

e facendo eco das reivindicacións da veciñanza, se plantexaba outra ubicación, pero esa outra ubicación tardou máis de dous anos en ser unha realidade, e, como os fondos europeos non perdoan, perdéronse os fondos, non se perdeu a vivenda porque, efectivamente, neste momento hai en marcha, cun investimento de máis de 46 millóns de euros, a construción en distinta tipoloxía e en distintos lugares de 600 novas vivendas que tanto necesita a nosa cidade. Ese era o contexto, pero o Castiñeiro realmente é un barrio que se levantou en protesta contra esa construción dunha maneira argumentada, que todos os grupos políticos que naquel momento formaban a Corporación, como saben, polo menos na parte de representación da Corporación, esta vez hai un menos, decidimos que efectivamente era moi xusta e que estaba moi xustificada esa reivindicación de cambio de ubicación, pero argumentaban que realmente o barrio tiña moitas necesidades.

Unha das necesidades que plantexaban era precisamente un incremento de dotacións e de servizos para o barrio nas múltiples reunións. É verdade que era outro contexto e alí había outro ritmo, como collerán os últimos meses antes das vindeiras eleccións, pero as reivindicacións, cónstame, porque ademais o fixeron por escrito, e que entregáronse a todos os grupos políticos, demandaban máis espazos culturais e de participación cidadán, demandaban atención específica á infancia e ás persoas maiores, demandaban servizos para persoas con diversidade funcional, demandaban espazos para a conciliación interxeracional, obradoiros, actividades de dinamización e instalacións deportivas.

Chamoume poderosamente a atención, non sei se era unha emenda á totalidade ou unha crítica aos compañeiros do Goberno, que sabemos claramente as dificultades que teñen de entendemento, que unha das persoas que interveu antes deste punto, criticara as pachangas, eu aposto polas pachangas tamén e deporte, porque indubidablemente forma parte dunha vida saudable que os concellos tamén deben participar. E sorpréndeme aínda máis que se critica ás festas cando están falando dun grupo político que tivo que suspender unha chocolatada en plena campaña electoral por unha instrución e unha orde da Xunta Electoral de zona. Dicía o señor alcalde, é benvido novamente a sesión plenaria, que leccións ningunha, pois probablemente con estas reflexións que acabo de dicir, leccións ningunha. Hoxe non é ningunha iniciativa novidosa, é un compromiso que entendemos que hai que recordar, porque a vostedes hai que recordarlles os compromisos porque, senon, quedan nun caixón. Concretamente contestábasenos, fai máis de dous anos, que a nova ubicación para construción de vivendas, que, como dicía, supuxo a perda de fondos por una inacción do propio Concello, vinculábasenos esa nova ubicación ao acordo que era xa practicamente inminente. O 27 de xullo do 23 dicíannos: faltan varios flecos por perfilar e propoñer unha reunión física. Isto ao mellor enlaza co do ritmo, señor alcalde, 27 de xullo do 2023, ... Non sabe, pero non llo podo repetir salvo que me volva a dar os minutos porque vostede non estaba.

En todo caso, hoxe queremos que o Castiñeiro non sexa esquecido, que se escoite e que se consensúe esa proposta da Oficina ao Inmigrante, que saben vostedes que rexeitan a ubicación que vostedes propoñen. Queremos que se lle dea solucións as inundacións en varios edificios, especialmente agravadas desde a

construción do badén en Lamas de prado. Queremos que se eliminen esas tapóns urbanísticos que se prometeron, aquí poño o exemplo de xullo do 2023, pero dos tapóns podía traer ata 10 peticións. Piden máis presenza da Policía Local. Continuarei na segunda quenda.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, rematou o seu tempo. Quenda agora para voceiro do Grupo Municipal, Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señor alcalde. Sorpréndeme porque na proposición estamos a falar dunha parcela e unha referencia catastral situada na rúa Lorenzo Varela, e vostede o que estivo a facer é describir o equipo de traballo que estiveron na reunión que tivo o alcalde o 7 de xuño cos veciños onde propuxeron unha serie de cuestións para ir arranxando.

De feito, para o noso Goberno o contacto cos veciños e veciñas é un dos piares que día a día traballamos para que tras as peticións que nos chegan podamos atender pouco a pouco. É máis, o propio alcalde, como ben dixeron, xa estivo neste mes de xuño, como ben sabe porque está lendo a acta desa reunión, cos veciños do Castiñeiro.

Por recordar un pouco, o Concello de Lugo leva investidos no barrio do Castiñeiro máis de dous millóns de euros nos últimos anos, sendo un dos barrios onde máis recursos se puxéronse a favor dos veciños, a diferenza de la Xunta, que tivo varios anos a titularidade da parcela mencionada e que non fixo nada. Eu entendo a vosa postura, agora que o Concello adquire esa parcela, pois o que hai que facer é dicirlle que faga rápido algún tipo de dotación, algún tipo, porque na proposición puxeches todas as dotacións posibles para ver se cae algunha. Pero, ben, como exemplo contraposto, o Concello de Lugo construíu un novo centro social, como ben dixo antes o compañeiro Gustavo, tamén unha pista polideportiva e unha remodelación dun parque infantil, ademais doutras accións como é o compromiso do barrio de non construír máis VPOs, un compromiso que chegaron os grupos de goberno, como ben vostede dixo, si que é verdade.

Pero, ben, fago a seguinte pregunta: ¿cantos cartos investiu na Xunta no Castiñeiro nos últimos anos?, Habería que facer un relato. Vamos seguir facendo, con máis exemplos, dotacións municipais no barrio, porque están os centros sociais do Leiras Pulpeiro e de Abella, que contan con traballadores e educadores sociais, sendo espazos interxeneracionais e onde habitualmente fanse actividades de diversa índole, como bailes, xogos de cartas, actividades plásticas, costura, grupos entre activos de diferentes etnias e outras actividades. Tamén está a punto de información xuvenil do Castiñeiro que ofrece actividades á xuventude durante todo o ano, como apoio escolar, tamén apoio ás familias, actividades de deporte na rúa. Tamén a Área de Participación Cidadana ten axedrez ao aire libre, ben, hai moitas actividades que se fan ao longo de todo o ano no barrio do Castiñeiro. E dentro das

próximas actuacións, tamén dentro das actividades, Servizos sociais cedeu o Centro social Díaz Castro para que as nosas asociacións de recreación históricas poidan ter así un espazo onde poidan traballar durante todo o ano e teñan a posibilidade tamén de ofertar actividades para os veciños do barrio.

E outra vez temos a mesma casuística, o Museo da Romanización non é unha prioridade e está outra vez o Concello poñendo recursos propios para dar cabida a todos os colectivos da cidade Lugo, non sei, non debemos de ser unha prioridade aquí para o ente autonómico.

E vou rematar esta primeira quenda porque, como ben dixeran antes, o alcalde estivo no Castiñeiro o 7 de xuño e trasladáronse ao grupo de Goberno municipal varias peticións que, como vin, pois xa ten vostede tamén esas peticións e son os propios veciños os que entenden que, antes de facer a dotación desta parcela, hai que corrixir outras prioridades máis inmediatas, como ben dixo, como son problemas: Plan Lugo Norte, tapóns urbanísticos, problemas de augas residuais. Os veciños priorizaron e as cousas cotiás do día a día son as que iremos tratando pouco a pouco o Goberno municipal e logo estudaremos facer dotacións, que é o corpo da proposición, non todo o que dixo vostede, na parcela da rúa Lorenzo Varela. Sigo na seguinte quenda. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Sr. Bustos, seguramente o alcalde estivo máis veces que hai 15 días, porque, como vostede sabe, ten responsabilidade neste Concello nos últimos 10 anos. Pero destas peticións quero pensar que nin o señor alcalde nin o goberno se enterou nesa reunión de xuño, porque eu recoñezo que vostede non estaba aí, pero tampouco estaba eu en moitos dos asuntos que defendemos e temos a obrigaón de documentarnos e traer estudado a proposta de cada grupo e o que traballou antes de chegar a este minuto e resultado.

Explicáballe que a reivindicación do barrio do Castiñeiro, en onde pedía que había unha saturación de vivenda pública, realmente con tanta forza ou se cadra con superior forza, reivindicaban máis infraestruturas para o barrio. Non no 7 de xuño na reunión co alcalde, que seguramente reiterarían esa reivindicación, foi no contexto do 2023 e argumentaban, por certo argumentos que compartimos dende este grupo municipal, que fora un barrio esquecido, dicímosllo moitas veces e hoxe probablemente tamén sexa unha boa ocasión recordarllo que vostedes pretenden facer dous Lugos con dúas velocidades, esquécese dunha maneira absolutamente alarmante e insultante da zona norte. Nese contexto se fixo esa reivindicación: non máis vivenda pública, pero si máis dotacións. Vostede, eu enumereille, evidentemente, varias deficiencias, deficiencias que tamén creo que é acaído que recolla unha manifestación que me dicía a un traballador municipal nunha reunión que tivemos ocasión de intercambiar impresións e de escoitar como estaba o

servizo, que hai moitos anos, pero moi especialmente esta última lexislatura, este Concello era un barco sen rumbo. Esa frase é moi descriptiva, porque vostede, que di que iremos facendo pouco a pouco, ao ritmo ese que lle permite entre partida de tute e partida de tute, pois está citando intervencións absolutamente necesarias e de mantemento, como citou antes o meu compañeiro, son cousas que reflicten unha enorme abandono ou, como dicía antes de entrar ao Pleno, que hoxe traballadoras dunha escola infantil e, o que é máis preocupante, nenos e nenas estean soportando dende as oito da mañá máis de 30 graos na súa escola. Iso é un tema de mantemento. Teñen vostedes recursos, escoitou vostede antes á señora Abelleira, presume dunha economía saneada e boiante que incluso lle permite anticipar o que vai ter para incorporar de remanentes. Ese é o contexto económico que vostedes defenden, evidentemente nin os informes de Intervención nin a realidade das contas son esas, pero ímoslla dar por válida porque evidentemente aquí prestamos a atención ao que vostede di. Entón eu creo que non é un problema económico, podería darlles moitos exemplos onde teñen recursos e non avanza: o ano pasado tiñan unha relación de investimentos que non chegaron a executar nin o 20%. Non é unha falta de recursos, é un erro en marcar as prioridades e unha pésima ou nula xestión nos recursos que teñen. E aquí é, como dicía o alcalde, cumprir a palabra dada. Nada máis.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Ten a palabra o señor Jorge. Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señor alcalde. Primeiro, en relación ao que dixo vostede sobre si que é certo que fai calor, estamos vivindo unha ola de calor, pero a instalación dun sistema de aerotermia, que é un investimento ou mantemento? Porque dependendo de cal sexa a resposta ten unhas competencias autonómicas ou locais. Despois tamén acaba de dicir que é o alcalde enterouse das necesidades do barrio o 17 de xuño. Evidentemente, os veciños solicitan as reunións para informar das necesidades que teñen para ir corrixindo, pero tamén nós somos persoas moi sociables, e se nos pode ver pola rúa todos os días, e os propios veciños párannos pola rúa para dicir que necesidades e que problemas temos por aquí. Despois, cando os veciños dicían que era un barrio esquecido, en relación aos últimos datos, gústame moito a frase que din moito vostedes, dato mata relató, por que administración está esquecido o Castiñeiro, pola Xunta ou polo Concello? Porque os investimentos están aí. Dous millóns de euros fronte a 0. Entón creo que ao mellor se referían a outra administración cando falan de barrio esquecido.

Pero ben, imos falar do motivo da proposición, de que se vai facer nesa parcela, na rúa Lorenzo Varela, pois evidentemente ao noso compromiso é firme de que a parcela será equipada con dotacións, pero as dotacións que os veciños e as veciñas nos soliciten unha vez teñamos a oportunidade de acometer as intervencións que sexan proxectadas. Dígoo porque na proposición xa instades

aprobar unha serie... unha instalación con nome e apelidos sen ter consultado exactamente o que quere a propia veciñanza do barrio, máis que nada porque, como estiven a falar antes, aí temos peticións dos propios veciños e das veciñas de que, claro, necesitamos espazos culturais, necesitamos atención específica, espazos para a conciliación interxeneracional, que xa se está facendo en centros de servizos sociais, tamén de información xuvenil, pero tamén hai outras necesidades, como una biblioteca pública, e son cousas que nos piden os veciños. Que pasa? que cando teñamos a oportunidade de empezar a proxectar o que se pode facer neses terreos, pois, evidentemente, serán os veciños os que elixan a dotación, e, sobre todo, espero que vostedes nos apoiem cando instemos á Xunta a traballar de maneira conxunta e transformar en palpable ás peticións da veciñanza e que, por fin, haxa algún tipo de investimento dentro do Castiñeiro por parte da administración autonómica, porque, ben, e remato xa con isto, de momento o único que está a facer polos barrios é pagar festas a cambio de facer pregoeiros aos delegado nominativo da Xunta e a delegada "in pectore" tamén da Xunta de Galicia. Entón, nada, boto en falta menos festas e máis escolas infantís, residencias para maiores e arranxos...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Última quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moito lle molestan as festas, pois vostede é dos que participa delas, non sei por que lle parece tan mal.

Mire, do Castiñeiro que?, da proposta que se acordou no 2023, vana cumprir o non a van cumprir? Primeiro di que sabedes perfectamente o que solicitaron os veciños, despois di que non saben e que primeiro teñen que preguntarlles; primeiro di que nosoutros pedimos una petición xenérica, sen concretar e achéguello seis puntos. Miren, na anterior, que lles preocupaba moito máis ca esta, que era a da corrupción, trouxeron unha emenda, se nisto non lles gustaba algo, evidentemente podían emendalo. Isto é, como dixeron vostedes, cumprir a palabra dada, calquera outro argumento que vostede me deu, se o coñece e vota en contra, paréceme grave, porque queda en evidencia que o de cumprir a palabra evidentemente por agora apunta 0-1, se non o coñece, aínda me paréceme moito máis grave. E un apunte, é moi importante ser sociable e moi importante ser cercano, pero cando está gobernando e cando é concelleiro é moito máis importante resolver os problemas que ten a xente. Dígallo nunha beirarrúa ou dígollo nunha reunión formal.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Pois voulle dicir, señora Candia, se mo permite, que está vostede falando dun barrio esquecido, e se dixo un barrio esquecido cando, como moi ben dixó o concelleiro de Deportes, nos últimos tempos investimos case 2,4 millóns de euros

nese centro de saúde de Lamas de Prado, na pista deportiva, nun parque infantil que é dos mellores, senón é o mellor de Lugo, aparcadoiro disuasorio, etcétera, etcétera, e, sobre todo, cumprimos coa palabra das permutas dos terreos. E, mentres, vostedes que fixeron exactamente, a parte de ter decidido construír alí esas vivendas sociais, que non se construíron grazas, sobre todo, a presión dos veciños e veciñas y a que nós nos puxemos do seu lado rapidamente, porque sabemos perfectamente que a un barrio tensionado. E claro que faremos equipamentos públicos e claro que cumpriremos os acordos plenarios, pero cando os recursos e as prioridades o permitan, pero sempre, sempre, conveniado e acordado cos propios veciños. E remato dicíndolle que si, que cando queira xogamos unha partida de tute, porque eu creo que pode contribuír a baixar un pouquiño a crispación que se instalou nos últimos tempos nesta cidade e neste Concello. Moitas grazas e pasamos a votar.

14/99 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 195/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DA XUNTA QUE PIDA DESCULPAS E DEA EXPLICACIÓNS POLO SEU COMPORTAMENTO ANTE A DENUNCIA POR AGRESIÓN SEXUAL CONTRA O CONSELLEIRO DO MAR (Exp. 2025/G004/000359).- Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño, o ata entón Conselleiro do Mar do Goberno da Xunta de Galicia, o señor Villares, presentaba a súa dimisión sen dar máis explicacións que a de que estaba sendo investigado por un asunto da súa esfera estritamente persoal nunha rolda de prensa de apenas tres minutos de duración e na que non se admitiron preguntas.

O remate desta comparecencia, o ex-conselleiro abandonaba a sala de prensa entre aplausos do seu equipo, entre as que se encontraba a futura nova Conselleira do Mar, a directora do INTECMAR ou a directora territorial en Vigo.

Ao pouco, varios medios de comunicación difundiron que o xa ex-conselleiro estaba sendo investigado por unha agresión sexual, e revelaron a identidade da muller que o denunciou, en moitos casos con titulares machistas e revitimizadores.

Días despois confirmábase que os feitos denunciados se produciron a finais de decembro, que o señor Rueda o soubo en febreiro e a dimisión do conselleiro chegou, entre aplausos dos seus compañeiros e compañeiras, catro meses despois.

Dende o PSdeG-PSOE de Lugo queremos reiterar o noso apoio rotundo ás vítimas de violencia machista e esixir responsabilidades fronte ao tratamento desta situación por parte do Goberno Galego.

Diante da insistencia de varios membros do PP en que unha posible agresión sexual é un feito que pertence á esfera privada, debemos recordarlle tanto ao ex-conselleiro como ao Partido Popular, que tal e como se recolle no Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra as mulleres

(Convenio de Estambul), a violencia machista NON é un asunto privado, senón un asunto público.

Ou mesmo deberían ler o que publican na web da Consellería de Igualdade onde din que *“entender a violencia como un asunto privado reforza ás mulleres a unha situación de subordinación respecto do home e implica asumir as relacións de poder historicamente desiguais entre ambos e a través das cales se lexitima ao home a manter o seu status-quo da dominación incluso a través da violencia. Esta percepción contribúe a que as mulleres non denuncien a súa situación por medo, vergoña ou culpabilidade.”*

Dende a dimisión do Conselleiro do Mar o mércores 4 de xuño, por parte do Goberno da Xunta non houbo máis que apertas, aplausos e apoio público para o investigado e nin unha soa palabra de apoio e respecto á presunta vítima por parte de ningún membro do goberno galego. Nin sequera da Conselleira de Igualdade, a responsable directa da área que debe loitar contra todo tipo de violencia machista, entre outras a sexual ou a institucional.

O señor Villares ten dereito á presunción de inocencia, pero o sucedido dende o día 4 traspasa con creces esa idea. Dende que Alfonso Villares dimitiu do seu cargo teñen despregado un relato no que, quen perde o seu dereito á intimidade, á credibilidade e a un xuízo xusto é a muller.

Unha vez máis o PP estase retratando poñendo o foco na presunta vítima en lugar de no presunto agresor. Lembremos que dende a Xunta de Galicia se publicou unha vergoñenta campaña polo 25N onde poñían o foco nas vítimas en lugar de nos agresores con aquel lema *“Non debería pasar, pero pasa”*. Exactamente a mesma actitude que o Goberno da Xunta, co señor Rueda á cabeza, está tendo ante a denuncia por agresión sexual a un dos seus conselleiros. O que non debería pasar, pero pasa é que dende unha administración pública se revitimice a unha muller que acaba de presentar unha denuncia por agresión sexual.

A estas actitudes tan vergoñentas e indignas hai que engadir o silencio cómplice do señor Feijoo. Ese ex-presidente da Xunta e, por agora, líder do PP estatal a quen se lle rachaban as vestiduras falando do caso Errejón vertendo frases como *“O caso Errejón faría caer a calquera Goberno do noso país, a calquera”* ou *“Non quero facer leña, pero non me podo calar ante un feito que revela a catadura moral do Goberno”*.

A que espera o señor Feijoo para saír dicindo que o caso Villares ten que facer caer o Goberno da Xunta de Galicia? Cal é a catadura moral do señor Rueda, do Goberno da Xunta e do Partido Popular?

Pero canto máis avanza os días, máis intolerable é a actitude do señor Rueda. Dende o primeiro minuto so tivo palabras de recoñecemento para o investigado por agresión sexual (con abrazo incluído) e nin unha soa mención á presunta vítima. E recentemente acaba de negarse a dar explicacións no Parlamento Galego sobre porqué tapou durante 4 meses estes feitos cando era coñecedor dos mesmos dende o mes de febreiro.

Como é posible que se poida manter a un investigado por agresión sexual nun cargo público durante catro meses?

O Presidente da Xunta dá as costas ás vítimas de violencia sexual, porque a política do Partido Popular consiste sempre en protexerse e nunca en protexer.

Polo anteriormente exposto, o pleno do Concello de Lugo comprométese a:

1. Instar ó Presidente da Xunta a respectar ás mulleres que denuncian agresións sexuais.
2. Instar ó Presidente da Xunta a pedir desculpas polo seu comportamento ante a denuncia por agresión sexual contra o Conselleiro do Mar.
3. Instar ó Presidente da Xunta a dar explicacións sobre o seu silencio fronte á denuncia por agresión sexual do Conselleiro do Mar da que tivo coñecemento no mes de febreiro.
4. Instar á Xunta de Galicia a establecer un protocolo de actuación para cando se teña coñecemento dunha agresión sexual por parte de membros do Goberno Autonómico ou do Parlamento Galego no que se respecten todos os dereitos das vítimas.
5. Amosar o pleno apoio do Concello de Lugo ás vítimas de violencia machista e denunciar a revitimización que en moitos casos teñen sufrido ou sofren.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, segundo as manifestacións efectuadas no punto 7/92 desta sesión. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ó Presidente da Xunta a respectar ás mulleres que denuncian agresións sexuais.

SEGUNDA.- Instar ó Presidente da Xunta a pedir desculpas polo seu comportamento ante a denuncia por agresión sexual contra o Conselleiro do Mar.

TERCEIRO.- Instar ó Presidente da Xunta a dar explicacións sobre o seu silencio fronte á denuncia por agresión sexual do Conselleiro do Mar da que tivo coñecemento no mes de febreiro.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia a establecer un protocolo de actuación para cando se teña coñecemento dunha agresión sexual por parte de membros do Goberno Autonómico ou do Parlamento Galego no que se respecten todos os dereitos das vítimas.

QUINTO.- Amosar o pleno apoio do Concello de Lugo ás vítimas de violencia machista e denunciar a revitimización que en moitos casos teñen sufrido ou sofren.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, ten a palabra da voceiro municipal, señora Ángeles Novo.,

DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Alfonso Villares es una persona no culpable ata que se demuestre lo contrario, y lo voy a repetir: Alfonso Villares es una persona no culpable hasta que una sentencia diga lo contrario. Y, dicho esto y ahora que ya hemos sentado una base en la que no importan las opiniones porque mandan los hechos, creo que podemos debatir sobre cuestiones también importantes como son la ética pública en la responsabilidad social y la transparencia.

A todos los que ocupamos un cargo público se nos exige un plus de ética por representar voluntades populares. El ejercicio de la actividad política-administrativa, en su dimensión reguladora, decisiones y de gestión, no sólo requiere el cumplimiento estricto de la legalidad, sino que necesita, además, de una demostración diaria de ética, ejemplaridad y honorabilidad en el desempeño de la altísima responsabilidad que supone gestionar los recursos que son patrimonio de todos los gallegos y gallegas. Y esta frase tan bonita como olvidadiza no es mía, sino que pertenece al Código Ético de la Xunta de Galicia y vincula de forma expresa y singularizada a la persona titular de la presidencia de la Xunta de Galicia. Y ahora me pregunto: Que debemos entender por ejemplaridad? Dar una rueda de prensa de tres minutos en la que no se dice por que se dimite, y no se admiten preguntas? Afirmar que una denuncia por abuso a un conselleiro es una situación estrictamente personal? ¿En que consiste una demostración diaria de ética? ¿En conocer desde febrero una denuncia por agresión sexual y no cesar o hacer dimitir a quien ya se sabía denunciado? ¿Es honorable hablar durante tres minutos de una situación estrictamente personal del señor Villares y durante días de la víctima? ¿De su profesión, de su familia, incluso de su estado de salud? ¿Hay transparencia del presidente ocultando durante tres meses que hay una denuncia a un miembro de su Gobierno? Porque hasta ahora del hombre denunciado sabemos bien poco por los medios, y nada por parte del presidente del Gobierno del que forma parte. Sabemos simplemente que era conselleiro, que era de La Mariña y que había sido alcalde de Cervo, pero, sin embargo, de la mujer víctima sabemos demasiado. Algunos de los titulares de los que nos hemos encontrado estas últimas semanas son, por ejemplo: ¿Quien es Paloma Lago, la presentadora de éxito de los 90 que ha denunciado el consejero gallego Alfonso Villares por agresión sexual?; así es la vida actual de Paloma Lago, la presentadora gallega que denunció por agresión sexual a Alfonso Villares; Paloma Lago ilocalizable tras denunciar por agresión sexual a Alfonso Villares; ¿quién es Paloma Lago, su edad, su pareja, su biografía. Y podría seguir con un largo etcétera, sólo que no me llegaría el tiempo.

Creo que la víctima aquí parece Alfonso Villares y no la la denunciante. Hay que tener en cuenta que hay una serie de principios éticos generales como es actuar en todo momento con respecto a la dignidad de las personas, no tolerando ningún tipo de violencia, acoso, abuso o cualquier otra conducta tendente a lesionar los derechos personales. Y esta frase tampoco es mía, está es suya, les pertenece a ustedes, porque pertenece al código ético del Partido Popular. Se ha tenido respecto a la víctima por parte de quien no sólo debe liderar el Gobierno gallego, sino la ética del Gobierno gallego? El desdén de Rueda no mencionando que su conselleiro dimite por una denuncia de una presunta víctima, es respecto a la dignidad? Yo creo que es obvio que no. No lo es, no sólo porque lo diga el Convenio de Estambul, sino porque la ética pública, la ética de un líder, empieza por ser contundente con sus prohombres y empático con las víctimas.

Y ya sé que para ustedes sí, como lo han demostrado hace un momento, ahora toca el turno de no hablar de lo que pasa en Galicia, sino que toca hablar de Ábalos, de Koldo y, en general, de todo lo que tenga que ver con el Partido Socialista. Y aquí hoy voy a intentar hacer un ejercicio de ética, de transparencia y de contundencia, porque más repugnancia que siento, y creo que sentimos todos, no van a sentir ustedes los señores y señoras del Partido Popular, ya que esta gente ocupó esferas de responsabilidad en mi partido, que es feminista por decisión, quiero decir que rechazo lecciones de quien tapa episodios de acoso sexual y desprotege a las mujeres. Y esta frase tan contundente tampoco es mía, esta es del señor Feijóo.

Y quiero finalizar exigiendo ética, transparencia en las instituciones de todos los gallegos y de las gallegas, que desde aquí exigimos ética, transparencia y honorabilidad para el presidente de la Xunta de Galicia. Y supongo que no puede haber mucho más debate, ya que me he esforzado en buscar argumentos firmados, dichos o suscritos por hombres y mujeres del Partido Popular, y lo he hecho con el convencimiento de que hoy el Concello de Lugo debe expresar unívocamente su decisión de tolerancia cero hacia las agresiones a las mujeres.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Muchas gracias. Ten a palabra, en nome do Bloque Nacionalista Galego, a señora Ferreiro. Cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Moitas grazas e moi bo día. O abrazo da vergoña, o abrazo da vergoña, si, esa aperta de despedida ou a homenaxe que o Goberno da Xunta de Galiza, encabezado polo señor Rueda, mostrou, ese abrazo antes da dimisión dun cargo público logo da súa imputación por un presunto caso de agresión sexual, é dicir, violencia machista, ese abrazo de avergonza fíxonos sentir a moitas mulleres sentimentos de rabia e impotencia e tristeza, unha chea de sentimentos que sentimos tamén cando unha muller coas súas crianzas son asasinados polas parellas ou ex parellas, por desgraza estes

días vivímolo, case todos os días, sentimentos que agroman ao coñecer que moitas mulleres asasinadas sofren durante anos esa violencia machista. Agresións que no entorno da vítima, moitas veces, non se souberon detectar e elas non se atreveron a denunciar e iso demostra que desde esta sociedade non podemos garantir un dereito tan elemental como é o dereito á vida desas mulleres e desas crianzas.

Achegase o verán e o número de agresións machistas aumentan, é algo tamén, xa que está demostrado. O machismo non colle vacacións cun aumento do 1,6% respecto ao ano anterior, case 21 denuncias ao día. Hay concentracións, denuncias desta situación, minutos de silencio polas vítimas, ás que moitas asistimos, tamén vostedes señoras e señores do Partido Popular, por iso eu pregúntolles que sentiron vostedes cando o presidente do seu partido, o señor Rueda, en compañía doutras persoas do Partido Popular e con responsabilidade no Goberno galego, saíron no medios de comunicación, ben, na televisión pública só un cortiño, aí non saíu, creo que un minuto ou pouco máis, despedindo, con abrazos, aplausos, a un conselleiro que dimite por una denuncia de agresión sexual, que é un caso de violencia machista? Sentiron á mesma rabia, impotencia, tristura que sentimos a maioría da sociedade galega?. Non sentiron que os seus compañeiros e que as súas compañeiras estaban homenaxeando a unha persoa denunciada por unha presunta agresión sexual, por un caso de violencia machista? Que pensaron cando o señor Rueda dixo aquilo de que agardamos poder recuperalo pronto para a vida pública? Que pensarían ás mulleres vítimas das agresións sexuais das violencias machistas? Pois pensaron que a mensaxe que se lles estaba mandando a todas as mulleres agredidas e que teñen a denunciar, non denunciades, non denunciades, ou mirar ben a quen denunciades. Eu non sei o que sentiron, pero si lles podo dicir o que sentimos ás persoas que estamos a favor da igualdade, en contra da violencia machista, e neste caso case me atrevo a dicir unha violencia institucional. Nós pensamos e preguntámonos como é posible que nin por parte do presidente da Xunta, de ningún membro do Goberno galego, non dixeran nin unha soa palabra de apoio, de solidariedade coa vítima. É que nin sequera permitiron un pronunciamento do Observatorio Galego contra a Violencia Machista, censurárono, non lles permitiron abrir a boca. Tampouco explicaron sobre a posible responsabilidade da Xunta e do Partido Popular na filtración da identidade da denunciante. Segundo moitos medios así o denunciaron. O tempo dedicado a este tema na televisión pública foi mínimo, se o comparamos realmente co dedicado a outros casos de corrupción e de violencia machista, claro, cando non lle afecta ao Partido Popular. Pero si utilizaron eses medios dun xeito malvado para condicionar a opinión pública e converter o acusado en vítima, insinuando que a denuncia era falsa, encubriron, ocultaron e ampararon durante máis de catro meses a un presunto agresor sexual, permitíndolle que seguirá cobrando un salario público, usando un coche oficial e permiti-lle sentarse no mesmo Consello da Xunta de Galicia. O BNG... remato despois.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... rematou o seu tempo. Moitas grazas. Quenda agora para o Grupo Municipal Popular. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Ben, vou ser breve na resposta porque creo que estamos de acordo en practicamente todo o que están a dicir, pero hai algunha cousa na que non, e gústame o xeito no que empezou a miña compañeira Ángeles dicindo que o Conselleiro do Mar non é culpable en tanto non haxa unha sentenza que o ratifique.

Vou contestar os cinco requirimentos que ten a súa proposición, dun xeito breve, como dixen. O primeiro que vou dicir é amosar de parte dos concelleiros do grupo do Partido Popular de Lugo, e seguro que de parte dos restantes membros da Corporación, o respecto que vostedes solicitan para as mulleres que denuncian agresións sexuais. Isto non é obxecto de dúbida, e da resposta aos seus puntos primeiro e quinto. Tamén é necesario aclarar que non é preciso instar a ninguén para que teña ese respecto, porque é unha obriga de calquera representante público e mesmo de calquera cidadán, así como un dereito de calquera vítima de calquera delito. O segundo que vou dicir é que, ao respecto do dito nos puntos segundo e terceiro, cómpre afirmar que o comportamento do presidente da Xunta, dende o noso punto de vista é o correcto. E por que digo isto? Porque é preciso aclarar que o feito no que vostedes aprecian un comportamento equivocado non está claro. Solicitan do presidente dar explicacións sobre o seu silencio, un silencio e dáse entender entón que vostedes ven como a correcto que o responsable do poder executivo de Galicia se pronuncie nun eido no que non lle corresponde facelo, que é o xudicial, separación de poderes.

O noso grupo ten aprecio e consideración polo que foi un comportamento entendemos que impecable do presidente. En terceiro lugar, teño que dicir que ao respecto do punto cuarto temos unha boa nova. O solicita do protocolo de actuación para cando se teña coñecemento dunha agresión sexual por parte de membros do Goberno autonómico ou mesmo do Parlamento galego, no que se respecten todos os dereitos das vítimas, xa existe, chámase procedemento xudicial, e é mellor aínda do que vostedes solicitan, porque rexe non só para una posible denuncia sobre un parlamentario do Parlamento de Galicia en activo, senón tamén para calquera cidadán que poida ser obxecto deste, non privilexia a ninguén e é o mesmo para todos. Con isto que dixen, nós damos por respostada a vosa proposición.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Cabarcos. Segunda quenda para a señora Novo.

DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: En resposta al señor Cabarcos, gustaríanos subscribir las palabras de Teresa Peramato, fiscal jefa de la

Sección Penal de la Fiscalía del Tribunal Supremo, que dejó bien claro que lo que hay que hacer es abrazar a las víctimas y darles credibilidad y no cuestionarlas desde el primer momento, y que pidió que ahora toca mantener un comportamiento de tolerancia cero frente a cualquier presunto agresor. Entonces, hablando de separación de poderes y protegiendo tanto al presidente Rueda, yo creo que queda claro. Yo creo que aquí hay una línea ética que separa las conductas, las intervenciones y la votación desta moción. Una línea que divide a quien aplaude al supuesto agresor y a quien aplaude a quienes es valiente y denuncia. Y no se que clase de ejemplo le estaremos dando a las niñas, a las mujeres a las que pedimos que denuncian, que no toleren casos de violencia machista, si al día siguiente le jaleamos a los denunciantes. Y también me pregunto si les veremos celebrar el 25 de noviembre después del comportamiento que llevan teniendo todos estos meses, pero estamos a tempo de rectificar.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para a señora Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Eu agradézolle ao señor Cabarcos, en representación do grupo municipal do BNG, que fixera esa declaración, que aínda que hai moitas cousas que non comparto, xa llas aclararei despois, pero aquí miro, unha, dúas, tres, catro, cinco, seis mulleres na bancada do Partido Popular, e un dous, tres, catro cinco, seis homes da bancada do Partido Popular e eu preguntome que pensan as señoras concelleiras do Partido Popular cando un compañeiro, un compañeiro que seguramente algunhas delas tamén na intimidade seguramente lle deron a pena e mágoa por estar vinculado dunha desas que se atreven a denunciar. Que opinan as señoras do Partido Popular? Porque nós as mulleres somos as vítimas sempre, e vinas estes días nas concentracións dun minuto de silencio. Tres, no noso país do que vai de ano; dúas máis que sobreviviron, pero a intención do home era matalas, sobreviviron porque tiveron sorte, pero a intención era matalas. A violencia machista non é unha coña, nin é un comportamento persoal, é público cando un señor está sentado no Consello da Xunta de Galiza e é un conselleiro do Goberno galego Que pasa? Que imos apoiar aos presuntos culpables, pero xa condenamos a vítima, antes de que se celebre o xuízo que vostede está dicindo, que eu comparto totalmente de que todo o mundo é inocente mentres non se demostra que é culpable. Pois non, señor Cabarcos, non señoras e señores concelleiros do PP, a señora denunciante xa está condenada publicamente, xa está condenada cando saíron filtracións en todas as televisións públicas ata do resultado do informe médico, que se submisión química, que se iso non daba resultado nas análises de sangue, que foi mentira. Parécelles a vostedes que iso é un apoio a unha muller vítima dunha agresión machista por un señor que ten que dar exemplo, non vale que é unha persoa anónima. Precisamente os que temos un cargo público e un cargo institucional temos que ser moito máis coidadosos co noso comportamento privado. Non roubar, non roubar, non agredir

ás mulleres, non ir de prostitutas, que son os puteros os que van as prostitutas, non falamos das prostitutas, falamos dos que van ás prostitutas, e dáme igual que sexa do PP, do PSOE ou dun señor que é moi feliz na súa casa coa súa parella, todos, a prostitución existe porque os homes van as putas e xa está ben facer cachondeo e tomaduras de pelo coas agresións machistas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Ferreiro, ten a palabra o señor Cabaroso.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: So quero dicir que nas apreciacións que di agora, a súa proposición ao que insta é ao presidente a tomar un comportamento distinto, que nós entendemos que foi o correcto, e por iso nós imos votar en contra da súa proposición.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Última quenda para a compañeira, Angeles Novo. Cando queira.

DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Bueno, ahora mismo siento vergüenza institucional. No creo que haya que diferenciar entre mujeres de derechas o de izquierdas en casos como estes, sino en mujeres que por el simple hecho de ser mujeres son agredidas, y ahí tenemos la obligación de estar, de acompañarlas, de respetarlas como políticos, como representantes de toda la población.

Bueno, lo que me queda claro es que hay una diferencia muy grande dentro ustedes y nosotros. Nosotros castigamos y rechazamos los comportamientos indebidos, vengan o no de nuestro partido y ustedes los abrazan dando la espalda a las presuntas víctimas. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas pasamos a súa votación.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

15/100 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 18 DE MAIO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN (Exp. 2025/G004/000332).-

En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 18 de maio de 2025, coa numeración 4800/2025 a 5880/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/101 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 5535/2025, DO 4 DE XUÑO DE 2025, RELATIVO Á ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ÁS COMISIÓNS DE PLENO (2025/G004/000322).- Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 5535/2025, do 4 de xuño de 2025, ditado pola Alcaldía e que é do seguinte teor:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1. A nova organización municipal recollida no Decreto número 2730/2025, do 19 de marzo, que supuxo cambios nas áreas asignadas aos tenentes e tenentas de alcalde e polo tanto tamén variacións na denominación e ámbito de actuación das comisións de Pleno creadas o día 26 de xuño de 2023 -modificadas posteriormente no Pleno do 1 de febreiro de 2024-.
2. Acordo plenario número 3/56, do 30 de abril de 2025 -polo que se modificou a redacción actual dos acordos 4/76 e 5/77, do Pleno do 26 de xuño de 2023, relativos á creación e composición das Comisións Permanentes Ordinarias e Especiais do Pleno-.
3. En concordancia co dito acordo do 30 de abril de 2025 creáronse as Comisións Permanente Ordinaria de Alcaldía e Transición ecolóxica e Cohesión Territorial; Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión Social e a Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, mantendo a denominación, composición e ámbito material da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e Permanente Ordinaria de Participación e Servizos para a Veciñanza.

Por todo o anterior e co fin de recoller nun só decreto a composición actual das comisións de Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade cos escritos presentados polas voceiras e voceiro dos distintos grupos municipais -números 137/2025, 152/2025 e 156/2025 de rexistro do Pleno-, a adscrición de membros ás novas comisións de Pleno, manténdose o resto de nomeamentos na Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e na Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e Permanente Ordinaria de Participación e Servizos para a Veciñanza -coa excepción do actual alcalde que deixa de ser membro desta última-, de conformidade cos escritos presentados no seu día polos voceiras/o dos distintos grupos municipais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e don Waldir Sinisterra Restrepo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA

- Vicepresidente: DON JORGE BUSTOS ATANASIO

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 23 de maio de 2025).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona María de los Ángeles Novo Martínez e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxó Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona María de los Ángeles Novo Martínez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, don Alexandre Penas Roibás e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María del Mar Carballas Piñeiro (que actuará como portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS E URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará como portavoz), don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

- Vicepresidente: DON JORGE BUSTOS ATANASIO.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 26 de maio de 2025).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz), don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.

- Vicepresidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 26 de maio de 2025).

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

17/102 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE MAIO DE 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de MAIO de 2025, coa numeración 48/2025 a 60/2025.

Do 01 ao 31 de MAIO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000048	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento RABADE AUTOMOCION SL Multa 2023B00000416	2025/48	02/05/2025
2025/T030/000049	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento OTERO IMPORT SL Multa 2023B00000458	2025/49	06/05/2025
2025/T030/000050	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo de contas JUAN JOSE PEÑA ROSARIO orixinada polas multas 2021C0003262 e 2021C0002394	2025/50	06/05/2025
2025/T030/000051	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento LUIS ALBERTO SILVA PALACIOS (Multas 2022P00008357 e 2022P00008873)	2025/51	07/05/2025
2025/T030/000052	Resolución Tesourería de execución da sentenza nº 55/2025 Antares Mediación Correduría de Seguros SL	2025/52	08/05/2025
2025/T030/000053	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo en contas ALBERTO IVO DE SALAZAR VIÑAS (Multa 2022-P00000383)	2025/54	14/05/2025
2025/T030/000054	Resolución Tesourería.- Recurso dilixencia embargo ROSARIO SIMON GARCIA (Relacionado con el Expediente 2022/G001/000379 de Facenda Local)	2025/53	14/05/2025
2025/T030/000055	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento Robustiano Maseda Lorenzo HY	2025/55	19/05/2025
2025/T030/000056	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo VICTOR MANUEL GANDAR LUCERO Multa 2018P00001996	2025/56	20/05/2025

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000058	Resolución Tesourería.- Recurso reposicion requerimento DAVID FERNANDEZ VAZQUEZ de pago a sucesores de entidades sen personalidade disoltas expte 47010000056852	2025/57	27/05/2025
2025/T030/000059	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo RAUL RODRIGUEZ GOMEZ (Multa 2019B00000456)	2025/58	29/05/2025
2025/T030/000060	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo MARCEL CLARAMONTE ANDON polo IVTM 22/23/24 (MatricUla 7830 CSR)	2025/59	30/05/2025
2025/T030/000061	Resolución Tesourería.- Recurso reposición MARITZA VASQUEZ RUBIO contra providencia de constrinximento orixinado polo expediente sancionador 2023-P-00006373.	2025/60	30/05/2025

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

SERVIZOS XERAIS

18/103 DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.- Vista a proposta da tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a Cidadanía, do seguinte teor literal:

“Asunto: **DACIÓN DE CONTA AO CONCELLO PLENO DO INFORME ANUAL 2024 DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS** en cumprimento do establecido no artigo 131.4e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo.

Visto informe do responsable da oficina de Queixas e Suxestións de data 11 de xuño de 2025, do seguinte teor:

“Angel Brú Guzmán, sociólogo da Area de Participación e Servizos para a Veciñanza, en cumprimento do establecido no vixente Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo,

INFORMA:

No período comprendido entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro do ano 2024 admitíronse a trámite **362 expedientes**, segundo o seguinte detalle:

Queixas: 310 (85,63%)
Suxestións: 52 (14,36%)

Resoltos: 268 (74,03%)

Pendientes: **94** (25,96%)

Informes emitidos en prazo (antes de 15 días): **145** (54,10%)
 Informes emitidos fóra de prazo : **123** (45,89%)
 Resoltos en prazo (antes de 3 meses): **247** (92,16%)
 Resoltos fóra de prazo: **21** (7,83%)

Q: queixas
 S: suxestións
 R: resoltos
 P: pendentes
 I+: informes emitidos en prazo (antes de 15 días)
 I- : informes emitidos fóra de prazo
 R+: resoltos en prazo (antes de 3 meses)
 R- : resoltos fóra de prazo

1. ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

Expedientes: 64 (17,67%)

Queixas: 60 (19,35%)
 Suxestións: 4 (7,69%)

Resoltos: 56 (87,50%)
 Pendentes: 8 (12,50%)

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
ARQUITECTURA	1	1	0	1	0	0	1	0	1
ASESORÍA XURÍDICA	1	1	0	0	1	0	0	0	0
INFORMÁTICA	2	2	0	1	1	1	0	1	0
LICENZAS	4	4	0	3	1	2	1	3	0
POLICÍA LOCAL	44	42	2	41	3	35	6	40	1
PROTECCIÓN CIVIL	1	0	1	0	1	0	0	0	0
PROTOCOLO	5	4	1	4	1	0	4	4	0
URBANISMO	6	6	0	6	0	5	1	5	1

2. AREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expedientes: 88 (24,30%)

Queixas: 79 (25,48%)
 Suxestións: 9 (17,30%)

Resoltos: 52 (59,09%)

Pendientes: 36 (40,90%)

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
AUGAS	17	17	0	3	14	1	2	3	0
MEDIO AMBIENTE	45	42	3	24	21	8	16	24	0
PARQUES E XARDÍNS	26	20	6	25	1	2	23	14	11

3. AREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

Expedientes: 5 (1,38%)

Queixas: 4 (1,29%)

Suxestións: 1 (1,92%)

Resoltos: 3 (60%)

Pendientes: 2 (40%)

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
FACENDA	3	2	1	3	0	2	1	3	0
PERSOAL	2	2	0	0	2	0	0	0	0

4. ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Expedientes: 15 (4,14%)

Queixas: 8 (2,58%)

Suxestións: 7 (13,46%)

Resoltos: 13 (86,66%)

Pendientes: 2 (13,33%)

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
DEPORTES	15	8	7	13	2	12	1	13	0

5. ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Expedientes: 22 (6,07%)

Queixas: 19 (6,12%)

Suxestións: 3 (5,76%)

Resoltos: 15 (68,18%)

Pendientes: 7 (31,81%)

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
CENTRO ATENCIÓN Á MULLER	1	1	0	1	0	1	0	1	0
MEDIO RURAL	8	8	0	1	7	0	1	0	1
SERVIZOS SOCIAIS	13	10	3	13	0	11	2	13	0

6. ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Expedientes: 32 (8,83%)

Queixas: 27 (8,70%)

Suxestións: 5 (9,61%)

Resoltos: 32 (100%)

Pendientes: 0

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
CULTURA	10	6	4	10	0	10	0	10	0
EDUCACIÓN	21	20	1	21	0	21	0	21	0
TURISMO	1	1	0	1	0	0	1	1	0

7. AREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Expedientes: 12 (3,31%)

Queixas: 12 (3,87%)

Suxestións: 0

Resoltos: 11 (91,66%)

Pendientes: 1 (8,33%)

servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I-	R+	R-
ESTADÍSTICA	4	4	0	4	0	3	1	4	0
MERCADOS	1	1	0	1	0	1	0	1	0
TARXETA C.	7	7	0	6	1	0	6	5	1

8. ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Expedientes: 124 (34,25%)

Queixas: 101 (32,58%)

Suxestións: 23 (44,23%)

Resoltos: 86 (69,35%)

Pendientes: 38 (30,64%)

Servizo	nº exp.	Q	S	R	P	I +	I -	R +	R -
ENXEÑARÍA	52	43	9	40	12	13	27	35	5
MOBILIDADE	22	17	5	15	7	4	11	15	0
SERVIZOS ELÉCTRICOS	5	4	1	5	0	4	1	5	0
TRANSPORTES	45	37	8	26	19	9	17	26	0

É canto procede informar”.

PROPOÑO:

Que, segundo establece o regulamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, se tome razón do informe anual correspondente ao ano 2024 sobre as suxestións e reclamacións presentadas.”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno queda informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 181/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á REPARACIÓN DA PISTA DA CHAIRA EN OMBREIRO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No Pleno de xaneiro de 2025, o equipo de goberno “tomaba en consideración” a solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular para que se procedera á reparación da pista da Chaira en Ombreiro. A día de hoxe este acceso á explotación gandeira continúa con importantes problemas de accesibilidade derivados do mal estado que presenta (como pode verse nas fotos que se xuntan, que foron tomadas o día 3 de xuño) sen que o goberno municipal realizase ningunha reparación ou actuación nesta vía.

A situación desta iniciativa empresarial é preocupante xa que os provedores poñen problemas para levarlles as subministracións.

A alternativa a este acceso é a pista de Riazón que presenta un estado similar, polo que tampouco resolve o problema suscitado.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un rogo á comisión para que se arranxe esta vía á maior brevidade, garantindo un tránsito seguro para todos os seus usuarios e dando unha opción de viabilidade a unha empresa instalada no noso rural que pode servir de exemplo a outros emprendedores que atopan nas parroquias unha posible localización para os seus proxectos.



Benestar Social

PRG.prg

Ref: 2025/G004/000324

Asunto: Ordenanza reguladora das AESM





Benestar Social

PRG.prg

Ref: 2025/G004/000324

Asunto: Ordenanza reguladora das AESM





EXMO. SR. ALCALDE: A señora Rubinos tén a palabra.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: No Pleno do mes de xaneiro de 2025, o equipo de Goberno afirmou que tomaba en consideración a solicitude do grupo municipal do Partido Popular para que se procedese á reparación da pista da Chaira en Ombreiro e, como é tristemente habitual, tomar en consideración semella a ser meter o problema nun caixón, esquecerse do mesmo, porque dende aquela sesión, ata hoxe, máis de cinco meses despois, non se fixo absolutamente nada, nin unha soa actuación, nin unha mínima mellora, nin unha proposta seria.

Nesta parroquia hai unha granxa de porcos que se culpa do lamentable estado da pista. Ten que depender dun tractor para tirar dun camión, si, oiron ben: tirar dun camión para poder recibir o penso; é dicir estamos no 2025 pero con infraestruturas dignas de hai cen anos. Isto, ademais de ser unha mostra de abandono institucional, supón un grave risco para a viabilidade da explotación e unha traba para aqueles proxectos que estuden o noso rural para establecer a súa actividade. Non falamos só da alimentación animal. Os veterinarios e outros servizos básicos

teñen serias dificultades para acceder, o que pon en xogo a sanidade animal e a continuidade dunha actividade esencial para o noso rural. E non, a alternativa tampouco serve. O outro acceso posible a través da pista de Riazón está aínda en peor estado, polo que non só non resolve o problema, senón que o agrava.

Varios concelleiros do equipo de goberno visitaron a zona. Viron cos seus propios ollos o estado das pistas e aí quedou todo, en nada. Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un novo rogo ó Pleno: Esiximos que se actúe de inmediato sobre a pista da Chaira, que se garanta un acceso digno e seguro e que se respecte, dunha vez por todas, ós veciños do rural e ás empresas que apostan por el. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas señora Rubinos. Contesta a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Como rogo tomarase en consideración.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 196/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ACOMETAN ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO E SEGURIDADE VIARIA NO BARRIO DAS SAAMASAS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Partido Popular, tras a reunión mantida coa veciñanza do barrio das Saamasas, presenta un rogo a pleno para que o goberno municipal acometa, con carácter prioritario, as seguintes actuacións de mantemento e seguridade viaria na parroquia:

1. Roza de vexetación nas inmediacións do muro de contención e das vías de acceso co fin de mellorar a visibilidade e evitar riscos por acumulación de maleza.



2. Instalación de espellos de tráfico en dous puntos sinalados polos veciños:

- Na saída da igrexa de Saamasas, lugar habitual de tránsito de persoas e vehículos, especialmente durante actos relixiosos.



3. Limpeza de cunetas e beiravías, que presentan acumulación de terra e restos vexetais que dificultan a drenaxe e empeoran a seguridade viaria.

4. Mellora da iluminación pública, xa que existen farois que non funcionan correctamente, xerando zonas escuras en tramos de tránsito habitual.

5. Revisión do sistema de abastecemento de auga, xa que os veciños denuncian roturas frecuentes en tubaxes por mor da presión excesiva da auga.

6. Limpeza regular das beirarrúas, que actualmente presentan un nivel de mantemento insuficiente, con presenza de follas, restos e sucidade acumulada.

Estas actuacións son sinxelas pero fundamentais para garantir unhas condicións de vida dignas, seguras e saudables para a veciñanza.

Solicitamos, pois, que se atendan no menor prazo posible e se informe sobre o seu estado de tramitación.

EXCMO. SR. ALCALDE: Formula o rogo, señora Candia cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas de novo.

Se antes traíamos a Pleno o esquecemento do barrio do Castiñeiro, definido así polos propios veciños, hoxe traemos tamén o esquecemento de outro barrio importante que é As Saamasas. Algunhas das cousas afectan a restablecer a seguridade no barrio e outras son máis de estético e de coidado, pero en todo caso son uns veciños que pagan os seus impostos e que forman parte deste maravilloso concello.

Rogamos que desbrocen de vexetación ás inmediacións do muro de contención e das vías de acceso, algunhas realmente están absolutamente intransitables co perigo pois nun día coma hoxe con estas temperaturas que pode conlevar ata en materia de incendios, que se instalen espellos en dous puntos sinalados polos veciños que lle fixemos achega para que poidan contrastar a súa necesidade, que puiden comprobar in situ; a limpeza de cunetas e beirarrúas, que ten francamente unha acumulación de terra e de restos vexetais que dificultan a drenaxe, outro tema tamén moi a ter en conta na nosa cidade, que está francamente esquecido e que acaba provocando inundacións; solicitamos mellora na iluminación pública, existen farolas que non funcionan correctamente e xeran zonas escuras en tramos de tránsito habitual; revisión do sistema de abastecemento de auga -sabemos que hai unha licitación en marcha, pero denuncian que de maneira constante hai roturas e iso provoca a falta de subministración-; limpeza regular das beirarrúas, que actualmente presentan un nivel de mantemento insuficiente con presenza de follas, restos e suciedade acumulada. Isto podía repetirse en moitos máis barrios da cidade -hoxe tocoulle As Saamasas- que merecen ser tratados con dignidade e xustiza.

Estamos nun contexto onde a subida de impostos afoga tamén ás economías lucenses, onde teñen que pagar máis polo IBI, pola auga e, na maioría dos tramos, da plusvalía, e non pasa nada se hai un incremento tamén do retorno na prestación dos servizos, como dicimos cando analizamos a situación de endebedamento. A débeda é un instrumento para acometer, por suposto, investimentos e melloras, pero pedir esforzo aos lucenses de hoxe...

EXCMO. SR. ALCALDE: Este é un rogo e me gustaría...

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ...Estou no meu tempo señor alcalde...

EXCMO. SR. ALCALDE: Si pero...

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ...despois di que ten que xogar a partida para descrisparse pero a min non me deixa falar...

EXCMO. SR. ALCALDE: Debe formular...se quere outro debate pois facémolo...

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ...non non é outro debate, eu estou no meu turno de palabra.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pídlle por favor que se cinga ao motivo do rogo que así está regulamentado na nosa normativa.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ...ten unha relación absolutamente directa porque vostedes dixeron que era por falta de recursos. Eu estoulle explicando onde teñen os recursos e estoulle dicindo que está pedindo un esforzo a moitos veciños desta cidade cando ten os servizos básicos e actividades do día a día están vulnerando a

súa seguridade e a súa tranquilidade, e iso é unha deixadez de funcións, nomeadamente da súa área, na que leva moitos anos sendo responsable. Sei que non lle gusta e oxalá puidese darlle aquí as felicidades por ter todo impecable, pero nas Saamasas non é o caso.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, rematou o seu tempo. Moitas grazas. Contesta o señor Alex Penas.

DON ALEXANDRE PENAS SAAVEDRA: Moitas gracias, alcalde. Nós tamén falamos cos veciños das Saamasas e, ben, traballamos con eles como con outros barrios, e si que nos teñen comentado algunhas deficiencias que se solucionaron, se hai algunha máis, desde logo, as teremos en consideración, como non pode ser doutra maneira.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, seguinte rogo.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 197/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á ACTUALIZACIÓN URGENTE DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN E CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE O USO DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VPM).- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Nos últimos anos, os vehículos de mobilidade persoal (VMP), como os patinetes eléctricos, convertéronse nun elemento habitual na mobilidade urbana da nosa cidade. A súa presenza crecente nas rúas de Lugo require unha resposta clara e actualizada por parte da Administración local, tanto no ámbito normativo como no da información cidadá.

Cómpre lembrar que, no ano 2019, D. Rubén Arroxo, como responsable do área de Mobilidade do Concello de Lugo, anunciou o inicio do proceso para adaptar a Ordenanza municipal de circulación á realidade dos VMP, en liña coas directrices da Dirección Xeral de Tráfico. Porén, ata o momento, Lugo segue sen contar cunha ordenanza adaptada á nova realidade, o que contribúe ao descoñecemento normativo, á inseguridade viaria e ao aumento das infraccións. Así o demostran os datos recentes: entre xaneiro de 2024 e xuño de 2025, a Policía Local tramitou 272 sancións relacionadas con estes vehículos.

Con base no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular formula, ante o Pleno, o seguinte ROGO:

1. Que se proceda de inmediato á modificación da Ordenanza municipal de circulación para incorporar, sen máis atrasos, unha regulación específica, clara e actualizada sobre os vehículos de mobilidade persoal (VMP), adaptada tanto á normativa estatal como á realidade concreta da cidade de Lugo.

2. Que se introduzan na ordenanza municipal medidas como a obriga do uso do casco e a contratación dun seguro de responsabilidade civil para os usuarios de VMP, seguindo as recomendacións dos corpos de seguridade e en liña coas boas prácticas xa aplicadas noutras cidades.
3. Que, mentres non se aproba a nova ordenanza, se reforce a campaña informativa e educativa sobre o uso correcto dos VMP, para reducir riscos e garantir unha mobilidade segura para todas as persoas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, formula o rogo a señora Colmenero. Cando queira.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias señor alcalde. Buenos días a todos y a todas.

En los últimos años los patinetes eléctricos han proliferado y se han convertido en parte habitual de la movilidad diaria de los barrios de Lugo. Estos vehículos, clasificados como vehículos de movilidad persoal, son una alternativa de transporte práctica, sostenible y también económica, sin embargo su uso también ha traído consigo importantes problemas de seguridad, falta de claridad

normativa y nuevos conflictos en la convivencia diaria dentro del espacio público. Según ha recogido recientemente la prensa, se han tramitado en este último año y medio una media de 15 multas al mes, a lo que se suman numerosas noticias de incidentes de atropellos a peatones, colisiones y daños materiales que evidencian una preocupante falta de control y seguridad en el uso de estos vehículos. Desde el Grupo Municipal Popular lanzamos hoy en este Pleno un llamamiento claro y urgente a la responsabilidad institucional.

Lugo vive una situación de auténtico caos circulatorio y no sólo provocado por las interminables obras que afectan a diversas calles y que ya de por sí alteran profundamente la movilidad, sino también por la falta de una normativa precisa y actualizada sobre patinetes eléctricos. Cabe recordar que hace más de un año y medio, en una comisión a Pleno se nos trasladó que el borrador de la nueva ordenanza municipal estaba prácticamente listo pero que su aprobación se aplazaba hasta que concluyeran las obras del centro, obras cuyo remate estaba previsto entre diciembre del año veintitrés y abril del año pasado. El evidente retraso que arrastraron estas obras o arrastran en algunas zonas, más de catorce meses de demora acumulada no pueden ser unha excusa para la parálisis normativa. La nueva ordenanza de circulación debiera estar lista ya desde hace meses y su debate y aprobación debiera estar llevándose ya a cabo en este Pleno.

En cuanto a lo que dispone la normativa estatal y local en relación con los patinetes eléctricos, me gustaría hacer dos puntualizaciones en esta intervención que avalan la urgencia de que esta ordenanza se traiga ya al seno de este Pleno. Por un lado, desde el año 2021, la DGT prohíbe expresamente a los patinetes eléctricos que circulen por aceras y zonas peatonales, sin embargo, nuestra ordenanza peatonal sí que obliga a estos dispositivos a circular por estos espacios y, por otro lado, el

Reglamento General de circulación permite a los patinetes que usen los carriles bici, si así lo recoge la ordenanza municipal y nuestra ordenanza local no lo recoge y sería sensato establecer este uso.

Desde el Grupo municipal, acabo ya que se se me acaba el tiempo, solicitamos que se agilice la tramitación de la ordenanza municipal de circulación en lo que respecta a estos vehículos.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois moitas grazas, señora Colmenero e tén a palabra o señor Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas e bo día.

Home, dicir na intervención que non hai ningún control e que se pide o control e á vez se di que hai 15 sancións ó mes pois é unha incoherencia, porque unha cousa ou outra, pero as dúas á vez non poden ser, ou hai control ou non o hai. En todo caso, hai control, efectivamente, aquí a propia proposición do Partido Popular o recolle, que hai 272 sancións en ano e medio. Efectivamente a finais de 2019 díxose que se ía facer unha modificación puntual da ordenanza para recoller iso. Unhas semanas despois a propia Dirección Xeral de Tráfico xa anunciou que o ía regular. Estivemos agardando a que o regúlase e o que marca sempre, por prioridade é as directrices que marca a Dirección Xeral de tráfico. Entón estanse sancionando en base ao que marcan as directrices da Dirección Xeral de Tráfico, que é que os patinetes -os vehículos de mobilidade persoal- non poden circular nin por zonas peonís nin por beirarrúas.

Evidentemente na modificación da ordenanza se van contemplar estas casuísticas, pero a día de hoxe a normativa está clara, é a que se aplica e así é como se sanciona e, de feito, os usuarios sábeno dende hai moito tempo, outra cousa é que, como en todo, hai quen se saltou un stop, quen se salta os semáforos en vermello e quen vai cun patinete pola zona peonil. Entón esa é a xente á que se lle multa.

EXMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas... Pois o último rogo.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 198/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTUDEN E SE POÑAN EN MARCHA MEDIDAS ORGANIZATIVAS QUE PERMITAN MELLORAR O ACCESO VISUAL ÁS DISTINTAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS DURANTE O ARDE LUCUS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Unha vez finalizado o Arde Lucus, recoñecendo o esforzo realizado polas distintas asociacións de recreación histórica e o valor cultural, histórico e turístico que este evento representa para a nosa cidade, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se estuden e se poñan en marcha medidas organizativas que permitan mellorar o acceso visual ás distintas actividades programadas durante o Arde Lucus. En especial, naqueles espazos onde a orografía do terreo, o reducido tamaño ou a elevada concentración de público

dificultan que todas as persoas asistentes poidan gozar axeitadamente dos espectáculos.

Neste sentido, propónse que se valore a instalación de bancadas, pantallas xigantes ou outros dispositivos de apoio visual, que favorezan unha experiencia máis inclusiva, cómoda e accesible para todos os públicos, incluídas as persoas maiores, crianzas e persoas con diversidade funcional.

Así mesmo, o rogo faise extensivo a que o Concello traballe para que o Arde Lucus sexa unha festa verdadeiramente inclusiva, dotando de medidas específicas que garantan o acceso seguro e cómodo das persoas con mobilidade reducida. Isto podería incluír a adecuación de percorridos accesibles, zonas reservadas nos eventos máis concorridos, sinalización adaptada e puntos de información accesibles.

Estas medidas non só mellorarían a calidade da experiencia para as persoas asistentes, senón que reforzarían o compromiso do Concello cunha cultura accesible, igualitaria e respectuosa coa diversidade.

EXCMO. SR. ALCALDE: i... Ten a palabra o señor Gallego, cando queira.

DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO: Grazas, señor presidente. Unha finalizado o Arde Lucus, recoñecendo o esforzo realizado polas distintas asociacións de recreación histórica e valor cultural, histórico e turístico que representa este evento para a nosa cidade, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, presentamos este rogo a Pleno para que se estude poñer en marcha medidas organizativas, que permitan mellorar o acceso visual a distintas actividades programadas durante o Arde Lucus, en especial naqueles espazos, onde a orografía do terreo, e reducindo o tamaño da elevada concentración de público dificultan que todas as persoas asistentes poidan gozar da axeitada visibilidade do espectáculo. Neste sentido, propónse que se valore a instalación de graderíos, pantallas xigantes, ou de outros dispositivos de apoio visual que favorezan unha experiencia máis inclusiva, cómoda e accesible para todos os públicos, incluídas as das persoas maiores, as das crianzas e as das persoas con diversidade funcional.

Así mesmo este rogo faise extensivo a que o Concello traballe para que o Arde Lucus sexa unha festa verdadeiramente inclusiva dotando de medidas específicas que garantan o acceso seguro e cómodo das persoas maiores, ou persoas con discapacidade ou que teñan mobilidade reducida. Isto podería incluír a adecuación de percorridos accesibles, zonas reservadas para eventos máis concorridos, sinalización e a adaptación de puntos de información máis accesibles. Estas medidas non só mellorarían a calidade da experiencia para as persoas asistentes, senón que reforzaría o compromiso deste Concello cunha cultura accesible, igualitaria e respectuosa coa diversidade. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas señor Gallego e contéstalle agora o señor Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Sí, sí. Moitas grazas señor alcalde. Laméntoo, señor Gallego, pero teño que poñerme duro neste rogo, máis que nada porque, primeiro, cando estou a ler o rogo, que argumentades pois o primeiro que teño que dicir é que me parece, ben, muy despistado, que só menciona esforzos das asociacións de recreación histórica. É máis, porque hai uns meses mándanse uns e-mails ás xefaturas de servizo preocupándose polos traballadores en nome do Partido Popular deste Concello para ver que pode mellorar nos seus servizos, e agora resulta que neste rogo olvídanse completamente dos traballadores e as traballadoras municipais que estiveron varios meses facendo labores organizativas: Protección civil, Policía Local, Bombeiros, Enxeñería, Medio Ambiente, Augas, Deportes, Xuventude. Entón ben cando facemos a proposición hai que mencionar tamén todo o compendio de xente que está traballando. Agora ben, dentro dos itinerarios e dentro das actividades do Arde Lucus, pois informarlle que todos os percorridos son consensuados con Bombeiros ou Policía Local e son accesibles. Si que é verdade que a visibilidade nalgúns actos pode ser máis complexa, pero cada ano vamos actualizando e imos recollendo o feedback que recibimos tanto das asociacións, como da xente que para pola rúa, como a a nós cando nos paran pola rúa pois presentándonos as cousas a mellorar. E proba diso, pois este ano o acto da Ponte pois trasladouse ós xardíns do Pazo de Feiras, igual que o acto da Mosqueira, que antes era en Villa de Foz e agora é na Mosqueira tamén. Entón neste sentido estamos a traballar e despois en canto incluír algún tipo de visualización, en canto á pantalla xigante, aquí si que teño que poñerme serio, porque sabe por que o Concello non pode poñer unha pantalla de tres por dous? Porque non chegan os cartos. Sabes canto dá a Xunta de Galicia á festa do Arde Lucus? Son 40.000 euros. E sabes por que digo isto? Porque eu espero unha man, unha proposición, rogo ou algo de vostedes instando á Xunta de Galicia a que por fin teña a consideración do Arde Lucus de "Festa de interese turístico internacional". E digo isto porque, e síntoo porque aquí teño que referirme á señora Carballas que o dixo antes, e hai que ler a orde de subvencións, en concreto artigo 22 da Lei de subvencións, porque tanto a subvención nominativa é tan válida como os patrocinios, os contratos de patrocinios. E dígoo porque teño aquí a plataforma dos Contratos Públicos de Galicia, onde podemos ver que a moitas festas de Galicia dáselles 145.000 euros, 350.000, 175.000, 393.000. Claro, 40.000 euros en comparación a 393.000, 40.000 euros ao mellor danos para tres días de "Mata de xigante" na Praza de Santa María, pero claro e que facemos co resto da festa. As normativas cambiaron as gradas agora mesmo teñen que figurar de xeito individual, tamén cambiou a festa e na súa predisposición tamén cambiou, porque hai que poñer seguridade privada aos campamentos para que a xente...como hai tanta xente na cidade, non teña a posibilidade de poder vandalizar os campamentos... entón teñen que axudarnos.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 199/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO PLAN DE

PREVENCIÓN E CONTROL DE LEXIONELA (PPCL) DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O RD 487/22 polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexielose indica que o ámbito da súa aplicación “son as instalacións que poden ser susceptibles de converterse en focos de exposición humana a esta bacteria”. É dicir, é de aplicación naquelas instalacións que empreguen auga no seu funcionamento e produza, ou sexa susceptible de producir, aerosois que poidan supoñer un risco para a saúde da poboación.

Así mesmo, este RD indica que a persoa responsable da instalación será a responsable de elaborar o Plan de prevención e control de lexielose (PPCL), que ademais debe ser revisado e actualizado de forma periódica. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

Que instalacións deportivas municipais actualizaron o Plan de prevención e control de lexielose (PPCL)?

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra o señor Carballo. Cando queira.

DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ: Grazas, alcalde.

Ben, bo día a todas e a todos. O Real decreto 487/2022, do 21 de xuño, establece os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexielose, unha enfermidade que pode ter consecuencias graves para a saúde, especialmente para as persoas vulnerables.

Este Real decreto especifica claramente que o seu ámbito de aplicación alberga todas aquelas instalacións que utilicen auga no seu funcionamento e poidan xerar aerosois, o que inclúe, sen dúbida, moitas das nosas instalacións municipais. Así mesmo, a norma establece que é responsabilidade da persoa titular ou responsable da instalación elaborar e manter actualizado un plan de prevención e control da lexielose como medida preventiva esencial. Dende o noso grupo consideramos que a prevención é clave para garantir a saúde pública e que é fundamental asegurar o cumprimento estrito desta normativa ás instalacións de uso colectivo. Por todo isto formulamos a seguinte pregunta ao Goberno municipal:

Qué instalacións deportivas municipais teñen actualizado a día de hoxe o plan de prevención e control de lexielose conforme ao establecido no Real decreto? Con esta pregunta non pretendemos sinalar deficiencias, senón exercer a nosa responsabilidade, control e colaboración institucional e contribuír a garantir que os espazos municipais sexan seguros e cumpran con estándares esixidos polas autoridades sanitarias. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Carballo. Respóstalle o concelleiro Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde e ben, señor Carballo, para cada instalación deportiva existe xa un PPCL que está en fase de revisión,

porque, claro, adaptarse ao novo cambio normativo, como vostede sabe, pois a normativa legionela cambiou do vinte e dous ó vinte e catro, establece a obrigatoriedade de elaborar...pois para cada instalación incluída no ámbito de aplicación, un plan de control de lexionela. En cada instalación temos xa un plan de protección contra a lexionela, pero estamos actualizando, e ben, aclarar que os traballos de limpeza e desinfección das instalacións, así como as determinacións analíticas preceptivas da lexionela e demais parámetros obrigatorios estanse levando a cabo con periodicidade para garantir o correcto funcionamento e seguridade de todos os usuarios deportivos que están nas instalacións. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Pasamos agora á seguinte pregunta.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 200/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS ACTIVIDADES E PROGRAMACIÓN DO COLIVING ARTÍSTICO MUNICIPAL NO BARRIO DO CARME.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O coliving artístico municipal situado no barrio do Carme presentouse como catalizador da creatividade e do desenvolvemento profesional no ámbito artístico e cultural, así como rexenerador desa zona estratéxica de Lugo.

O 27 de xuño de 2025, cúmprese un ano desde a súa inauguración, polo que toca facer balance e mirar cara ao futuro. Con base no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

- Que actividades se fixeron dende a súa inauguración e cales teñen programadas para o futuro?

EXCMO. SR. ALCALDE: Formula a pregunta a señora Mar Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: O coliving artístico municipal situado no barrio do Carme presentouse como catalizador da creatividade e do desenvolvemento profesional no ámbito artístico e cultural, así como rexenerador desa zona estratéxica de Lugo. Segundo o propio Goberno, o obxectivo do coliving é impulsar e por en valor o patrimonio de Lugo desde diferentes perspectivas. Os artistas convivirían e traballarían no inmovible, onde recibirían formación doutros artistas de éxito e tamén sobre emprendemento. O concelleiro de Área afirmaba que en cada edición do programa coliving conformarase un comité de profesionais do mundo do arte con recoñecido prestixio para a selección de mentores e de bolseiros. Os mentores seleccionados abrirían un diálogo con artistas en busca de formas, ferramentas e procesos propios do lugar. No ano 2019, fai seis anos, cando fixeron unha presentación da obra, anunciaron e leo textualmente: *Estamos a traballar nas bases polas que entregaremos bolsas anuais de axuda á produción, outorgaranse un total de catro alumnos durante catro meses, coa consecuente presentación de resultados. A casa disporá dun espazo exterior con programación cultural e as obras dos artistas venderanse no coliving da Tinería, xa que nace*

como proxecto autosostible. O 27 de xuño de 2025 se cumpriu un ano desde a súa inauguración, polo que toca facer balance e mirar cara ao futuro. Do anunciado nada se fixo, por elo, en base ao anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante este Pleno a seguinte pregunta: Que actividades se fixeron dende a súa inauguración e cales teñen programadas para o futuro? Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas e respóndelle a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois moi ben. No coliving do Carme xa se acolleron preto de vinte actividades dende a súa inauguración de diversa índole: obradoiros infantís, exposicións, concertos ou charlas e debates, entre outros. Por mencionar algún obradoiro o de “Herbiñas en residencia”, de sesións de escoita de axentes colectivos culturais da cidade, o obradoiro de creación plástica contemporánea, o Gran Teatro da Natureza, o evento da presentación da Campaña 24-25, a actuación da banda “Virtua Tennis” e a actuación de DJ “Galician Army” - perdón se pronunciei mal!-, e a exposición da obra “Distinta pero a mesma”, a xornada de portas abertas polo Día Internacional do Artista, sesións en residencias artísticas para a creación de lugares vínculos nos que os axentes culturais facían referencia e compartiron as súas visións, actividades polo Samaín, a sesión de boas prácticas culturais en residencias artísticas e, proximamente, aprobarase definitivamente ese regulamento, tan necesario, de uso interno deste espazo como sede da primeira residencia artística do Concello de Lugo, que pretende becar artistas que convivan neste edificio ao tempo que se seguen desenvolvendo actividades e eventos nesa localización. Está previsto que esta residencia se poña en marcha finalizado o verán, previa difusión e divulgación da convocatoria cando proceda.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas. Seguinte pregunta.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 201/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA EXCLUSIÓN DOS CENTROS DE ENSINO CONCERTADO NA PROGRAMACIÓN DOS CONCERTOS DIDÁCTICOS DA BANDA MUNICIPAL E NAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS O ALUMNADO DENTRO DO CERTAME LUGO MÁXICO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, queremos expresar a nosa preocupación pola exclusión dos centros de ensino concertado das actividades dos concertos didácticos da Banda Municipal e do certame Lugo Máximo. Estas iniciativas culturais e educativas, financiadas con fondos públicos, foron dirixidas aos centros da cidade, pero sen contar cos concertados.

Por isto, este grupo municipal presenta a seguinte pregunta a Pleno:

Por que motivo o Concello de Lugo non incluíu os centros de ensino concertado da cidade na programación dos concertos didácticos nin nas actividades dirixidas ao alumnado dentro do certame Lugo Máximo?

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, ten a palabra o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Muy buenos días, muchas gracias, señor alcalde. Recientemente coñocíamos que, desde este Concello, se organizaron y se patrocinaron dos actividades concernientes a Lugo Máxico y dos concertos didácticos, dos actividades de carácter educativo y de carácter lúdico, ambas ellas; comprobábamos, eso sí, que en ninguna de estas actividades estaban incluídos los centros educativos sostenidos con fondos públicos, los centros concertados. La pregunta es muy sencilla: ¿Cuál es el motivo por el cual los centros educativos concertados de la ciudad quedaron fuera de estas actividades tanto lúdicas como educativas cuando son actividades sostenidas con fondos públicos? Muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, pois resposta a señora Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIXO TALLÓN: Grazas alcalde.

Ben, pois quedaron colexios privados, concertados e públicos porque podo dicir que, por exemplo nos concertos didácticos, que foi ademais este ano a primeira vez que se volveu a retomar esa actividade coa incorporación do director da banda, pois fomos a 11 colexios públicos, un deles unha escola infantil especial e a dúas escolas infantís. En canto ás actividades do Lugo Máxico pois pasou o mesmo, intentamos levala ao maior número de lugares posibles. Foron a sete institutos, ó hospital -ó HULA-, pero despois tamén se fixeron actividades en prazas públicas no que estaban esas prazas preto de colexios e foi unha posibilidade tamén de achegar a maxia a todos os nenos e as nenas en todos os espazos de Lugo porque estiveron na Praza da Milagrosa, estiveron no HULA, na Mosqueira, no Vello Cárcere, na Praza Maior, polo tanto, foi o que puidemos facer e quedaron os concertados como quedaron moitos públicos e é a posibilidade que hai de facelos e para outro anos tocaralles seguramente. Grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Seguinte pregunta.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 202/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA E A MOBILIDADE NO NÚCLEO DE GALEGOS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O núcleo de Galegos é unha das principais vías de acceso ao Hospital Universitario Lucus Augusti, o que supón unha elevada circulación de vehículos e unha importante presenza de peóns.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a Pleno a seguinte pregunta:

Que medidas concretas ten previsto adoptar o goberno municipal para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade nesta zona especialmente sensible?

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, a señora Candia ten a palabra.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: En primeiro lugar, se mo permite e tendo en conta co que foi ata hai moi pouquiño o presidente da Asociación Veciñal de Galegos, faleceu onte, gustárame...que foi ademais unha persoa moi defensora do que agora vou a preguntar, pois ter un agarimoso recordo e enviarlle un afecto á familia e veciños porque persoas coma el axúdannos a que construíamos entre todos un Lugo mellor, refírome a Juan de Galegos, que en paz descanse.

Dito isto e leva traballado, como dicía, moito nesta reivindicación, unha vez que se puxo en funcionamento o Hospital Lucus Augusti e moitos usuarios e traballadores empregan esa vía para chegar máis rápido a este hospital, a seguridade e a convivencia entre vehículos e persoas pois, a verdade é que se dificultou no barrio de Galegos. Cónstame que foi unha das reivindicacións todas e cada unha das veces que puidemos facer alí algunha reunión onde pedíamos as súas inquiredanzas e as súas aportacións, e tamén nos consta que a día de hoxe segue sen coñecer, e aí vai a pregunta: Que medidas concretas ten previsto adoptar o Goberno municipal para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade nesta zona especialmente sensible e moi importante, tendo en conta os aspectos que antes mencionei?. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Candia, ten a palabra agora o compañeiro Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas.

Ao respecto do barrio de Galegos pois nos últimos anos tivemos moitas xuntanzas, algunhas moi numerosas, con máis de 60 veciños nas que participaron, nas que se trouxeron unha serie de cuestións que se foron executando nos últimos tempos: rúa Fondal, rúa Ripanzo, etcétera, etcétera, e

moitas delas nas que había problemas e que se executaron, de feito non hai tanto tivemos algunha máis nas que apareceron novas cuestións que xa están

programadas para levar a cabo. Entón nós todo o que nos achegan os veciños o estamos a levar. Temos unha folla de ruta. En todo caso, claro, dende o Concello estamos cumprindo. Eu antes estaba lendo aquí unha nota de prensa do 22 de outubro do ano 2021, que di o seguinte: A Xunta proxecta unha senda peonil para unir a intermodal de Lugo co HULA a través de Galegos, e fala de que destina 280.000 euros para obras de mobilidade sostible na cidade, nas cales pois hai unha partida para esta senda peonil que melloraría a seguridade tanto peonil como ciclista, para unir a futura intermodal co HULA pois a través do barrio de Galegos - 22 de outubro do ano 2021-. Nós o que quedamos cos veciños fómolos executando todo en prazos razoables, e pedímoslle tamén á Xunta de Galiza que iso que anunciou o 22 de xuño do 2021 de crear unha senda peonil segura e unha senda ciclista a través de Galegos pois que tamén que a executen.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas señor Arroxó. Seguinte punto, señora secretaria.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI+.- De conformidade coa proposta da Alcaldía, do 26 de xuño de 2025, o Excmo. Concello Pleno formula a seguinte declaración institucional:

Declaración Institucional Día do Orgullo

Como cada ano, o Concello de Lugo conmemora o Día Internacional do Orgullo LGTBI, neste 2025 sumámonos ao lema estatal “20 anos avanzando en dereitos: nin un paso atrás”.

O Concello de Lugo, como institución que vela polos dereitos das persoas, reivindica a importancia da celebración e conmemoración do Día Internacional do Orgullo (LGTBI+) que se remonta ao ano 1969, logo das revoltas que se produciron no barrio neoiroquino de Greenwich Village, no bar Stonewall. Reivindicación necesaria, xa que na actualidade estamos a vivir un preocupante aumento de delitos de odio, entre eles a LGTBIfobia, que son unha ameaza directa contra a democracia e os dereitos humanos.

No Concello de Lugo entendemos esta data como unha oportunidade para visibilizar os dereitos das persoas, para reflexionar e recoñecer os avances logrados nos últimos anos, e sobre todo, para seguir loitando todos xuntos e xuntas para non perder nin un só dereito dos alcanzados ata o momento. Precisamente este ano cúmprese 20 anos da lei que permitiu o matrimonio igualitario e a adopción conxunta de parellas homosexuais, que conviriu a España nun dos países máis avanzados do mundo en canto a dereitos civís.

Neste Concello temos un firme compromiso cos valores democráticos de igualdade, respecto, liberdade e dignidade e como goberno municipal, a obriga de promocionar entornos seguros, inclusivos e respectuosos, e entendemos a diversidade como un valor que nos enriquece como sociedade e como cidade. E temos a obriga de loitar contra os delitos de odio, que como nomeamos antes se atopan á alza.

O Concello de Lugo é inminentemente rural, con 54 parroquias, e é de especial importancia loitar polos servizos públicos que fagan desaparecer a fenda que separa o rural das cidades para que o municipio de Lugo sexa un entorno seguro no que vivir en liberdade e igualdade, con acceso a unha educación inclusiva que forme e eduque en tolerancia dende a infancia.

Instamos á tolerancia, á igualdade e á dignidade das persoas independentemente da súa orientación sexual, identidade ou raza. O Concello de Lugo seguirá traballando para acadar un mundo “sen armarios”, por unha vida digna e en liberdade.

Por iso, queremos que esta Declaración Institucional sirva para reafirmar o compromiso do noso Concello coa defensa da liberdade, da igualdade e do respecto ao próximo. Lugo é diversidade, e Lugo somos todos e todas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día trinta de xuño de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.